



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 11

Sesión Plenaria
16 de xaneiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (doc. núm. 1968, 10/PL-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24, do 03.12.2016

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 34, do 23.12.2016

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 03.01.2017

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (doc. núm. 1969, 10/PL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24, do 03.12.2016

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 26, do 07.12.2016

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 40, do 04.01.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dezoito minutos da mañá.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. (Punto pimeiro da orde do día)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

Defensa das emendas: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 14.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 22.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 31.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 47.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 53.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 56.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 59.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 62.)

Votación das emendas do Grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2478) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2518) do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2534) do G. P. de En Marea: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

Votación das emendas á totalidade números 1 a 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación das emendas á totalidade números 1 a 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación das emendas á totalidade números 1 a 31 do G. P. de En Marea, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Suspéndese a sesión ás trece e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 68.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 72.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 77.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 83.)*

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 89.)*

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 93.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 94.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 97.)*

Intervención da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 99.)*

Votación das emendas do Grupo II***Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos***

Votación das emendas números 1 a 3 (doc. núm. 2569 e corrección de erros 2613) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que modifican a contía global dos orzamentos: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que modifica a contía global dos orzamentos: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2535 e corrección de erros 2595) do G. P. de En Marea, que modifica a contía global dos orzamentos: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación das emendas que transfiren créditos entre seccións

Votación das emendas números 4 a 35 (doc. núm. 2569 e corrección de erros 2613) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que transfiren créditos entre seccións: *rexeitadas por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 101.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que transfire créditos entre seccións: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2535 e corrección de erros 2595) do G. P. de En Marea, que transfire créditos entre seccións: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
(Punto segundo da orde do día)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 102.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 107.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 111.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 115.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 120.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 125.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 127.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 128.)

(O señor conselleiro de Facenda renuncia a intervir para pechar o debate.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2495), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2532), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea (doc. núm. 2533), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Remata a sesión ás sete e trinta minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e dezaoto minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Imos dar comezo á sesión.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procederemos á súa lectura. Xustificaron a inasistencia a este pleno don Luis Bará, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por causas familiares, e don Antonio Mouriño, deputado do Grupo Parlamentario Popular, por un problema de saúde.

Entramos na orde do día, no punto 1.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Para presentar o proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García. Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o 2017. O Goberno galego trae á Cámara unhas contas con tres obxectivos fundamentais: consolidar a recuperación económica; afondar na creación, cada vez, de máis e mellor emprego, e atender de maneira prioritaria os colectivos que aínda sofren os efectos da durísima crise económica dos últimos anos.

Son uns orzamentos moi importantes, porque son os primeiros dunha lexislatura na que se ten que completar de maneira universal unha recuperación económica que cada vez beneficie a máis galegos e galegas, pero que aínda non chega moito aos outros. Estes últimos, os que pasan maiores dificultades —insisto—, serán a prioridade do Goberno galego, non só este ano, senón durante os vindeiros catro exercicios.

Señorías, temos feito moito, pero resta moito por facer. Para poder acometer todo o que resta por facer, temos xa trazada a folla de ruta para os vindeiros catro anos. Contamos cun instrumento: o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e temos dous retos principais: un crecemento sostido medio anual sobre o 2,5 % do PIB e conseguir crear entre 80 e 100.000 novos empregos para rebaixar a taxa de paro ao final desta década tamén sobre o 10 %.

E xa podemos dicir, con satisfacción, que no primeiro ano deste plan estratéxico se cumpriu este obxectivo, pois o crecemento en 2016 superou o 3,1 % e creáronse 20.000 empregos. E para seguir cumprindo este obxectivo en 2017 non traemos palabras, senón cifras, como logo detallarei. Con esta evolución, este ano teremos máis de 240 millóns de euros adicionais

para executar as políticas prioritarias do Goberno: o gasto social, o fomento do emprego de calidade e o investimento produtivo. Vexamos en que contexto se elaboran estas contas.

Señorías, tal e como teño reiterado, pasamos moitas dificultades e aínda non están superadas todas, pero podemos afirmar con obxectividade —coa obxectividade que nos achegan os datos— que Galicia está hoxe no mellor momento económico dos últimos oito anos. Os datos do terceiro trimestre deste ano constatan que o PIB medrou un 0,9 % en taxa intertrimestral e un 3,3 % en taxa interanual. Estas cifras, boas por si mesmas, cobran maior relevancia cando constatan que a economía galega está comportándose mellor que a española; algúns datos proban este mellor comportamento.

A economía galega medra a un ritmo do 3,3 % —unha décima por riba do que o está facendo a economía española—, no último trimestre o crecemento foi do 0,9 % —dúas décimas mellor que a media— e Galicia é a segunda comunidade na que máis medrou en 2016 a produción na industria —ata novembro un 4,7 %—, máis do dobre do conxunto de comunidades autónomas.

E Galicia tamén é a comunidade que lidera a facturación do sector servizos cun 9 % de aumento ata outubro, máis do dobre que a media. E o ritmo exportador de Galicia bate o seu récord ano a ano, pois en 2016 medrou un 4,3 % tamén ata outubro, catro veces máis que a media. Ademais, a confianza dos fogares galegos segue mellorando e no último trimestre subiu case 6 puntos en relación co ano anterior.

Podería seguir achegando datos, pero o máis relevante é que estamos a cumprir o reto de que en Galicia se consolide un modelo propio de crecemento, un crecemento san; porque mantemos unha mellora continuada e progresiva da taxa de crecemento e en apenas tres anos multiplicamos por tres o noso crecemento.

Por iso, estes novos orzamentos buscan reforzar este crecemento san con actuacións como a prioridade do fomento do emprego de calidade, cun aumento dos recursos nun 15 %; a consolidación da maior rebaixa fiscal da autonomía de Galicia; o reforzo do investimento produtivo; o fortalecemento dos servizos públicos, e a inclusión social e a loita contra a desigualdade.

Señorías, nas contas deste ano presentamos un cadro macroeconómico moi equilibrado, seguiremos consolidando o avance do PIB, cun crecemento do 2,4 % —case un punto máis que a media das economías da zona euro— e cunha importante redución da taxa de paro de case dous puntos, que deixará este no 15,6 %.

Poderán ou non estar de acordo con estas estimacións, pero o que non poderán poñer en cuestión é que son moi prudentes, porque este goberno traballa con prudencia e con realismo. Podemos reafirmalo un ano máis coa experiencia acumulada dos anteriores. Lembraranse vostedes que cando presentamos as contas de 2015 os grupos da oposición cuestionaban que Galicia medrase un 2 %. Pois ben, o peche do ano confirmou que o crecemento do PIB foi moi superior ao estimado nos orzamentos.

De igual xeito, con motivo do debate das contas para 2016 a oposición non cría que Galicia crecese un 2,5 %. Pois ben, a realidade é que o dato final confirmará que medrou por riba do

3,1 %. Por iso, insisto en que para este ano 2017 tamén facemos previsións prudentes para que o orzamento estea baseado en estimacións certas, polo que non descartamos melloralas, sobre todo se non se producen determinados efectos negativos, como poden ser o déficit ou certo nivel de autarquía ao nivel internacional, ou determinados niveis no prezo do petróleo.

En canto ao emprego, o obxectivo é que neste exercicio outros 20.000 galegos e galegas atopen un posto de traballo e que a taxa de paro baixe case 2 puntos, e neste exercicio tamén seguiremos rebaixando o déficit público e o endebedamento.

Cada ano temos que recorrer a menos financiamento adicional aos nosos ingresos correntes, e, polo tanto, cada ano temos que recorrer, en menor medida, ao endebedamento. Estamos comprometidos coa estabilidade orzamentaria e coa consolidación fiscal. Desde 2009, o déficit de Galicia foi 6 puntos inferior á media, con consecuencias moi positivas, pois evitamos incrementar a nosa débeda en 3.600 millóns de euros. E no ano 2017 continuaremos reducindo o déficit público, esta vez dúas décimas, do 0,7 % ao 0,5 %. Ao respecto —reitero o dito—, Galicia analizará con prudencia a potencialidade de gasto que nos ofrece a ampliación do obxectivo de déficit ao 0,6 % do PIB.

Na última lexislatura Galicia foi a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento; máis alá de liderar un ránking, este xa de por si moi positivo, o endebedamento per cápita é máis de 1.900 euros inferior á media, cando antes da crise era practicamente idéntico. Tras lograr estabilizar o endebedamento no 2015 e no 2016, no que xa está totalmente mesetado, en 2017 reduciremos a ratio débeda-PIB ata o 18,8 %, polo que Galicia seguirá entre as comunidades con menos débeda de España.

De feito, Galicia é a única comunidade autónoma que reduciu o seu endebedamento no último ano, e ten unha ratio débeda-PIB case 6 puntos inferior á media, cando antes da crise estaba por riba. E mantemos intacta a nosa autonomía financeira para poder exercer de maneira plena o noso autogoberno.

E, ¿por que temos que seguir por esta senda? Porque é a que nos ten levado a estar hoxe consolidando a recuperación económica, unha recuperación na que estamos consolidando a mellora dos ingresos, un novo crecemento dos recursos do sistema de financiamento autónomo. Esta partida, que supón máis do 80 % do total de ingresos da comunidade, medrou en case 800 millóns de euros desde o ano 2014, froito, sen dúbida, da mellora da situación económica. En concreto, o ano que vén contaremos con 79 millóns de euros máis, o que supón un incremento do 1,2 %, ata os 6.815 millóns de euros.

Os capítulos de impostos manteranse en niveis similares ao 2016, xa que os maiores ingresos, froito da recuperación económica, se compensarán coas baixadas fiscais que seguimos aplicando. En total, os ingresos non financeiros medrarán en case 120 millóns de euros, un 1,4 % máis. E con estes ingresos este ano consolidaremos a maior rebaixa fiscal aprobada na historia de Galicia, para que en Galicia o 99 % dos contribuíntes sigan sen pagar o imposto de sucesións cando reciben unha herdanza dun familiar directo; para que o 98,5 % dos contribuíntes, aqueles con rendas baixas e medias, sigan pagando menos polo IRPF, e para manter o Programa de impostos cero no rural, que nos está permitindo dinamizar o dito medio.

En total, pechamos o ano pasado con 70.871 galegos exentos de pagar o imposto de sucesións e os impostos no rural. E para este ano, 2017, incluímos na Lei de medidas fiscais e administrativas unha nova decisión para afondar nas rebaixas selectivas de impostos e para incidir nun ámbito prioritario para o Goberno galego: o medio rural.

Eliminaremos os impostos para mozos, familias numerosas e discapacitados que merquen unha vivenda para vivir no rural. Polo tanto, vivir no rural é vivir do rural. Esta rebaixa aplicarase en todas as parroquias cualificadas como zonas pouco poboadas con intensidade media ou baixa, nas que é máis necesario recuperar poboación. Eliminaremos para estes colectivos os impostos de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados no 87 % do territorio. Ademais, executaremos un plan extraordinario de loita contra a fraude fiscal, co que agardamos ingresar uns 20 millóns de euros adicionais.

Outro piar importante no capítulo dos ingresos é o dos beneficios fiscais, aqueles ingresos que a Xunta deixa de ingresar para que revertan directamente nas familias e nos fogares galegos. En 2017 a Xunta de Galicia aplicará beneficios fiscais por un importe de 391 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,4 % respecto ao exercicio de 2016. Unha cantidade moi importante desde o punto de vista cuantitativo, pero máis relevante se temos en conta o cualitativo, pois preto do 92 % teñen carácter social.

Con estes ingresos para o vindeiro 2017 contaremos cun orzamento de gasto non financeiro de 9.045 millóns de euros, 241 máis que o ano pasado. A estes 9.045 millóns de euros hai que sumar outros 18 millóns en instrumentos financeiros dos fondos Feder que utilizaremos para financiar as pequenas e medianas empresas e o gasto en I+D.

Polo tanto, o gasto previsto no orzamento da Xunta de Galicia para 2017 é de 9.063 millóns de euros. Esgotaremos na súa totalidade o teito de gasto aprobado hai apenas dous meses neste Parlamento.

Quixera destacar que levamos xa dous orzamentos expansivos consecutivos e que dispoñemos de 600 millóns de euros máis en relación coas contas do 2015. E temos unha capacidade de gasto aínda maior, ao reducir os xuros da débeda e dedicar máis recursos ao gasto produtivo.

Todos os empregados públicos galegos recuperarán o complemento específico ou equivalente nas súas pagas extras. E tamén no eido do emprego público poden anunciarlles que en 2017 temos o obxectivo de convocar unha oferta de emprego de arredor de 3.000 prazas para reforzar os nosos servizos públicos, nomeadamente a sanidade, a educación e os servizos sociais. Esta previsión é prudente, unha vez máis, e mesmo podería aumentar se o Estado habilita as comunidades autónomas para aumentar a taxa de reposición. E reforzaremos áreas concretas de gasto social como a dependencia, o gasto farmacéutico, a Risga.

A nosa estratexia é que o gasto corrente medre en liña co orzamento, para que haxa un incremento maior nos capítulos de investimentos. En 2017 dedicaremos 1.472 millóns a gastos de capital, 54 máis que o ano anterior, o que supón un aumento de case o 4 % por riba do que o fai o gasto non financeiro. En dous anos os investimentos medraron case 230 millóns de euros, e o obxectivo é que Galicia siga sendo a comunidade que máis recursos

dedica ao esforzo investidor. Isto é posible pola baixada importante no capítulo III, os pagos dos xuros da débeda, que se reducen en máis dun 13 %. En dous anos baixamos un terzo o pago de xuros, o que supón un aforro para a Xunta de case 101 millóns de euros neste ano respecto ao 2015.

Señorías, con este orzamento estaremos en disposición de recuperar os niveis de riqueza de Galicia previos á crise económica. Posiblemente isto sucederá a mediados de ano, se o crecemento económico segue na senda prevista.

Todos estaremos de acordo en que isto é unha boa noticia, aínda que tamén desde o Goberno somos conscientes de que esta recuperación da riqueza non é homoxénea, polo que —reitero— redobraremos o noso esforzo en loitar contra a desigualdade social e fomentar a inclusión social e laboral. Porque cos 600 millóns de euros máis que teremos, en relación co 2015, estamos xa nun nivel de recursos orzamentarios comparable aos anos 2008 ou 2009. Tentarei explicarme.

O gasto non financeiro co que contaremos no 2017 supera os 9.063 millóns de euros en concreto, como falaba anteriormente. En 2009 había un orzamento de 10.581 millóns excluídas as transferencias a corporacións locais, que daquela se incluían no orzamento da Xunta, pero, realmente, estaba inflado, como probou a liquidación negativa, que dese ano foron 1.600 millóns de euros, polo que a capacidade real de gasto roldaba os 9.000 millóns de euros. E cun orzamento xa en niveis comparables aos de 2009, este goberno prioriza e outorga maior peso ao máis importante: as persoas. Porque con niveis de gastos similares, este goberno destina máis recursos á sanidade e máis recursos á educación.

Este goberno destina á sanidade cinco puntos máis en recursos que o anterior, e xa concentra en políticas sanitarias practicamente o 40 % do gasto total. Á educación dedicamos dous puntos máis que en bonanza económica e xa nos aproximamos ao 25 % dos recursos totais. Señorías, só este ano aumentamos os recursos para gasto social en 229 millóns, un incremento que se suma aos case 200 adicionais que tivemos no 2016. En dous anos, teremos practicamente 430 millóns máis para sanidade, educación e servizos sociais.

Seguimos, pois, a destinar 8 de cada 10 euros do orzamento a gasto social. E isto é así porque o gasto social, xunto coa creación de emprego de calidade e o investimento produtivo, son as grandes prioridades deste goberno. Por iso insisto en que neste orzamento incrementamos un 15 % as políticas destinadas a favorecer a creación de emprego de calidade e 54 millóns de euros adicionais a investimento.

Aínda que xa tiveron ocasión de coñecer e debater polo miúdo cos responsables de cada área os orzamentos sectoriais, quero subliñar algunhas áreas prioritarias.

No eido sanitario, dispoñemos de 100 millóns máis para reforzar unha sanidade pública e de calidade. Destinaremos 20 millóns para os plans directores da Coruña, Ourense, Hospital da Costa, Arquitecto Marcide e Meixoeiro; outros 3,9 millóns para o proxecto Código 100; reservamos 5 millóns para a nova facultade de Medicina, e tamén incluímos recursos para a ampliación do Hospital de Montecelo.

No eido educativo, o obxectivo é continuar prestando un ensino nas mellores condicións. A dotación para infraestruturas educativas medra en 6 millóns. Incorporaremos 200 profesores máis para o desdoblamento de 4º da ESO e as novas titulacións de formación profesional. E contaremos con 4 millóns de euros máis para reforzar as partidas de transporte e comedores escolares e para a adquisición de material escolar; cun reto: mellorar a conciliación e a equidade.

No eido da política social, os recursos para atender a dependencia tamén aumentarán un 4,3 % máis que a media do orzamento, e chegarán a superar os 338 millóns. A Risga aumenta en 5 millóns. E os recursos para vítimas de violencia de xénero aumentan en 1,3 millóns de euros.

No eido da familia, a infancia e a demografía, dedicaremos 7,8 millóns a centros de 0 a 3 anos e casas niño; outros 4,4 para escolas infantís. Aumentamos hasta os 161 millóns o programa de prestacións ás familias, un 40 % máis que no 2015; e ampliamos a Tarxeta Benvida tamén aos nacementos no ano 2017.

No eido do emprego, co obxectivo de crear ata 20.000 postos de traballo o vindeiro ano, dedicamos 12,6 millóns para información, orientación e busca de emprego. Aumentamos máis dun 12 % os recursos para a formación de persoas desempregadas, ata chegar aos 80 millóns, e teremos 5 millóns máis para a formación de persoas ocupadas, cun total de 11,3 millóns.

No eido do mercado laboral, quero destacar a aposta por acadar un emprego máis inclusivo, por iso dedicaremos 14 millóns á integración laboral de persoas con discapacidade e outros colectivos.

No eido do emprendemento, a Xunta destinará 9 millóns á estratexia de traballadores autónomos e 2,6 para o fomento do emprego.

No eido das infraestruturas, 9 de cada 10 euros destinaranse a investimento real para as persoas que contribúen ao equilibrio territorial, posto que as provincias interiores percibirán un investimento per cápita un 44 % superior as atlánticas.

Outra das prioridades é a posta en marcha da reordenación e modernización do transporte público e o inicio dunha aposta firme pola intermodalidade.

No eido da vivenda, reforzamos o investimento un 8 %, con 10 millóns de euros máis para facilitar o acceso a un fogar, afondando nas medidas existentes e creando outras como o programa Realuga.

En canto aos programas sociais, seguiremos impulsando as 12 medidas adoptadas pola Xunta para lograr que ningunha familia galega sexa privada do dereito á vivenda por non poder pagar a súa hipoteca ou alugueiro.

No eido da industria e da innovación, redobramos a aposta pola Industria 4.0 con iniciativas como a segunda edición do programa de axudas Fábrica 4.0, que sumará catro proxectos sectoriais e, polo menos, dúas iniciativas transversais como a Fábrica virtual e as TIC in-

dustriais, así como unha nova liña de axudas para proxectos de solución big data e internet das cousas.

Por outra banda, a Axencia Galega de Innovación, con 63,2 millóns —un 3,7 % máis—, prioriza o talento innovador, a atracción de investimento privado, a compra pública innovadora e as medidas necesarias para sentar as bases para un novo modelo de innovación. Continúa tamén a reforzar a aposta polos sectores estratéxicos e emerxentes como a automoción, naval, aeronáutico, biotecnoloxía e industriais culturais.

No eido do turismo, tras rematar 2016 como un ano récord tanto en viaxeiros como en pernoctacións, aumentamos os recursos un 5,4 % para consolidar esta fonte de riqueza e comezar a preparar xa o Xacobeo 2021. Así, centrámonos na mellora dos camiños de Santiago e nos recursos turísticos dos concellos.

No eido do medio ambiente, os obxectivos son o saneamento integral das rías, a loita contra o cambio climático, a xestión eficiente de residuos, a ordenación do territorio, a posta en valor da paisaxe e o desenvolvemento sostible do patrimonio natural.

Tamén teño que salientar que con este orzamento se inicia a lexislatura do rural. Aumentamos un 21 % os recursos para infraestruturas relacionadas co desenvolvemento e adaptación da agricultura e silvicultura, ata chegar aos 27 millóns. Incrementamos en case 7 millóns as partidas para procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas, que disporán de 21 millóns de euros.

No eido pesqueiro, Mar é a consellería que máis medra o seu orzamento: un 10 %. Dous terzos dos recursos son para a regulación económica dos sectores produtivos e para o desenvolvemento empresarial. As maiores subas son para manter a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, con máis de 60 millóns. Ademais, os fondos de desenvolvemento sustentable das zonas de pesca medrarán nun 60 %, ata rozar os 15 millóns.

Tamén seguiremos apostando pola nosa cultura, logo de confirmarse que Galicia está liderando o gasto cultural en España; un dato moi salientable. Así, financiamos actuacións de conservación e restauración en bens como as catedrais de Ourense e Mondoñedo, os mosteiros de Sobrado dos Monxes e Oseira, a muralla de Lugo e os castros de Viladonga, San Cibrao de Las e A Ciadella.

Tamén aumentamos un 23 % os recursos destinados á catalogación, promoción do patrimonio e delimitación dos camiños de Santiago. Igualmente, poñemos a disposición da cidadanía unha maior oferta cultural, pois Agadic contará con maior orzamento para a distribución interior, a través da Rede galega de teatros e auditorios, e con maior apoio á distribución exterior, así como con máis axudas para o talento para apoiar novos valores.

Para o fomento da lingua galega temos máis de 6,8 millóns de euros, o que permitirá manter as actividades de dinamización, nas que seguiremos a priorizar a atención aos máis novos. Con este mesmo obxectivo, elaboraremos o Plan de dinamización da lingua galega na xu-

ventude, que suporá o desenvolvemento doutro sector do Plan de normalización lingüística. Así mesmo, continuarase avanzando na promoción da lingua portuguesa como segunda lingua estranxeira, e consolidarase o coñecemento de estudos galegos no exterior.

Para a xustiza contamos co orzamento máis elevado na historia da Autonomía nesta materia, cun incremento de 6,3 millóns. Inclúe a finalización da rehabilitación da Fábrica de Tabacos na Coruña, a execución da obra do novo edificio xudicial de Pontevedra, a licitación e adxudicación dos contratos da Cidade da Xustiza de Vigo, así como o orzamento para a construción dun novo edificio xudicial en Tui.

En canto á igualdade, o ámbito da violencia de xénero refórzase en todos os niveis, e a partida contra esta lacra ascende a 5,2 millóns de euros, dos que 3,4 van dirixidos a axudas periódicas para as vítimas; un 61 % máis. Ademais, o prazo de solicitude para estas axudas manterase aberto todo o ano, e inclúe as mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Tamén se incrementa o apoio para a atención psicolóxica especializada ás vítimas de violencia de xénero nun 23,1 %. E para seguir promovendo a igualdade efectiva entre mulleres e homes, presentaremos o VII Plan de igualdade, como folla de ruta para os vindeiros anos, e seguiremos implantando nas aulas galegas o I Plan galego de educación en igualdade, e acabamos de aprobar o Plan galego de muller e ciencia.

En canto á universidade, os seus orzamentos superan por primeira vez dende 2009 a barreira dos 400 millóns de euros en transferencias directas, para cumprir co Plan de financiamento 2016-2020, que aumenta en case 10 millóns de euros e que inclúe outros 3 millóns de euros para bolsas para estudantes. Tamén se reservan máis de 5 millóns para reparación, ampliación e mellora de infraestruturas universitarias.

Respecto do apoio aos entes locais, incrementamos o Fondo de Cooperación Local en 3,6 millóns de euros, ata rozar os 120, reservando 2 deles para o fomento das fusiões e blindando partidas como o Fondo de Compensación Ambiental e o financiamento dos convenios dos GES.

Señorías, gustaríame tamén neste pleno referirme ao importante reto que temos co debate do financiamento autonómico, posto que, como xa dixen, a achega co actual sistema do financiamento é practicamente o 80 % dos recursos que contamos no orzamento.

Teremos ocasión de debater máis polo miúdo sobre este asunto, pero tan só quixera reiterar de maneira sucinta a posición do Goberno galego. O Goberno galego será coherente e defenderá o que sempre defendemos: os intereses de Galicia, e farao de maneira responsable pero firme, para que os galegos e as galegas teñan o financiamento que precisamos. Temos unhas prioridades ás que non renunciaremos. Apostamos por centrarnos nas necesidades de financiamento dos cidadáns, e non en principios identitarios. Falemos pois de persoas e non de territorios.

E apostamos por obxectivar custos para saber o que supón prestar servizos en cada territorio e que teñan idéntica calidade, con independencia do lugar de residencia. Por iso, defendemos

que ten que ser un modelo estable, sostible e progresivo, no que se pondere mellor a dispersión e o avellentamento poboacional, con cálculos obxectivos incuestionables.

Ademais, e conscientes de que os recursos que temos que dedicar a sanidade superan xa o 40 %, Galicia pedirá na Conferencia de Presidentes de mañá que na revisión do modelo de financiamento autonómico haxa unha peza separada para sanidade.

Seguiremos traballando neste tema prioritario, agardo que coas achegas de todos os grupos parlamentarios, para poder ter unha posición única e de país nun asunto no que Galicia se xoga moito.

Señorías, vou rematando. O maior crecemento económico, a mellora do mercado laboral —coa creación de máis postos de traballo—, a mellor recadación —froito do maior dinamismo económico— e os bos datos que presenta Galicia nos principais indicadores económicos non fan senón que animar este goberno a afondar nas súas políticas e nas súas prioridades, para axudar cada día a máis galegos e galegas a beneficiarse da recuperación económica.

Reitero que temos feito moito traballo, pero non é suficiente, resta moito por facer. E, para continuar con este esforzo, presentamos este orzamento, unhas contas que permitirán manter o crecemento económico ao redor do 2,5 %, axudar a que outros 20.000 galegos e galegas atopen emprego, consolidar a maior rebaixa fiscal da historia —para que, por exemplo, o 99 % dos galegos non paguen polo imposto de sucesións—, protexer as persoas que pasan máis dificultades —combatendo a desigualdade e fomentando a igualdade de oportunidades— e reforzando o investimento para axudar a seguir a dinamizar a economía galega. Por todo isto, para consolidar un modelo de crecemento propio para Galicia, un modelo onde teñamos un crecemento san.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora ao debate —que faremos de xeito acumulado— das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

Para iso comezamos coa defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Pontón, por un tempo de trinta minutos.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a min, mentres o estaba escoitando a vostede, viñéronme á cabeza uns versos de Mario Benedetti: «*todo depende del dolor con que se mira*». E, efectivamente, parece

que o seu Goberno, a pesar da retórica, na práctica non é capaz de ver nin de compartir a dor que están causando as políticas de austeridade, porque realmente a desigualdade, o paro, os problemas no acceso aos servizos públicos non son unha consecuencia separable das decisións políticas que vostedes tomaron durante estes anos, e realmente este orzamento, igual que as decisións nos recortes e na política económica que defende vostede e o Partido Popular, son a causa de que hoxe sigamos mantendo unhas taxas de desigualdade e de pobreza tan fortes no noso país. Polo tanto, señor conselleiro, estaría moi ben que vostedes empezaran a darse conta do grave erro ao que están levando este país con esta política económica.

Pensaba eu tamén que, en certa maneira, o Goberno galego —por certo, sorprende que hoxe non estea aquí o señor Feijóo, no debate máis importante dos orzamentos, o cal creo que é unha falta de respecto a este Parlamento e aos cidadáns que nel representamos— é realmente o Goberno dos increíbles, porque vostedes nunca erran, nunca fallan, sempre teñen a razón, a súa é a única verdade. «Estamos sempre» —¿como din?— «na boa dirección». Agora inventan este novo concepto de crecemento san.

Non obstante, eu creo que, por desgraza, estes orzamentos, na práctica, o que son é unha labazada na cara de todas esas persoas que seguen instaladas na crise. Son tamén a constatación de que estamos ante un goberno que non ten ningún tipo de ambición de país e que realmente carece dunha estratexia que sitúe Galiza no tren da modernidade, da innovación, dos salarios dignos, da igualdade, do respecto polo medio ambiente ou polo apoio á nosa lingua e á nosa cultura.

Se hoxe nós, en vez de estar aquí neste Parlamento, ou se vostede mesmo, en vez de estar aquí neste Parlamento, estivera diante dunha desas miles de persoas que levan anos e anos no paro sen atopar ningunha solución, ou se estivera diante dunha desas familias que levan durante anos sen ter ningún tipo de ingresos —e que son moitas no noso país—, eu o que me pregunto é se vostede de verdade podería ler ese discurso con esa frialdade e dicirlles que realmente con estes orzamentos vai cambiar a súa vida. ¿Sería capaz?

Eu creo que non, señor conselleiro, porque vostede sabe que a solución aos problemas que ten unha gran maioría social non está neste orzamento, senón que a dinámica económica e social vai seguir nuns parámetros moi similares. Porque é curioso que vostede fale de crecemento san.

¿É crecemento san que haxa maior pobreza, maior desigualdade e maior precariedade no noso país? Porque esa é a Galiza que deixan estes orzamentos. ¿Vostede cre que hai un crecemento san cando, mentres nos pregoan a saída da crise, se está incrementando a pobreza no noso país? ¿Vostede realmente cre que hai un crecemento san cando nos están dicindo que hai máis de 700.000 persoas en risco de exclusión social no noso país, que teñen que vivir con menos de 600 euros ao mes? ¿Vostede realmente cre que hai un crecemento san cando se incrementa o número de fogares que din que chegan con dificultades a final de mes, que no noso país son seis de cada dez fogares, señor conselleiro? Non sei se iso lle parece ir na boa dirección. E realmente o que está pasando é que se está consolidando un modelo de crecemento, unha desigualdade crecente e unha precariedade que é absolutamente inviable como modelo de futuro.

Pero é que o máis grave é que vostede vén agora coas mesmas promesas que o ano pasado, e realmente ¿que cambia para que agora as persoas que están sufrindo esta crise pensen que si que vai cambiar algo coas mesmas receitas que xa fracasaron no pasado? ¿Por que as receitas que fracasaron antes van acertar agora? Estaría ben, señor conselleiro, que vostede nos respondera a esta pregunta.

Realmente a situación que estamos vivindo neste momento, e o propio contido orzamentario, o que nos deixa é a crónica de tres grandes fracasos.

O primeiro, o fracaso da austeridade e da recentralización, que non está servindo para que saiamos da crise; todo o contrario; nós vemos unha maioría de cidadáns para os que apertar o cinto só serviu para que viviran peor durante todos estes anos, para que se incrementaran as desigualdades. Hoxe temos datos de como cada vez os ricos son máis ricos e os pobres son máis pobres, e vemos como ese cóctel de austeridade, de recentralización, só provocou que no caso galego a crise fora máis longa e máis profunda, polo tanto que nos afectara durante máis tempo e con maiores consecuencias desde un punto de vista social.

O segundo gran fracaso do seu Goberno —e que se ve tamén nestes orzamentos— é ese fracaso do que agora xa non falan tanto del, de que aquí eramos capaces de facer máis con menos; era unha especie de consolidación dese modelo da multiplicación do pan e dos peixes, que este goberno de deuses pois era capaz de producir.

O certo é que vimos como esa obsesión do señor Feijóo —ausente neste debate— por ser o alumno aplicado do señor Montoro nos recortes o único que nos provocou foi que os galegos e galegas tiveramos máis recortes e durante máis tempo, e isto estase notando, señor conselleiro, dunha maneira moi clara e moi preocupante na deterioración dos servizos públicos.

Pero —tamén vostede facía mención— estes orzamentos son o fracaso dun modelo de financiamento que asinou o señor Núñez Feijóo, que é un modelo inxusto para o noso país, inxusto para Galiza, que afonda no recorte dos dereitos sociais e que vostedes asinaron sabendo que era un modelo que nos levaba á insuficiencia financeira. E, de feito, estes orzamentos —e logo xa entraremos máis en detalle— son a constatación dese fracaso. Polo menos, nós o que pensamos é que, antes de iniciar ese debate, o mínimo sería recoñecer o erro que cometeron ao asinar un modelo de financiamento inxusto, que infrafinancia as nosas competencias, e como mínimo sería non repetir ese mesmo erro e darlle a volta a ese modelo, ter unha ambición de país á hora de defender os intereses dos galegos e das galegas.

E eu creo, con toda honestidade, señor conselleiro, que non é de recibo que nas vésperas desa primeira xuntanza que se vai producir mañá en Madrid neste Parlamento non saibamos aínda cal é a proposta concreta que vai defender o Goberno galego. O único que temos son vaguidades, xeneralidades, e realmente nós pensamos que hai que ir defender unha proposta ambiciosa de país, e desde logo que o señor Núñez Feijóo non vai con ese obxectivo tan ridículo de que a el parece ser que o único que lle preocupa é que Cataluña avance.

Eu sigo pensando —estou convencidísima— que o seguidismo que fai o señor Núñez Feijóo desa estratexia anticatalá do Partido Popular é tan inútil como ineficaz para defender os in-

tereses do noso país. De feito, a min o que me resulta curioso é que vostedes non se deran conta de que durante todos estes anos a única beneficiada con este modelo de financiamento foi Madrid, xa que quen nos impuxo un modelo de financiamento que prexudica os galegos e galegas foi realmente Madrid.

E nós, desde logo, invitamos o señor Núñez Feijóo e o Goberno galego a que non se confundan nin de inimigos nin de aliados, e, sobre todo, a que abandonen esa estratexia de submisión aos intereses do Partido Popular, aos intereses do señor Rajoy, porque iso conduce a Galiza á irrelevancia política e a que nós mañá sexamos convidados de pedra nunha reunión, porque o señor Rajoy xa sabe que o señor Feijóo vai dicir amén a calquera proposta que saia dese goberno.

Gustaríame, en todo caso, entrar no detalle dalgunha cuestión máis que ten que ver coa enunciación destes tres grandes fracasos dos que falamos en relación coa súa política económica e financeira.

Fronte á teoría de que estes son uns orzamentos expansivos, nós realmente o que estamos vendo é que estes orzamentos son uns orzamentos fillos da austeridade. O pretendido carácter expansivo é realmente fume, señor conselleiro, porque estes orzamentos o que fan é consolidar os recortes en servizos públicos e prestacións sociais e supoñen que Galiza vai seguir instalada na precariedade laboral, na emigración —que vostedes minimizan— e tamén no incremento do número de persoas que están en paro. Vostedes, realmente, teñen un incremento neste ano nos orzamentos que é inferior ao que se produciu no ano pasado. Polo tanto, non hai un crecemento, senón que se limita a expansividade. As présas por aprobar este orzamento impediron que puideramos hoxe ter aquí uns orzamentos onde todas as posibilidades de gasto que tiña a Comunidade Autónoma estiveran, e, polo tanto, estamos ante uns orzamentos que non invisten todo o que poderían para mellorar a situación política, a situación económica e a situación social.

Pero nós, cando vemos onde van eses incrementos, eses recursos que ten a maiores a Xunta de Galiza neste ano 2017, o que vemos é como a prioridade real non está nin en mellorar a sanidade, nin en mellorar a educación, nin nunha maior atención á dependencia ou na creación de emprego; moi ao contrario, señor conselleiro. A prioridade do Goberno do señor Feijóo é seguir engordando o negocio da banca a través da débeda, porque esa é realmente a única partida expansiva nestas cifras que estamos debatendo; é unha partida que sobe un 14 %, é dicir, que o pago da débeda sobe cinco veces máis que a media do orzamento, e, neste momento, xa case absorbe dous de cada dez dos euros que ten a Xunta de Galiza.

Gustaríanos tamén falar sobre as previsións de crecemento que ten do PIB. Nós cremos que estas previsións son a mellor mostra do fracaso da súa estratexia económica —se é que a teñen— e a falacia de que este ano vai chegar a recuperación a todas as persoas, que é do que nos falaban nalgún momento nestes orzamentos.

Vostedes contemplan un incremento do produto interior bruto do 2,4 % para o ano 2017, é dicir, un incremento menor do que teñen previsto para este ano e tamén menor que o que se prevé para o conxunto do Estado, pois realmente o Estado prevé que vai crecer unha dé-

cima máis. Con estas cifras, ¿vostede pensa que ten credibilidade dicirnos que Galiza está mellor, que medramos máis que a media? Pois o certo, señor conselleiro, por desgraza, é que non.

E realmente tamén é preocupante ver como na estimación que fai sobre a aportación ao crecemento realmente o que depende da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado, o consumo final das administracións públicas, é a variable que presenta unha menor previsión de crecemento, en concreto un 2 %. Polo tanto, vemos tamén como a Xunta de Galiza non se está situando como unha locomotora que impulse o crecemento económico, senón que son outros sectores os que están tirando da demanda e da economía.

Un tema moi importante para nós é falar sobre as previsións de emprego, porque, efectivamente, a falta de emprego e a deterioración, esa precariedade cada vez máis abafante no mundo laboral, é un dos graves problemas e das graves consecuencias que deixa o modelo económico do Partido Popular.

Estes orzamentos estiman que a taxa para o ano 2017 vai ser unha taxa inferior á que temos neste ano. Nós dicimos que oxalá se cumpra ese obxectivo. Pero tamén queremos traerlle algunha reflexión a maiores, porque cremos que non hai que falar só de cifras e de datos, senón tamén de se realmente existe unha creación de emprego neto. E vostede, señor conselleiro, ¿cre que realmente se vai crear emprego neto no noso país? Porque mire, eu creo que non serve de nada ou de case nada que realmente a taxa de paro baixe porque baixa a taxa de poboación activa, porque sabe que aí non estamos creando emprego, senón que estamos falando de estatísticas que non nos din realmente o que está pasando na realidade.

Vostedes, no propio informe económico-financeiro que acompaña os orzamentos, recoñecen que unha das causas do descenso na taxa de paro vai ser o descenso da poboación activa. É dicir, que un dos elementos que recoñece o propio Feijóo de por que vai baixar o paro non é porque persoas que agora busquen emprego vaian atopalo, senón porque vai baixar a poboación activa, non sei se porque vostedes prevén que vaia seguir incrementándose o número de persoas que emigran, e como emigran e non están, pois xa desaparecen os problemas do noso país.

Desde logo, eu creo que cando un goberno, cando un presidente pon negro sobre branco que no seu proxecto de orzamentos vai baixar a taxa de paro porque vai baixar a poboación activa e iso lle parece un dato positivo, é como se nos situamos no borde do abismo e o Goberno galego dá un paso para adiante.

Xa que logo, nós entendemos que este é un dato importante, porque o feito de que descenda a poboación activa nun momento no que falan de crecemento do PIB o que nos está indicando é a fragilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias. Vostede, ademais, dábanos unhas cifras nas que dicía que neste ano 2016, cunha taxa de crecemento maior —ao mellor escoitei mal, ¿non?—, se crearan 20.000 empregos. E, non obstante, medrando menos a economía, dinos que vai crear catro ou cinco veces máis emprego que neste ano. Comprenderá, señor conselleiro, que con estas cifras e con estes datos a súa credibilidade está á altura desta alfombra que hoxe recobre, como todos os días, este Parlamento.

Pero é que nós queremos falar tamén da calidade do emprego, e non pode haber calidade do emprego se non se retiran as reformas laborais que se impuxeron durante os últimos anos. Se esas reformas se impuxeron porque había crise, agora —acolléndonos á súa posición—, rematada a crise, non hai ningún sentido para que continúen eses recortes en dereitos laborais, nin que se siga impoñendo ese modelo da precariedade, que, por certo, afecta moito máis as mulleres do noso país.

E esta situación tamén ten que ver con outra medida onde se ve a dobre vara de medir que ten este goberno. Os salarios, señor conselleiro, de media, nos últimos datos que temos dispoñibles no noso país, medraron moi pouco. A maior parte dos traballadores e das traballadoras viron como a suba dos salarios en Galiza é unha suba moi, moi pequena, e ademais moi inferior á media do Estado. Eu non entendo, señor conselleiro, como neste contexto de grave crise, ademais para unha parte moi importante dos traballadores e das traballadoras deste país, onde se ve como os salarios sufriron unha baixada moi importante que non se recupera, o Goberno galego toma a licenza de subirse nada máis e nada menos que entre un 7,5 % e un 7 % os recursos, os cartos, o seu salario que van recibir para o ano que vén.

A nós, señor conselleiro, se a maior parte dos traballadores e traballadoras deste país viran como os seus salarios se incrementan nun 7 % neste ano, dígolle que non comentariamos absolutamente nada, pero entenderá que é desproporcionado e desmedido —vostedes que lles pediron sacrificios a todas as persoas e que seguen sufrindo as consecuencias desa crise— que teñamos que aplaudir que se suban o salario un 7,5 % o presidente —ausente— e un 7 % todo o Consello da Xunta. A nós, señor conselleiro, non nos parece de recibo esa decisión que tamén se consagra nestes orzamentos, sobre todo porque vemos como seguen existindo, ademais, recortes en materia de política social que son moi importantes.

Dícialle que nós nunca cremos que vostedes foran capaces de reproducir ese milagre de multiplicar o pan e os peixes, de facer máis con menos. E vemos tamén como durante todos estes anos, a pesar do que din na propaganda da Xunta de Galiza, o certo é que Galiza recortou en política sociais por riba da media do Estado. Foi a Xunta de Galiza, por decisión do Partido Popular, a cuarta comunidade autónoma que máis recortou. Mentres na media do Estado os recortes en política social representaban un 14,53 % , en Galiza ese descenso foi do 16,21 % desde o inicio da crise. Hoxe, nestes orzamentos, se temos en conta, se facemos unha comparativa desde o ano 2009, o que vemos é como hai 1.152 millóns menos de euros en política social.

Fíxese. Na Consellería de Educación, os últimos orzamentos decreceron un 9,13 % en relación co 2009. Temos menos cartos para as universidades galegas, que contan con menos recursos que en 2009; como resultado da súa política en materia educativa, temos 4.000 alumnos e alumnas que non poden cursar o ciclo de formación profesional que desexan; máis de 3.000 familias que non teñen praza en escolas de educación infantil; e nas universidades galegas hai 5.000 estudantes matriculados menos.

Na Consellería de Sanidade tamén continúan os recortes, e froito desas decisións deteriorouse dunha maneira moi clara o sistema sanitario, e vemos como hai 1.800 profesionais menos. E realmente os colapsos que se están producindo no sistema sanitario non teñen

que ver con que a gripe sexa algo que non se pode prever; non; os colapsos que se están producindo no sistema sanitario e nas urxencias son responsabilidade directa dos recortes e da falta de recursos para atender a sanidade.

Igual, señor conselleiro, que no sistema de dependencia segue habendo moitas persoas que teñen dereito á prestación e que aínda non a reciben. No ano 2015 había, concretamente, 23.672 persoas que tiñan dereito á atención á dependencia e que seguían agardando, porque non había recursos, porque vostedes recortaron neste tipo de materias.

Pero tamén, señor conselleiro, queríamos falar sobre o fracaso do modelo de financiamento que asinou o Goberno do Partido Popular. Nós vemos que é unha absoluta incoherencia que teimen en manter un modelo de financiamento que claramente é prexudicial para os intereses de Galiza e que non nos permite, realmente, blindar os servizos públicos e os recursos necesarios para poñer a Galiza a crear emprego de calidade.

Nós vemos como os ingresos —datos oficiais que se conteñen nos orzamentos— aportados polo sistema de financiamento só se incrementan un 1,2 %, o cal é moi pequeno se temos en conta cal é o incremento de gasto que está previsto para este ano. E isto o que nos demostra é o esgotamento deste modelo e como claramente fai que Galiza cada vez vaia recibindo proporcionalmente menos recursos dos que debera.

Nós vemos tamén, polo tanto, que segue, que esta situación e tamén a súa falta de actividade en relación coa capacidade financeira que ten o noso país o que nos provoca é que vostedes sigan engordando a débeda como única forma de ter os recursos suficientes para atender as necesidades de gasto. Concretamente, a emisión de débeda vai superar os 2.000 millóns de euros, e isto eu creo que tamén o que provoca é que o Goberno ten como consecuencia non só o modelo de financiamento, senón tamén a política financeira que vostedes están levando neste ámbito.

A nós gustaríanos que vostedes recolleran propostas que temos, como a de dotar dunha maior progresividade o IRPF, baixar o mínimo exento, introducir maior progresividade tamén no imposto de patrimonio, así como que se aproveitaran as posibilidades, os ocios que deixa este sistema para facer unha fiscalidade máis xusta, a través dun imposto ás grandes superficies comerciais, ou tamén que desde logo cremos que introduciría unha fiscalidade máis progresiva e nos daría maiores posibilidades desde o punto de vista da redistribución da riqueza.

Dito isto, hai outros aspectos aos que nos gustaría facer mención, porque cremos que teñen un grande impacto social.

Nós, señor conselleiro, estamos moi preocupados e preocupadas porque Galiza se está situando no vagón de cola do I+D+i. Vemos como o Goberno galego non ten ningunha ambición por avanzar cara a un modelo produtivo innovador e de futuro. Hai un incremento que é moi cativo, 4,7 millóns de euros, que non serven para que recuperemos o tempo perdido, pois as políticas de recortes que aplicou o seu Goberno situaron a que Galiza neste momento estea na cola de innovación do Estado e tamén da Unión Europea.

Nós cremos que sería importante que se duplicaran os fondos que hai na I+D+i tamén cunha reorientación de cal debe ser o destino e a estratexia que ten o Goberno galego. Outros territorios, como é o caso, por exemplo, de Euskadi, fixeron unha aposta clara e seria nese sentido, nós lamentamos que fagan perder máis oportunidades ao noso país.

Seguen vostedes teimando nese mantra de que esta vai ser a lexislatura do rural, pero nos orzamentos nós non vemos que esta vaia ser ningunha lexislatura do rural, xa que realmente só vemos como se incrementan nuns 5,5 millóns de euros —menos do 1,7 %— os fondos destinados a esta partida. Seguen aquí co milagre dos pans e dos peixes. Efectivamente, isto non ten ningún tipo de credibilidade.

Falou tamén vostede do sector pesqueiro, e a nós o que nos preocupa é que precisamente a Xunta de Galiza non teña a intelixencia para apostar pola nosa pesca, pola nosa acuicultura e polo noso marisqueo, e que realmente a única aposta estratéxica que teñen é por alimentar a acuicultura industrial, a pesar de que saben que ese modelo foi masivamente rexeitado, e vemos como agora, neste inicio de lexislatura, queren impoñer a lei que non puideron e a política que non puideron na pasada lexislatura.

Tampouco, señor conselleiro, estamos de acordo con que estes sexan uns orzamentos que nos permitan coidar mellor o noso medio ambiente e situarnos nunha posición na que sexamos referencia da loita contra o cambio climático. Moi ao contrario, nós vemos como non se dota dos recursos suficientes a política de saneamento das nosas rías, que teñen graves problemas derivados da contaminación producida por vertidos, e non hai unha política de rexeneración integral das rías galegas. Vemos como vostedes consolidan un modelo forestal ao servizo de Ence, non un modelo forestal ao servizo do noso país, e como queren desregularizar o sector da biomasa para darlle carta branca a Ence para encher de cultivos enerxéticos o país.

Vemos aquí como vostedes, a través desta lei, da Lei de acompañamento, queren facer —non sei— cumprir un vello soño, un vello anxeio que tiña Ence: ter a metade do noso país producindo eucaliptos para Ence e a outra metade madeira para queimar. Ese non é un modelo de futuro, é un modelo que debe de ser revisado, porque senón seguiremos vendo como graves problemas —como o dos incendios forestais— van seguir arrasando o noso país.

E vostedes, se realmente queren situarse na vangarda da loita contra o cambio climático, o que deberían é empezar a pensar que non poden seguir alimentando a principal fábrica de cambio climático que ten o noso país, que é Sogama. Insistir nese modelo da queima de residuos é perder oportunidades, oportunidades de emprego, oportunidades tamén de ser respectuosos nas políticas medioambientais. E nós defendemos, señor conselleiro, que se revise este modelo, e ten nas nosas emendas propostas nese sentido.

E, finalmente, hai outro aspecto que a nós nos gustaría nomear, porque realmente é, pois case diría, dantesco que vostede veña aquí dicirnos que a Xunta de Galiza lles presta un grande apoio á lingua e á cultura galegas. A Xunta de Galiza, datos oficiais do ministerio, recortou máis dun 50 % os recursos para a lingua e para a cultura. E vostede sabe que detrás

diso non está a crise, está unha posición político-ideolóxica do Partido Popular. Se realmente queren modificar esa situación, pois deberán de dedicarlle algo máis que o maltrato económico, que é o que lle dan á lingua e á cultura nestes orzamentos.

En definitiva, señor conselleiro, o noso grupo non comparte a filosofía de fondo destes orzamentos, lamentamos que vostedes sigan cunha política que o único que fai é provocar que a desigualdade social no noso país sexa cada vez maior, e tamén que continúen cunha falta de ambición de plan, dun plan real de futuro para Galiza que nos situara na senda da modernidade, do respecto polo medio ambiente...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...no emprego de calidade e, desde logo, nunha liña de futuro.

Temos propostas, de todas formas, que nos gustaría que se realmente se quere avanzar en plans de futuro se puideran concordar, que puideramos realmente, a pesar das diferenzas de fondo, en temas importantes poder ter acordos, como duplicar os fondos de I+D+i; destinar como mínimo o 1 % dos orzamentos á loita contra a violencia de xénero, porque coincidirá comigo que 5 millóns é unha partida realmente escasa se queremos priorizar o desenvolvemento das leis aprobadas; que aprobemos un plan Retorna para que a xente que marchou teña oportunidades de volver, que apoiemos a xente que menos ten cunha renda de integración social, ou que apostemos por unha mobilidade sustentábel e lles digamos aos galegos e galegas que nós tamén temos dereito a ter un tren de proximidade no noso país.

En definitiva, señor conselleiro, estes son os orzamentos da desesperanza, e cremos que o máis útil que poderían facer sería dar marcha atrás e repensar que non se pode continuar con vellas políticas que foron as que nos trouxeron ao pozo no que hoxe está unha gran maioría social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente.

Señor conselleiro, señores conselleiros, señores e señoras deputadas, desde o noso grupo tamén propomos a devolución dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2017 por tres razóns básicas, que despois intentarei explicar.

Primeiro, porque outorgan continuidade a unha política económica fracasada nos seus resultados; segundo, porque representan unha política conformista resignada e conservadora, que non dá resposta ás demandas de emprego, de atención ás necesidades das persoas ou

de igualdade; e, en terceiro lugar, porque —aínda que con máis detalle o veremos esta tarde— nós entendemos que outra política económica é posible para Galicia, con máis crecemento máis firme, con máis integración social e con servizos públicos reforzados.

O noso primeiro argumento é que a política económica de Alberto Núñez Feijóo fixo a crise económica máis fonda do que xa era e máis destrutora de emprego do necesario. O custo da crise foi insoportable e excesivo, perdemos demasiada riqueza e demasiado emprego nestes anos. O conselleiro reconeceuno. En termos de creación de riqueza a nosa comunidade autónoma precisou unha década, desde o ano 2008 ata finais do ano 2017, para retornar ao seu punto de partida. En oito anos os gobernos de Alberto Núñez Feijóo leváronnos outra vez á posición de partida. Este é o gran balance destas dúas lexislaturas. Oito anos perdidos para o benestar, o progreso ou a converxencia con Europa.

Pero o señor conselleiro non nos fixo o mesmo exercicio en termos de emprego, e é conveniente facelo. Porque en termos de emprego ao que asistimos durante este tempo foi a unha catástrofe sen paliativos. Ao ritmo de creación de emprego que está previsto nestes orzamentos tardaríamos unha década adicional en recuperar o nivel de emprego do que partiamos no ano 2008. A finais do 2015 —os datos publicados en termos anuais— estamos no 85 % dos empregos a tempo completo que tiñamos no ano 2008, en horas traballadas no 83 %, e necesitaríamos unha década adicional, necesitaríamos vinte anos completos de gobernos de Alberto Núñez Feijóo para volver á situación de partida.

Este é o balance co que nos atopamos hoxe. Deixamos de producir ao longo deste ano en termos acumulados, aproximadamente, 1/3 do PIB do ano 2008. Foi unha recesión profunda e persistente, como xa todos coñecemos, que tamén se deu noutras comunidades autónomas e nos países do sur de Europa, pero aquí foi un pouco máis profunda e está sendo un pouco máis longa que noutras partes. E modificamos, sobre todo, de xeito permanente a traxectoria de crecemento da nosa economía. Cando tornemos ao mesmo sitio en termos de creación de emprego ou de riqueza, veremos que ese sitio xa non existe e teremos que inventar outra senda de crecemento menos interesante.

Pero, sobre todo, expulsamos os mozos do mercado laboral. Practicamente toda a destrución de emprego que permanece hoxe, despois da recuperación emprendida a partir do ano 2013, se dá por baixo dos trinta e cinco anos. Hai unha xeración imposibilitada de iniciar unha vida laboral ou profesional e, por tanto, de ter unha vida autónoma e satisfactoria; unha xeración que está abocada ou ben a depender das súas familias ou ben a marcharse. E isto ten un efecto permanente, ademais, sobre o crecemento da comunidade autónoma.

As novas entradas no mercado laboral son unha fonte adicional de incremento da produtividade, de introdución de dinamismo, de flexibilidade, de introdución de novas formas de facer as cousas. Que a mocidade non teña oportunidades de emprego prexudícanos a todos hoxe e no futuro, porque é unha fonte de bloqueo, dos cambios e das transformacións que Galicia necesita.

Por iso non é estraño que estudos recentes, como o publicado hai poucas semanas pola Fundación BBVA sobre a economía rexional en España, indiquen que Galicia ten menos resi-

liencia, que é un termo traído da psicoloxía, traído das ciencias materiais, que nos indica a capacidade de adaptación ás situacións de estrés e situacións adversas, a capacidade de saír fortalecidos do enfrontamento a esas situacións.

Pois estes estudos indícanos que a economía de Galicia ten un nivel de resiliencia por debaixo da media, un nivel de resiliencia escaso. E é certo, non todo é achacable ao Goberno dos últimos catro anos, non todo é achacable a Alberto Núñez Feijóo, pero vostedes levan gobernando trinta dos trinta e cinco anos, que imos celebrar o sábado que vén, de autonomía.

O seu partido leva gobernando eses trinta anos, por tanto teñen unha responsabilidade directa ou indirecta moi importante. Unha parte débese á nosa estrutura produtiva, temos menos peso dos servizos no mercado que outras áreas, temos unha estrutura económica menos diversificada, temos menos empresas que innovan..., é certo, pero despois de trinta e cinco anos de autonomía e de trinta anos gobernando algunha responsabilidade tamén deben ter niso.

Pero, sobre todo, é a actuación dos gobernos nestes oito anos a que marca a diferenza coa súa política da xestión da demanda e coa súa política dos factores de oferta que a medio e longo prazo afectan a nosa competitividade. Non era inevitable o mal comportamento de Galicia nestes anos.

Vostede dixo no seu discurso que vivimos nunha especie de Arcadia feliz, na que non todo está feito, pero están a maior parte das cousas resoltas. É o crecemento san do que falabamos antes. A realidade é que nos comportamos peor que a economía española no seu conxunto. Moitas comunidades autónomas medraron desde o inicio da crise bastante máis ca nós, e non nos estamos comparando con China, coa India ou con Irlanda, estámonos comparando co resto das comunidades autónomas españolas.

En termos de creación de emprego somos a segunda comunidade que máis emprego destruíu nestes anos de crise, señor conselleiro. Non é un problema de ritmos diferentes de saída da crise, non é só unha cuestión de estrutura produtiva. A política económica que vostedes practicaron ten efectos nocivos sobre o crecemento e o emprego. A fascinación pola austeridade xoga negativamente en relación co crecemento. Todo o seu proxecto foi o axuste.

E o cumprimento do déficit está ben, nós non estamos en contra disto, estamos a favor da sostibilidade fiscal, estamos a favor da estabilidade financeira; facer do cumprimento do déficit o único obxectivo é o erro central, iso é o grave. Nun contexto de axuste duro do gasto público inhibir o crecemento a curto prazo, evitar prepararnos para o futuro, é o resultado da súa política.

E isto ten máis importancia que nunca cando nos damos conta que o contexto cambiou. Na crise as desigualdades rexionais teñen tendencia a aumentar en España e noutras realidades. Se observamos o que pasou desde o ano 2008, vemos que as comunidades autónomas máis adiantadas presentan mellores resultados: Madrid en primeiro lugar, pero tamén o País Vasco, Navarra, Cataluña ou Baleares, como recollen estudos de economistas como Cuadrado e Maroto, publicados recentemente. As diferenzas rexionais nos ritmos de crecemento están

agudizando as desigualdades territoriais, e iso ten que ver con motivos de mercado, sen dúbida, con motivos de funcionamento do sistema económico, pero ten que ver, tamén, con que o papel reequilibrador do Goberno central se reduciu nestes anos.

A austeridade aplicada sobre elementos de compensación, que estaban facendo que o crecemento se repartira de forma moito máis igualitaria no territorio, estase debilitando. Por iso é máis importante que nunca que neste contexto, que nos vai someter a proba, tamén, nos próximos anos, nós sexamos capaces de acertar, teñamos unha política económica que nos permita crecer máis, crear mellor emprego e máis emprego que os nosos competidores. Cando o vento está en contra, a acción do Goberno é máis importante que nunca.

Escoiteille un segundo argumento, que quero comentar moi rapidamente. O segundo argumento é que estamos saíndo con atraso pero con decisión, porque o ano 2016 foi un ano bo. E é certo, o crecemento no ano 2016 foi alto en España, sen dúbida facilitado polo axuste á baixa dos prezos do petróleo, polo menor custo do diñeiro e pola relaxación da consolidación fiscal que se produciu en España neste ano, pero que incluso en Galicia foi mellor que en España. E eu recoñezoo, tivemos un crecemento lixeiramente superior ao español, e iso está moi ben, rompendo a inercia dos últimos anos.

Pero é certo tamén, e vostede coincidirá comigo, que ese foi un ano que —xustamente por ser ano electoral— foi dunha relaxación fiscal aínda maior en Galicia. Entre outras cousas, facilitada polo efecto do xogo das liquidacións do sistema de financiamento, que fixo que se incrementara substancialmente a nosa capacidade de gasto no ano 2016, de feito o gasto público creceu o dobre en Galicia que en España neste ano.

Iso, entre outras cousas, é o que facilitou que tiveramos un ano anormal na nosa traxectoria durante a crise. Un ano anormal en termos de crecemento, non tanto en termos de creación de emprego, porque a diferenza é que os axentes económicos que teñen que tomar as decisións non están convencidos da continuidade desa política económica expansiva, non están convencidos de que eses bos resultados se vaian plasmar nos anos futuros, e por tanto son remisos á hora de contratar máis persoas, de ampliar as súas plantillas, de ampliar os seus cadros de persoal.

Por iso, en termos de emprego tampouco percibimos ese resultado mellor comparativamente con España; de feito, no 2017 ao que asistimos é a un retorno completo á normalidade. No ano 2017 xa no seu cadro macroeconómico o ritmo de crecemento do produto interior bruto é inferior ao previsto para España, de acordo coas previsións que está manexando o Goberno.

E, desde logo, en emprego os resultados van ser moito peores, a diverxencia é moi marcada. Retornamos á normalidade outra vez, á normalidade dun comportamento máis moroso, menos intenso da economía galega, sobre todo en creación de emprego.

E este prognóstico non só é confirmado, senón que é agravado, por algúns observadores externos, por exemplo o Observatorio Rexional da Fundación do Banco Bilbao-Biscaia-Argentina, de finais de novembro, indica que o crecemento para Galicia do PIB será do 2,1 % e non do 2,4 %. Para España do 2,5 %.

E en emprego as previsións son que o emprego se expandirá o 1 %, é dicir, aproximadamente 10.000 empregos en Galicia. Pero en España crecerá o 2,5 %. E, sen embargo, o orzamento que nos presenta persevera nas políticas que nos conducen a esta situación.

A análise do cadro macroeconómico preocúpanos, tamén, noutro aspecto, que é na composición do crecemento previsto. Hai un menor crecemento previsto do gasto privado en Galicia que en España, pese ás rebaixas impositivas, o cal indica que hai un certo fracaso do traslado desas rebaixas ao comportamento dos axentes económicos, e en parte isto está motivado xustamente pola —poderíamos chamar— inelasticidade do crecemento do emprego á variación no PIB en Galicia.

Se non se crea emprego estable en cantidade suficiente, ¿como vai despegar o gasto privado? E o cadro macroeconómico fía así o crecemento do ano 2017 ao investimento privado, xustamente á variable máis imprevisible, máis volátil, máis ligada ás erráticas expectativas empresariais, aos *animais spirits*, que dicía Keynes; unha incerteza e unha volatilidade que vai ser impulsada pola desaceleración da demanda interna, a alza do prezo do petróleo, os tipos de xuro en ascenso e fenómenos xeopolíticos de tanta importancia como o Brexit, a elección de Trump ou as eleccións previstas en Europa nos próximos meses.

Por tanto, señor conselleiro, é posible, dado que é o investimento o motor do crecemento para Galicia do próximo ano, que asistamos, finalmente —é posible—, a un crecemento e a unha creación de emprego inferior ás previsións.

E para isto claro que hai políticas alternativas. Impulsemos un pacto de rendas cos axentes sociais, impulsemos un acordo social para favorecer o emprego estable e para que a evolución dos salarios siga á da produtividade e permita reforzar —digamos— o gasto das familias.

Estes serían elementos necesarios para pór en marcha unha estratexia alternativa, que fixera que o crecemento do futuro estivera máis dirixido pola demanda interna e, por tanto, tivera máis capacidade para ser real.

Un segundo argumento para a devolución do orzamento, dende o noso punto de vista, ten que ver cunha estratexia fiscal incorrecta.

Hai dous elementos centrais na estratexia fiscal que seguiron nestes anos. A primeira é que complicaron as finanzas da Xunta de Galicia na esfera financeira, sen resultados apreciables na economía real, acumulamos moita débeda. Se incluimos 2017, a débeda formalizada incrementouse en 6.500 millóns de euros. Máis de 2 de cada 3 euros de débeda son a responsabilidade directa do señor Núñez Feijóo. Se incluimos os resultados dos instrumentos de colaboración público-privada, quedan por devolver, aproximadamente, 2.800 millóns de euros. Sumando un e outro estamos próximos ás cifras do PIB.

Podemos dicir que Alberto Núñez Feijóo incrementou a débeda —perdón, as cifras do orzamento da comunidade autónoma—, aproximadamente, no orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia.

Hai dous criterios para xulgar isto, e hai que cumprir os dous. O primeiro é a sostibilidade. Esta débeda, ¿pódese pagar? Eu digo que si. Non me preocupa o volume de débeda, non me preocupa, creo que se pode pagar, creo que a Xunta de Galicia fixo —neste sentido— un exercicio sensato, podemos perfectamente devolver a débeda no futuro. Tanto é así que nós somos partidarios neste ano, fronte ao que vostedes propoñen, de usar todo o déficit permitido polo Consello de Política Fiscal e Financeira e, por tanto, de incrementar do 0,5 % ao 0,6 % o déficit no que incorra a comunidade autónoma para incrementar o noso gasto en 60 millóns adicionais, e, por tanto, aumentar a débeda neses 60 millóns.

Por tanto, non é ese o problema. É certo que creceu menos que a media das comunidades autónomas, que se medimos isto en termos non de PIB —que é unha medida incorrecta—, senón de ingresos financeiros estables da comunidade autónoma, temos moita capacidade para devolver a débeda que temos acumulada. Non nos preocupa isto.

Con todo, dúas observacións, menores pero interesantes, pesarán sobre os orzamentos futuros: imos ter que pagar os xuros e devolver unha parte desta débeda, como pesan as concesións público-privadas. Fíxose o hospital Álvaro Cunqueiro, pero temos que introducir todos os anos ducias de millóns de euros para facer fronte a isto.

Por tanto, condiciona os orzamentos futuros, e tamén —como vostede ben sabe— estamos por riba do nivel autorizado na Lei de 2012, e, por tanto, necesitamos facer un esforzo de axuste adicional nestas magnitudes para poder cumprir isto, a non ser que o PIB se expanda excesivamente. Podemos pagala, pero non é gratis.

¿Pero onde non cumpre a Xunta de Galicia? Non cumpre en termos de eficiencia, e iso é o que nos preocupa. Hai que cumprir tamén en termos de eficiencia. A débeda é correcta se permite xerar os recursos grazas á mellora da situación da economía, que permite pagala no futuro. E ese segundo criterio non se cumpre.

Vemos que hai un descenso moi considerable nestes anos da formación bruta de capital que non está financiada por medio das transferencias de capital. Desde os 2.000 millóns do ano 2008, a menos de 700 millóns en 2015. Ten despois unha subida posterior en 2016 e 2017.

Só é a relativa estabilidade dos fondos europeos, basicamente, porque o Fondo de Compensación Interterritorial practicamente desaparece como un elemento interesante, o que permite manter os niveis de investimentos da comunidade autónoma de Galicia nun nivel importante.

O financiamento con pasivos financeiros, é dicir, con débeda da formación bruta de capital autónoma, foi en media nos últimos sete anos dun 80 %.

En resumo, hai un incremento moi alto do endebedamento, ao mesmo tempo que hai un forte descenso dos niveis de investimentos que ten a Xunta de Galicia. Canto máis se endebeda a Xunta de Galicia, menos prepara o futuro. O criticado goberno do señor Touriño investía arredor de 2.000 millóns de euros e financiaba todo con aforro no ano 2008. Pero era un desastre, dicía o señor Alberto Núñez Feijóo naquel momento.

O Goberno do señor Núñez Feijóo inviste menos de 1.000 millóns de euros, deixando fóra os fondos europeos, e financia case todo con débeda. ¿Como cualificaría vostede este comportamento se usara o mesmo criterio que para falar do comportamento do Goberno do señor Touriño?

Pero, sobre todo, preocúpanos a relación entre débeda e crecemento. O crecemento do PIB é máis baixo que a media española, aínda non chegamos ao nivel do 2008; a evolución do emprego, máis negativa; a taxa de ocupación, en caída libre; o gasto en I+D, en descenso sobre o PIB, que xa digo que é máis baixo que no ano 2008; e estamos no 0,89 % do gasto en I+D sobre o PIB, cando estabamos no ano 2008 no 1,3 %. Unha caída de case 6.000 empresas entre o ano 2008 e o ano 2016, unha caída da produtividade aparente do traballo —sobre todo das manufacturas— en relación con España.

¿Hai algún indicador positivo? Si, a taxa de cobertura das exportacións, grazas, sobre todo, ao que ocorre en automóbiles e en confección; son os indicadores mellores, pero os resultados globais non son felices en comparación co resto da economía española.

Por tanto, imos ter moitas dificultades para pagar a débeda acumulada cos dividendos dos investimentos realizados con esa débeda, e, por tanto, ese é o problema, non é o volume, é o uso dos recursos o que nos preocupa.

¿Que faría un xestor profesional nestas circunstancias? Pois cambiar de política, e se non é capaz de cambiar de política, pois tería que marcharse; pero é xusto o contrario o que sucede nos orzamentos do 2017, perseverárase no erro sen ter en conta os resultados.

E preocúpannos dous feitos adicionais: o primeiro é que —como dicía antes— a capacidade de endebedamento da comunidade autónoma está por debaixo da autorizada, e perdemos 60 millóns de euros. Nunha situación onde temos unha taxa de desemprego moi importante, onde —digamos— a taxa de uso da capacidade de instalar as empresas está por debaixo dos límites razoables, reforzar o investimento público, reforzar as políticas públicas con eses 60 millóns non compromete a sustentabilidade das finanzas públicas, pero significa unha inxección adicional para o crecemento.

E preocúpanos, tamén, que o que ten previsto o orzamento é unha redución do aforro corrente, con implicación sobre o volume de investimentos. A formación bruta de capital autónoma estáncase en termos de PIB, non medra en termos de PIB e reduce o seu peso no orzamento consolidado.

Nós cremos que extremar o rigor no cumprimento de déficit non é adecuado e ocasiona efectos negativos sobre o crecemento e no emprego.

O segundo elemento que nos preocupa da súa estratexia fiscal ten que ver, xustamente, coa política tributaria. Para nós é unha política tributaria regresiva, que inhibe o crecemento e agudiza as desigualdades sociais. Hai rebaixas selectivas, con beneficios fiscais específicos, que están centradas na imposición directa de carácter patrimonial nas súas diversas formas, e unha renuncia ao uso da capacidade de alterar —digamos— a progresividade á alza do sistema fiscal.

Os beneficios fiscais agregados —vostede díxoo— son case de 400 millóns de euros. É certo, máis recursos para as familias, para as empresas, pero, sobre todo, para as familias. Pero significa tamén menos recursos para reforzar os servizos públicos, para reforzar a política de combate contra a pobreza, para reforzar a creación do emprego impulsada desde o ámbito público, menos recursos para outras cousas. E, por tanto, debemos comparar ambas cousas.

Esas rebaixas impositivas teñen tamén un custo en termos sociais. Serían aceptables se mellorasen o patrón de distribución da renda, para facela —digamos— máis xusta, máis equitativa, para reforzar a igualdade na sociedade. Pero van, xustamente, en sentido contrario. Serían razoables se de novo impulsaran o crecemento económico, se serviran para impulsar comportamentos económicos que favorecesen o crecemento e, por tanto, permitiran pagar no futuro esas bonificacións fiscais. Pero non ocorre nada disto.

En termos de equidade, o patrón de reformas da fiscalidade ten un impacto agregado regresivo; sobre todo se comparamos co que está sucedendo noutras comunidades autónomas. Con todo, hai unha coincidencia: en que Galicia nestes anos, aínda que o índice de Gini —que é un indicador convencional da desigualdade— non é moi alto en termos comparados con outras comunidades autónomas, está empeorando os seus resultados nos últimos anos, en que hai 40.000 fogares sen ningún tipo de ingreso, en que hai unha redución do peso dos salarios no PIB durante estes últimos anos de, aproximadamente, tres puntos porcentuais; en que, en xeral, os efectos dos cambios que se están producindo no ámbito do mercado son negativos sobre a desigualdade e, por tanto, é máis necesario ca nunca introducir medidas de corrección disto, primeiro, dándolles oportunidades aos individuos e, segundo, corrixindo os efectos máis negativos desas políticas de mercado. Non ocorre nada disto.

En relación cos efectos económicos, propiamente, desta estratexia, hai dous, a curto prazo e a medio e longo prazo. A curto prazo os efectos sobre a demanda son peores que no caso do gasto público. Esta liña de bonificacións selectivas está competindo con máis gasto público e, por tanto, cómpre comparar ambas. O gasto público ten efectos multiplicadores directos máis importantes que estas rebaixas fiscais selectivas. Porque aqueles que son beneficiarios destas rebaixas fiscais, ás veces gástanos; pero ás veces afórranos. Ás veces gástanos fóra, ás veces invístenos fóra.

Unha política de gasto público ben dirixida faría que as familias con menores ingresos, ou sen ingresos, tiveran capacidade de gasto e, por tanto, estaríamos seguros de que gastarían eses recursos e de que os gastarían aquí. O efecto sobre o crecemento a curto prazo sería máis claro.

E tampouco nos gusta o efecto a medio e longo prazo desas medidas. As bonificacións fiscais poden alterar o comportamento económico. Se alterasen en favor dun maior crecemento, dunha maior formación, estaría ben. Se incentivasen o gasto privado en I+D, en maior investimento, pois podíamos aceptalas. Pero os datos non avalan eses efectos, nin en investigación nin en creación de empresas nin en formación bruta de capital privado nin en emprego estable nin en crecemento. Os efectos a medio e longo prazo non xustifican o custo social nin a redución do gasto público, o cal non quere dicir que non haxa algúns beneficios fiscais que haxa que manter e algúns beneficios fiscais que conveña revisar para mellorar. Pero hai outros que claramente poden ser eliminados.

Nós defendemos unha política fiscal máis progresiva, que eleve a progresividade actuando sobre os tramos altos dos impostos directos —IRPF e patrimonio—, que revise as bonificacións, eliminando aquelas que carecen de efectos sociais ou económicos significativos; e, sobre todo —como verían na nosa emenda—, que impulse a fiscalidade verde, na que hai consenso, consenso tamén da comisión de expertos que contratou Montoro para facerlle unha proposta que despois non seguiu. A fiscalidade verde é o futuro, temos marxe nas comunidades autónomas —en concreto en Galicia— para facelo mellor. Nós propomos introducir algunhas medidas que xa están funcionando en comunidades autónomas, incluso gobernadas polo Partido Popular, e, por tanto, deberían facer uso deses efectos.

E, por último, nós tamén defendemos a devolución do orzamento porque cremos que outra política de gasto é posible. Vou ser moito máis sintético, porque non teño tempo. Pero diríalle que é posible apostar por unha recuperación máis firme e máis inclusiva. O Plan estratéxico da Xunta de Galicia establece para 2020 un obxectivo dunha taxa de emprego do 70 %. O nivel de 2015 é do 61 % e, sobre todo, a creación de emprego prevista —e pouco probable— para o ano que vén non nos permite avanzar nesa dirección.

Hai que facer un plan de emprego efectivo, e non só facelo senón executalo. Executar os fondos de emprego, que teñen unha taxa moi por baixo da que sería razoable nesta situación. Hai que facer un acordo social, facer unha política de rendas adecuada. Hai que recuperar o nivel dos servizos públicos básicos. Hai que mellorar a eficiencia nos servizos públicos, con melloras na atención primaria ou na xestión hospitalaria, cun plan de redución do abandono escolar ou de reforzamento das competencias educativas. Ten que haber máis fondos para destinalos a combater os niveis de pobreza. Pódese garantir a gratuidade dos libros de texto, reforzar as prestacións para a dependencia, cubrir a demanda da Risga —que están moi por detrás os fondos destinados a isto—, reforzar os programas de vivendas en alugamento para as rendas máis baixas. E podemos tamén reforzar a competitividade no medio prazo.

En I+D+i o obxectivo que ten o Plan estratéxico da Xunta é chegar ao 1,7 % do PIB no ano 2020. O 1,7 % sería apenas o 60 % do obxectivo para o conxunto da Unión Europea. Pero nós estamos xustamente na metade disto, na metade disto. E estamos retrocedendo nos últimos anos. Por tanto, estémonos afastando dese obxectivo modesto que trazamos no Plan estratéxico.

Temos que garantir a execución dos fondos europeos, é importantísimo, porque son recursos case gratuítos para a comunidade autónoma.

E, fíxese, será a lexislatura do rural, pero o Feader, segundo os datos do Ministerio —que son os que eu consultei—, leva de 2014 a 2016, inclusive, unha taxa de execución do 4,5 %, a media das comunidades autónomas en 2009.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pasaron xa tres anos dos sete en que consiste o programa, e o 4,5 %. Pero é a lexislatura do rural.

Necesitamos unha administración máis transparente. Reformas, si; pero as que afectan ao Cixtec ou ás industrias forestais están pouco meditadas e non son funcionais. Teñen motivacións políticas. Non hai administración, non hai un empeño por avaliar as políticas públicas e por mellorar a súa calidade.

Por tanto —remato xa—, nós estamos por devolver o orzamento porque representa unha política económica conformista, resignada, conservadora, continuísta, unha estratexia fiscal incorrecta cun incremento moi acusado da débeda, coincidente cun forte descenso do nivel dos investimentos e unha política tributaria regresiva. E porque consideramos que outra política económica non só é necesaria senón que ademais é posible, que permita a recuperación económica firme e inclusiva e reforzar a competitividade no medio prazo.

Por iso, señor conselleiro, nós imos defender e imos votar pola devolución do orzamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, para defender as emendas, ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

A posición política do Grupo Parlamentario de En Marea será a petición expresa de devolución dos orzamentos, polas seguintes consideracións que faremos.

En primeiro lugar, e tendo en conta cal foi o discurso do conselleiro, xa aquí explicitado, cremos e estamos convencidos de que estamos diante dun falso relato propagandístico, o relato propagandístico de que as taxas positivas de evolución do PIB se deben ao tipo de política seguida polo Goberno. É dicir, non crecemos como consecuencia da política económica do Goberno. Máis ben, poderíase dicir que crecemos a pesar da política económica do Goberno, cunha excepción notable —e loable, iso si—: no derradeiro trimestre de 2016, como consecuencia dos orzamentos electorais que foron aplicados para influír convenientemente nas eleccións. Xa dixemos no seu momento que ese tipo de política está ben, pero durante todo o tempo, non soamente en momento electoral

Polo tanto, sabemos que volver ao de antes vains levar á situación indesexable na que nunca debemos entrar, que é a situación indesexable que provocou que a crise durase máis tempo do debido e tivese uns efectos máis desastrosos dos debidos, moito máis desastrosos. Unha xestión económica auspiciada pola Troika, polo Goberno central e pola Xunta de Feijóo que prolongou de xeito innecesario a crise e inflixiu unha dor innecesaria na sociedade galega. E, cando dicimos que inflixiron dor innecesaria, estámonos referindo a que políticas económicas concretas, que tiveron consecuencias sanitarias concretas, deron lugar a que hoxe estean aquí sentados no banco dos deputados xentes responsables de denegar medicamentos á xente que os necesitaba única e exclusivamente por razóns económicas e non por razóns médicas, e iso é inaceptable. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a súa política

económica traducida no sanitario e traducida nos dereitos sociais. Aquí están sentados no banco dos deputados. A ver se algún día os teñen sentados noutro banco, como responsables desa indecencia. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mentres isto se produce, mentres a saída dos termos macroeconómicos se produce... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Moléstalles? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Garden silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Moléstalles?

A esta xente moléstalle que digamos que eles, que estaban aquí, denegaron medicamentos aos enfermos de hepatitis C que os necesitaban para cadrar o gasto público. E iso non pode ser, iso non é xusto. E estamos nun debate económico e isto é economía, pero a economía é sanidade, a economía son dereitos, a economía é a xente. E unha de dúas: ou atendemos a xente ou non nos valen os orzamentos. E iso é o que vimos aquí denunciar hoxe, por iso pedimos a devolución da totalidade *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, claro, ¿molesta? Pois se molesta, terán vostedes oportunidades de replicar, non hai ningún problema. Pero agora tócanos a nós falar, porque cremos que saír da crise non é só entrar en termos positivos de PIB. Recuperar a crise, saír da crise, é recuperar dereitos, dereitos que supostamente perdemos pola crise. Pero resulta que non era verdade, porque resulta que, se temos agora o mesmo PIB que no ano 2009, ¿por que non temos os mesmos dereitos sociais que no ano 2009? ¿Que pasou?

Pasou que vostedes aproveitaron algo, unha escusa, crearon unha escusa, nin máis nin menos que unha crise económica, unha crise provocada polos casinos financeiros e da que non tiñan responsabilidade os traballadores e as traballadoras, da que non tiña responsabilidade a xente moza, para negarlles os seus dereitos, os seus dereitos laborais, os seus dereitos educativos, os seus dereitos sanitarios, para forzar a xente á emigración, para forzar a xente a facer o que non quería facer, porque vostedes non facían o que tiñan que facer, que era prover condicións de vida dignas. Iso é o que lles faltou e iso é o que lles segue faltando.

Aproveitaron unha crise provocada polos mercados, polos mercados. ¿Que son os mercados? No ano 2013 tivemos que afrontar no Parlamento español a indecencia de modificacións de normas de carácter ambiental e de carácter de ordenación do territorio, como era a propia Lei de costas, baseada, entre outras cousas, en tranquilizar os mercados. No borrador desa lei, da Lei de costas, nin sequera se facía referencia a criterios ambientais. ¿Por que? Porque o único que os ocupaba, unha vez máis, era a rapiña que podían facer os mercados do noso litoral.

Este é o tipo de preocupacións que xestionaron vostedes durante a crise, e que seguen xestionando hoxe en día. Foi unha escusa para modificar un modelo social. E ¿cal é o resultado desa inxustiza? O resultado desa inxustiza está ben claro, e ao mellor vostedes non o perciben aquí no Parlamento, pero fóra hai xente agora mesmo manifestándose pola perda de dereitos, hai fóra xente sufrindo. Temos un país máis inxusto despois da súa xestión, con 207.000 persoas sen traballo no noso país, con 4 de cada 10 asalariados cobrando menos de 1.000 euros ao mes, coa metade da poboación asalariada precaria, cun disparamento da

desigualdade. E non o dicimos nós, é o indicador AROPE, emitido tamén conforme datos emitidos polo IGE e por institutos públicos. O 26 % dos galegos e galegas, é dicir, 750.000 persoas, están en risco de pobreza ou exclusión social. E o día 26 de decembro de 2016 saíron os datos do IGE, do Instituto Galego de Estatística, dicindo que aumentaba en máis dun punto a poboación galega en situación de pobreza extrema. Non sei qué lles fai graza. A eles seguro que non lles fai ningunha graza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Rímonos, si.

Hai 72.000 fogares onde todos os membros están en paro —a nós non nos fai graza isto—, 763 euros medios ao mes, as pensións máis baixas do Estado. ¿Esta é a senda da que falaba o conselleiro? ¿Esta é a senda? Nós non queremos esta senda. Non, non a queremos, por iso pedimos a devolución dos orzamentos. Queremos unha saída da recesión distinta da que vostedes propoñen; unha saída da recesión, a súa, que agrava a desigualdade e agrava a precariedade. A crise foi unha estafa, unha estafa ocasionada por un sistema globalizado, sen normas, que foi utilizado para a destrución do Estado social, do Estado do benestar, o Welfare State anunciado despois da II Guerra Mundial fronte ao Warfare State, o Estado de guerra. O que buscaba o Estado do benestar, vostedes estano destruindo, creando con isto o Estado do malestar: o Estado do malestar social, o Estado da precariedade social, o Estado da precariedade laboral, o Estado dunha xente moza que non ten posibilidades de vivir con dignidade, de traballar, cando rematen os estudos, na súa terra. ¿Onde vai a meirande parte da poboación entre 25 e 35 anos neste momento? Emigrada porque vostedes non se ocuparon nos seus orzamentos de proverlle unhas condicións de vida dignas.

¿Isto é o que nos veñen presentar hoxe? ¿Iso é o balance dos sete anos, dos oito anos de xestión? Pois se esta é a senda, non queremos esta senda. Isto é unha escusa simplemente para un cambio de modelo. Se pola crise perdemos dereitos, o normal será que despois da crise recuperemos estes dereitos. Pero non temos iso así, e agora o demostraremos tamén, vendo os cadros comparativos.

Non se aproveitou esta recuperación para recuperar dereitos económicos e dereitos laborais básicos nin para abordar o cambio na estrutura produtiva do país, non. Temos o mesmo PIB, o mesmo produto interior bruto, que no ano 2009, e, sen embargo, temos 110.000 asalariados menos no noso país. ¡Valente recuperación económica! ¡Valente saída da crise esta!

Temos unha redistribución moi negativa, en contra das rendas salariais e a favor do excedente empresarial. Un desastre económico en termos de maiorías sociais; non de minorías sociais, pero si de maiorías sociais.

Galicia está, tamén cos mesmos datos, na cola do crecemento económico. O Goberno de Feijóo foi o peor goberno a nivel de xestión económica da historia da democracia en Galicia. De todos os anos que gobernou Núñez Feijóo, mantivo catro anos en recesión e dous anos en estancamento a economía do noso país. ¿Esa é a senda que temos que seguir? Nós pensamos que non.

A recesión en Galicia foi moito máis dura que no conxunto do Estado español. Fronte ao 8,6 % do Estado, o 9,5 % en Galicia. Caemos máis e medramos menos, esa é a senda, jesa é

a senda! Somos máis pobres co goberno de Núñez Feijóo e cos seus orzamentos; máis pobres desde que vostede chegou, desde que vostedes chegaron ao goberno. Feijóo fainos máis pobres en termos relativos en relación co conxunto da cidadanía do Estado español.

Cando vostedes chegaron, en 2009, supuña a renda galega o 88 % da estatal, e hoxe é o 87 %, unha redución, polo tanto, en termos comparativos de pobreza no conxunto do Estado. Pero é que ademais temos tamén a peor evolución do emprego de todo o Estado. Hoxe hai 98.000 ocupados menos e 45.000 desocupados máis que cando vostedes chegaron ao goberno. E ademais ¿como se explica ese diferencial? Hai 53.000 persoas emigradas ou que xa desisten de buscar emprego no sistema público. A peor evolución de emprego de todo o Estado. Fronte a unha evolución negativa do 3 %, desde que chegaron no ano 2009, ata o 2017, no conxunto de Galicia, co seu goberno, o 8,5 %.

Os datos de desemprego son aínda peores. Do 5 % no conxunto do Estado, e incrementouse o 28 % no caso de Galicia. Fannos vostedes comparativamente máis pobres, relativamente máis pobres, no conxunto do Estado español, e isto para nós non é aceptable. E destrúe, desde logo, ese mito do que sempre consideraron a Galicia, ese mito dos bos sectores. ¿Esta é a boa xestión? ¿A xestión que segue mandando xente á emigración? ¿A xestión que fai que non naza xente? ¿O devalo demográfico? O devalo demográfico non é unha doenza, é un síntoma. E é un síntoma dunha Galicia minguante que vostedes están dispostos a aceptar e nós non. Porque nós cremos que os instrumentos de intervención da política na vida —e os orzamentos son o fundamental— teñen que servir para reverter esa situación, e vostedes non o están facendo. ¿A que esperan? Esa non era a senda, ten que ser outra.

Vivimos nunha sociedade cada vez máis desigual. A desigualdade salarial, que é unha das principais desigualdades que atinxen e que senten todas as persoas nas súas casas, medrou un 40 % por culpa do recorte dos salarios e do aumento da precariedade. Se temos o mesmo PIB que no 2009 e se produciu esta modificación, está clara unha cousa: que se produce unha redistribución inxusta da renda e da riqueza, porque co mesmo PIB hai moitas persoas, moitos traballadores e traballadoras, que son moito máis pobres que hai sete anos, cando vostedes chegaron ao goberno. ¡Por algo será! Será que esta non é a senda. E esta é a razón tamén, en termos non individuais senón de carácter colectivo nas familias, de que os ingresos medios dos fogares galegos se reducirán o 14 %.

A isto debemos de unir e de sumar a pesada lousa do endebedamento nos orzamentos. Aí si que a senda ten que ser esta. Pois se a senda ten que ser esta, vexamos a ver. A débeda pública de Galicia aumentou dúas veces máis na época de Feijóo que cos catro presidentes anteriores nos 27 anos de Autonomía anteriores. Un aumento medio da débeda pública de mil millóns ao ano, ¡magnífica xestión! Ademais, ¡se aínda valeran para facer investimentos produtivos!... pero nin sequera valeron para iso. ¡Pois expliquen para que valeron! Dos 3.900 millóns de euros de débeda que había cando vostedes chegaron, agora, no orzamento de 2017, levan acumulado 10.600 millóns máis a débeda encuberta, máis a débeda pública encuberta, a da construción do hospital de Vigo ou determinadas contratacións de colaboración público-privada, que nos fan unhas débedas acumuladas de 3.000 millóns de euros ata o ano 2040. Sumemos todo iso, 13.000 millóns de euros de débeda pública. Todo isto que pa-

gamos en débeda sen que reverta en investimentos de carácter produtivo. Hoxe estamos dedicando, nos orzamentos de 2017, o 17 % dos recursos a paliar a débeda.

Preocupante marco económico, por outra parte, no que vostedes basean o orzamento de 2017; un escenario que asume os escenarios macroeconómicos, tanto para Galicia como para o conxunto do Estado español, que son resultado da obediencia debida; esa obediencia debida da que Feijóo falaba, dos responsables de sanidade en relación coa denegación dos medicamentos. Fixérono por obediencia debida, fixeron o seu traballo, fixeron o que tiñan que facer... ¿Vostedes tamén fan o que teñen que facer? ¿Non teñen capacidade de decisión? ¿Non teñen capacidade para trazar unha estratexia económica que nos saque da recesión pola vía do incremento dos dereitos e pola vía da capacidade de xerar emprego con calidade? ¡Non!

Pois aquí igual. Un escenario que é obediencia debida do catecismo ordoliberal que vén de Bruxelas, no caso da Comisión Europea, ou que vén de Frankfurt, do Banco Central Europeo. Este escenario confirma que a austeridade non é expansiva, que conduce á desaceleración, e que cando aquela se deixa de cumprir en conxunturas electorais, vólvese á mesma senda.

Xa denunciámos aquí noutras ocasións, e volvemos facelo hoxe. Existe un incremento, no derradeiro trimestre de 2016, diferente dos anteriores, que produciu unha modificación en relación con esa senda que é consecuencia do ciclo electoral. Volvan a ese aplicando os mesmos criterios. A nós válenos, ¡a nós válenos! ¡Teremos que facer eleccións todos os anos! Produciuse unha forte desaceleración do crecemento económico salvando esta excepción.

Esta previsión do Goberno, que aceptan acriticamente, supón o recoñecemento explícito dunha falta de consistencia da actual fase do ciclo, porque, unha vez que se esgotou, unha vez que esgotaron o impulso de factores externos que non dependían de vostedes: o petróleo, a paridade euro-dólar, a política monetaria expansiva do Banco Central Europeo, igual que tampouco dependían de vostedes os investimentos de Pemex en Galicia, e unha vez que dixeron que si, e logo dixeron que non, quedaron coa boca aberta sen poder facer nada porque iso non era política industrial. A política industrial é facer investimentos, a política industrial é ter unha estratexia, a política industrial non é facer anuncios electorais que dependen de terceiros, dos que despois un non pode dar conta e queda coa boca aberta cando despois a empresa anuncia que non fará o investimento en Punta Langosteira. Pois así todo, ¡así todo! ¡Ocorrencias! Non estratexia económica, ¡ocorrencias!

Pois ben, cando acabe o impulso dos factores externos, o do gasto público polo ciclo electoral, a economía galega volve á fase de crecemento débil, o que demostra que non se corrixiu ningún dos desequilibrios de fondo da economía.

Demostra tamén a falsidade do discurso do Goberno. Non foron os recortes nin a devaluación salarial o que explicou a volta ás taxas positivas do PIB, senón todo o contrario. A política austericida provocou a recesión, aumentada no tempo, comparativamente, en relación con outras economías precisamente pola forma que tiveron vostedes de xestionar o ciclo económico. Todo isto aderezado coas condutas especulativas duns sistemas financeiros que, a pesar disto, seguen a imprimirlle o carácter neoliberal aos seus orzamentos. Desaceleración que se consolida neste cadro macroeconómico que vostedes aceptan acriticamente.

E a pesar de toda esta evidencia, tanto da debilidade da demanda interna como do papel determinante que tivo o gasto público no crecemento en 2015-2016, con ese estímulo electoral, o orzamento de 2017 volve ao que é o seu sino de identidade: a senda do axuste e os recortes, que están no seu ADN.

Prodúcese na nosa opinión un brutal —na nosa opinión constatada coas cifras que vostedes presentan— recorte do gasto público. O incremento de 2017, que vostedes presentan como grande incremento de gasto expansivo, é claramente insuficiente, decepcionante e, desde logo, tendo en conta o seu discurso triunfalista, algo absolutamente ridículo en termos de recuperación.

Nós xa sabemos que vostedes celebraron a recuperación e celebraron a saída da recesión oficialmente de varias maneiras. A primeira delas, recuperando os fastos do Obradoiro. Pero bueno, está ben, págano cos seus cartos. O problema é que celebraron a saída da crise tamén con outras medidas que non afectan a un peto solo, que afectan aos petos de todo o mundo. E falo de dúas medidas moi concretas, para que se entenda ben: en relación co t́icket enerxético e en relación co programa Aluga. Si, si.

Para o ano 2016, o orzamento do t́icket enerxético creo que estaba en 2.100.000 euros. Para o 2017, saído do DOG desta mañá, son 793.000 euros. ¿Que pasa? ¿Xa non hai pobreza enerxética? ¿Xa a xente non necesita as axudas? ¡Claro, como saímos da crise, a xente non ten problemas! Como vostedes escriben no papel ou din desde a tribuna que saímos da crise, ¿a xente xa pode pagar a luz?, ¿a xente xa non pasa frío? ¿Iso é o que vostedes pretenden trasladar socialmente con esta afirmación, e con esta afirmación de carácter económico que reflicten hoxe no DOG? Veñan aquí e explíqueno no turno de réplica, se queren.

Programa Aluga. Orzamento previsto para o ano 2016, 170.000 euros aproximadamente. Para o 2017, 46.000. Vese que xa non hai problemas de vivenda, vese que a mocidade xa está toda ben acomodada e xa non ten necesidades de axudas para o alugueiro. Vese que non hai familias que teñan ingresos que xustifiquen estes programas. E como nada disto é necesario, ¿vostedes que fixeron co remanente do ano pasado do t́icket enerxético? Iluminar o Gaiás. ¡Iso si que é unha ocorrencia, eh! ¡Iso si que é unha ocorrencia! Iso si que é a senda, ¡a senda que vemos desde o Parlamento cando saímos de noite e vemos as bombillas todas que van iluminando ata ese gran mamotreto da anticultura que é a Cidade do Gaiás! ¡Aí si que se enterran os orzamentos da cultura aos que despois me referirei! Si, si. Para iso. Para outras cousas non, pero para iso si.

Un brutal recorte do gasto público, falaba. Neste escenario dun PIB estimado de crecemento do 3,6, non se pode entender que o orzamento seu medre o 2,9, por debaixo do PIB nominal. A ver se vén e nolo explica tamén. Polo que, obviamente, non son unhas contas expansivas en relación coa propia previsión de crecemento, senón todo o contrario.

E vamos ao concreto dos seus orzamentos tamén, para non perdermos máis no tempo, que para algúns se nos antolla escaso.

Nunha comparativa desde que vostedes chegaron a agora, desde o 2009 ao 2017, das distintas funcións do orzamento, imos debullar, así a grandes rasgos, as máis significativas. A pro-

dución de bens públicos de carácter social, isto é, o gasto social, reducírono vostedes un 14 %. Vese que non era necesario facer investimento social, vese que non. Vese que, co mesmo PIB que en 2009, unha consolidación de redución do 14 % é o normal, é o positivo, é o que hai que facer, porque están os dereitos sociais asegurados. Está a saúde, a sanidade, a educación, aseguradas, ¡todas!; polo tanto, non fai falta nada disto. Pero é que a produción de bens de carácter económico, a capitalización e o investimento que fai o país, reduciuse un 47 %. Pero, claro, non fai falta investir no país. Os investimentos e a capitalización non fan falta, por iso os reducen.

Tamén en relación cos sectores produtivos e o desenvolvemento empresarial, que cae un 39 % tamén nesa comparativa, ou a protección e a promoción social ou a política social en xeral, que cae consolidadamente un 18 %. ¡Todo baixa nos orzamentos do Partido Popular! Bueno, ¡todo menos a débeda! O servizo da débeda multiplicouse, desde o ano 2009, 3,5 veces, o que equivale a 1.429 millóns de euros máis agora que en 2009. Isto é o único que se incrementa. Bueno, increméntase tamén a reserva de Vega Sicilia de Feijóo na súa casa, ¡iso tamén se incrementa!, como consecuencia da súa xestión, da xestión orzamentaria dos últimos sete anos. Iso increméntase como consecuencia da boa xestión tamén dese plan público de transporte, desa adxudicación de transporte que finalmente anuláron os tribunais pero que tantos resultados deu e tanto agradecemento mereceu ao presidente e a outros deputados que aínda andan por aí sentados.

Indo ao máis concreto aínda: subfuncións do orzamento comparativamente entre o 2009 e o 2017. En sanidade, un 14 % menos. Agora, claro, ¡hai xente á que lle estraña o colapso de urxencias! Claro, o colapso de urxencias, ¡como non era previsible que houbera un pico de gripe...! Era previsible para todo o mundo menos para vostedes. Pero é que non é un problema exclusivo das urxencias, que están colapsadas, é un problema tamén da infradimensión que teñen nestes momentos os servizos de Atención Primaria. Pero si, pódese consolidar a redución nun 14 %.

En educación, un 18 %. E en cultura, agás para iluminar o Gaiás, unha redución do 64 %, ¡64 % menos en cultura! Despois, claro, así temos un presidente da Xunta que sae dicindo que Picasso era catalán, ou que vai traer os Chieftinstains. ¡A falta de cultura...! Bueno, iso e non saber que o luar o botan os venres, ¡que iso si que ten...preocupación a nivel cultural! (Risos.) Desde logo.

Partidas para infraestruturas e ordenación territorial. Veu vostede falar aquí de intermodalidade. A intermodalidade non se referirá á de Lugo, porque co investimento que hai en 2017 para a de Lugo, creo que nin buses, nin trens, nin nada; ¡xa non digamos calquera outro medio de locomoción!

Actuacións medioambientais. Consolídase unha redución do 68 % desde o 2009. Non me estraña así que a reparación ambiental do monte Pindo se lle negara á sociedade civil facela a pesar de que vostedes tampouco a facían. Ou que teñamos os problemas de incendios que temos no verán porque non se atende a política ambiental durante todo o ano. E a desertización do rural, igual, porque se consolida unha desaparición, unha redución, dos orzamentos dedicados a esa materia entre un 33 % e un 20 %.

Desenvolvemento empresarial. Consolidación dunha redución do 51 %. Así está o Porto seco de Monforte, seco de actividade empresarial. Así está o Polígono da Plisán tamén, o gas que vostede coñece tan ben.

En normalización lingüística, veu aquí e tivo a cara dura de vir falar do incremento dos recursos para a promoción do galego, cando hai unha redución desde o 2009 do 78 %. Que non é que se reduza moito ou pouco, é que, se vemos os datos do IGE, do Instituto Galego de Estatística, coa perda continua de falantes, sobre todo da poboación moza, fai que vostedes converteran a expresión gastronómica «vergoña do galego» nunha expresión ideolóxica: «teñen vergoña do galego». E por iso consolidaron esta redución á normalización lingüística, que é das máis groseiras que se producen consolidadamente a efectos de carácter orzamentario. O único que se incrementa durante estes anos é a débeda pública, que sobe un 354 %. ¡O único!

¿E que pasa en 2017? Pois que volve o axuste, volve o axuste, volve a redución do peso do orzamento en relación co PIB, perda de peso do gasto público en relación coa economía. En 2009 o peso do orzamento dentro da economía galega ascendía ao 20 %; hoxe é o 15 %. Temos menos capacidade de incidir, desde o punto de vista económico, desde o punto de vista público da economía, no que pasa na sociedade a nivel económico, e, polo tanto, tamén a nivel social. ¡Espabilen!, ¡esa non é a senda! Porque o orzamento pode estimular a economía, pode supoñer a recuperación de dereitos, pode garantir a dignidade das persoas, pero para iso é necesario unha senda diferente.

Hai 3.000 millóns de euros menos en relación co 2009, o que se traduce nunha deterioración da calidade dos servizos públicos, das prestacións sociais e da modernización da economía, os sectores produtivos e as infraestruturas do noso país. A este ritmo, a este ritmo espectacular de crecemento que vostedes anuncian nos orzamentos de 2017, necesitaríamos ata o 2031 para volver —en termos reais— ao lugar no que estabamos no 2009. ¡Non está mal a senda, eh! Digo eu que non será cuestión de maratón, será como a marcha que fai Rajoy cando vén aquí pasear pola provincia de Pontevedra.

O conselleiro de Facenda vén dicir que en 2017 o PIB volve ser semellante ao de 2009. E se iso é en termos de riqueza, ¿por que non é en termos de dereitos? Insistimos, ¿por que, se temos a mesma capacidade ou a mesma riqueza, non temos os mesmos dereitos? ¿Por que temos os salarios devaluados? ¿Por que a nosa xente ten menos garantías de carácter salarial? ¿Por que temos acceso a menos produtos e a menos servizos básicos por parte dos servizos públicos? Explíquenos por que. Non entendemos. ¿Cren vostedes nunha Galicia minguante? Nós non cremos nesa Galicia minguante.

Poderíamos facer moitas preguntas sobre o orzamento de 2017. ¿Como se pode explicar que os ingresos correntes se incrementen tan só o 1,4 % mentres o PIB nominal se vai incrementar o 3,6 %? ¿Por que o financiamento autonómico se incrementou o ano pasado en 504 millóns e este ano o incremento ascende soamente a 79 millóns? ¿Como se explica que os gastos de capital, os investimentos reais, transferencias de capital, se incrementen en tan só 54 millóns de euros, mentres que o endebedamento o fai en 422 millóns de euros? ¿Onde vai ese diferencial? ¿Ese é un exemplo de xestión boa da débeda pública? ¿Para iso nos endebedamos? Nós cremos que para iso non había que endebedarse.

¿Como se pode aceptar mansamente que o Fondo de Compensación Interterritorial se incremente en tan só 1 millón de euros, de forma que segue nun mínimo histórico inaceptable? ¿Por que a Xunta acepta todo isto? ¿Por que acepta que se medre por baixo da media do Estado o ano que vén? ¿Por que se conforma con isto? Confórmanse por unha razón, porque non hai estratexia económica, soamente hai aquí un exercicio contable. Pero tan exercicio contable é que, na páxina 105 do Informe económico-financeiro, repiten vostedes un parágrafo do ano anterior sen nin sequera cambiar as cifras. Esa é a súa estratexia económica: repetir, repetir, repetir. Unha Galicia minguante, unha Galicia na que vostedes non cren, e por iso se vai achicando e vostedes van corrixindo nada máis que os números, sen cambiar de estratexia. Incluso literalmente, sen cambiar de parágrafos.

Novo Goberno, vellas políticas. Así foi que o Goberno repetiu a foto fixa do que había antes. Entón, este é un exercicio rutinario de contabilidade e non de estratexia política. Como para vostedes é pouca novidade, por iso nos dan tamén pouco tempo e concentran todo o debate orzamentario nun día, en vez de facelo en tres.

Nós acreditamos, pola contra, nun modelo alternativo, nun modelo de saída da recesión con recuperación de dereitos, porque o que queremos recuperar é un modelo de Estado do benestar no que todo o mundo teña as mesmas oportunidades para desenvolverse na vida, algo que vostedes están negando con este tipo de orzamentos.

Queremos unha nova economía, baseada nun modelo de crecemento inclusivo que non deixe a ninguén á marxe e, polo tanto, que sexa máis xusto e máis sólido. Queremos unha aposta por sectores que amosen maior valor engadido nas ramas industriais, que faga a produtividade no conxunto, a oportunidade de medrar e saír da crise para todo o mundo, non soamente para uns poucos. Queremos que todo o mundo recupere o traballo, pero de forma estable e con dereitos, e que sexa a norma e non a excepción. As reformas laborais non estaban xustificadas en función deste tipo de situación de crise que estabamos vivindo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Polo tanto, é necesario que procedan doutra maneira.

O crecemento da actividade económica está na lóxica do sistema, agora ben, correspóndelles ás administracións públicas garantir que co crecemento do PIB se recuperen dereitos. Queremos recuperar dereitos, queremos que isto sirva para recuperar dereitos sociais básicos. E mentres tanto, temos o ticket enerxético que vostedes seguen reducindo, e que reutilizan para iluminar o Gaiás.

Como conclusión final, concluimos desde o Grupo Parlamentario de En Marea que o proxecto de orzamentos para 2017 é restritivo e, polo tanto, continúa a senda de axustes e de recortes que, unido ao esgotamento dos factores externos, está a provocar na nosa opinión unha intensa desaceleración do crecemento económico. Un orzamento que se reduce en termos reais e que reduce os recursos dedicados aos servizos públicos, ás prestacións, á protección social e á capitalización do país.

Fronte a esta resignación, En Marea formulou unha alternativa económica que é froito do noso discurso de carácter social e de carácter político, co obxectivo de incrementar o orzamento en 690 millóns de euros. E explicamos como facelo: mellorando os ingresos, co obxectivo de financiar unha política que impulse o crecemento, que transforme o desenvolvemento económico e social e que actúe en favor das maiorías sociais.

Son vostedes mansos cos poderes económicos; son mansos co achicamento da economía, co achicamento do país. É necesario ser bravos con iso e non conformarse.

Nós non nos conformamos, hai dous días Marilar Aleixandre lía o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega e, falando da paisaxe, da paisaxe que era interacción humana na natureza, dicía que «cumpría exercitar a resistencia, termar da paisaxe e, sobre todo, sobre todo, imaxinar, e facer desa imaxinación un horizonte dun mundo mellor».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Ten a palabra agora o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Tratarei de dar resposta dunha maneira grupal e ordenada, o que aquí se foi adiantando desde posturas moitas veces totalmente nas antípodas. Creo que se poden dicir as cousas sen chegar a determinadas expresións como as que aquí foron utilizadas, e eu, que son moi vehemente na miña exposición, procurarei facelo o máis ordenado posible. Polo tanto, tratarei de respostar con aqueles bloques de información porque —permítanme a expresión—, basicamente, o que se comentou aquí foi o que xa fora exposto en comisión cando tiveren o honor de defender os orzamentos, en xeral da Xunta e da miña consellería en particular. Polo tanto, era bastante previsible por onde ían vir as cuestións xerais manifestadas por cada un dos portavoces no día de hoxe, se ben é certo que introduciron cuestións novas ás que tamén procurarei, pouco a pouco, en función do meu coñecemento, responder.

En primeiro lugar, e sen ningún tipo de enfrontamento dialéctico, efectivamente temos dous modelos —de sociedade e económico— moi distintos os distintos membros e grupos que estamos nesta Cámara, non o ocultamos. Pero creo que hai moi pouco que se manifestou o corpo electoral e, dunha maneira moi correcta, por certo, sempre que se manifesta o corpo electoral, faino nunha dirección, ¡por algo será! E sempre dunha maneira acertada, sexa cal sexa o resultado. (*Aplausos.*)

Unha cuestión que destaquei varias veces, dunha maneira reiterativa na miña intervención, é o moito que levamos feito, porque nós si que partimos do realismo, actuamos con profesionalidade —iso chámase rigor, cousa que non vin nalgunha intervención no día de hoxe— e actuamos en positivo. Iso non quere dicir que acertemos sempre. É máis, esta actuación que levamos durante todos estes anos ten un certo prestixio e recoñecemento externo, tanto

das persoas que saben un pouco de cuestións de economía xeral como doutro tipo, incluso do posicionamento político. Polo tanto, non podo estar de acordo.

Pero da miña intervención e da intervención deste goberno nos últimos anos, empezando polo propio presidente, nunca nos conformamos, temos unha dose de inconformismo. ¿Por que? Porque cremos que coa nosa actuación positiva podemos corrixir moitas cousas, pero partindo dese realismo. O que non podemos é facer —como algún dos grupos foi adiantando— cuestións da noite para a mañá e nun só ano reverter a situación.

Crecedemento san. Tamén foi adiantado cun certo gracejo por algunha das intervenientes. Creo que é un concepto que se está poñendo bastante, incluso nos últimos tempos. Non máis alá da semana pasada o propio ministro Montoro utiliza por primeira vez o concepto de crecedemento san. Vaia por adiantado que non lle imos pedir ningún tipo de *copyright*, pero para que vaian calando determinadas ideas.

Hai tres etapas nas que vostedes se regodean. Primeiro, negaron a crise alí onde tiveron oportunidade de xestionar. Aquí tamén, durante unha parte. Non souberon xestionala, E, unha vez máis, no seu posicionamento ideolóxico volven a non recoñecer a recuperación económica certa que dende hai dous anos e medio se está producindo en Galicia.

Que quede claro: a nosa opción, efectivamente, non é polo déficit fiscal —como aquí se acaba de dicir—, senón pola consolidación fiscal. O déficit é moi importante, pero non é máis que un resultado e unha opción moi concreta, que é a consolidación fiscal. En esencia o que vén dicir a consolidación fiscal é un control dos resultados, pero tampouco un abuso da débeda. Efectivamente, coincido tamén co que manifestou algún dos propoñentes, no sentido en que non demonicemos a débeda. A débeda, en esencia, depende do nivel, pero tamén da súa estrutura.

Polo tanto, o mellor é ter un orzamento. Cando se cuestiona esa décima adicional —que non imos perder en modo algún a potencialidade que se nos achega—... Porque o máis importante dun orzamento non son soamente as cifras que uns e outros mostramos —eu quizais dunha maneira abusiva fun bombardeando na miña primeira intervención—, nun orzamento dúas cousas son importantes: por unha parte, a cuantificación do posicionamento do Goberno, pero, sobre todo, o que transmite de certezas, que é a forma de mover unha economía avanzada os principais actores: díganse familias, díganse empresas, díganse entidades, incluso moitas delas sen ánimo de lucro. Pero, ao mesmo tempo, tamén, un orzamento o que nos di é para dentro: a importante masa de eficiencia que foi ganada pola Comunidade Autónoma, como se ve tamén na evolución creo que máis que correcta do capítulo III, de xuros; e, por outra parte, non perder nunca de vista o que significou a reflexión, a profunda reflexión económica que vivimos dende o ano 2008 ata mediados do 2014; esa disciplina nunca a debemos de perder, e iso chámase eficiencia de portas para dentro.

Evolución do PIB. Creo que vostedes parten dun erro, non vou falar de manipulación, pero creo que é un erro, un erro manifesto, e algunhas formulacións foron expostas por algúns dos intervenientes con distinta intensidade, pero creo que é un erro.

A ver. Estaremos de acordo en que o ano previo á crise é o ano 2007, o ano que podería ser o ano base. No ano 2008 xa empeza a haber unha crise profunda, negada, en principio, por determinados grupos aquí presentes, e dunha maneira moitísimo máis clara no ano 2009 e sucesivos. Tomando como ano base o ano 2007 —creo que é correcto, metodoloxicamente—, hai dúas cuestións que procurariamos adiantar: en primeiro lugar, as variacións de volume que tivo a economía galega foron do 99,27 %, en España 99,52 %, e, non obstante, son capaces de mostrar todo o seu arsenal dialéctico contra esta política, este goberno do Partido Popular, o señor Feijóo; 99,27 %/99,52 % é o que hai hoxe.

Pero é que, ademais, se facemos esta análise en termos de PIB per cápita, resulta que en Galicia temos o 100,06 % do nivel 2007 e España ten o 97,01 %, e de novo todo o que hai que oír. ¿Pode isto contentar a quen lles está falando? De ningún modo, pero estes son os datos, e así é como trataremos sempre de enfocar as cousas, desde ese rigor que predicamos. Pero o máis importante, efectivamente, é que a mediados de 2017 superaremos o ano que presenta un maior incremento, que é o 2008, como consecuencia de que a crise empeza dunha maneira clarísima a mediados de 2008. Polo tanto, vaia por adiantado.

Tamén fixeron varias referencias todos e cadaquén de vostedes ao cadro macro, cadro macro que, unha vez máis, creo que son prudentes, realistas, equilibrados. Para un, que xa vai tendo unha certa idade, e dedícase a isto da política pública xa hai moito tempo, comprenderán vostedes que cando oe determinadas cuestións, como cando foi de 2015 que se rían dos resultados que propoñiamos daquela, o 2 % —e xa o superamos dunha maneira clara—, 2016, que xa me tocou a min presentar os orzamentos, e tamén había que oír os grupos que aquí estaban, ¡vamos!, as risas chegaban desde o Hórreo ata San Caetano; e unha vez máis quedaron superadas, e así sucesivamente. Repasen, por favor, incluso o que dicían algúns grupos o ano pasado, como a min me gusta repasar tamén para mirar onde poden vir vostedes.

Pero é que cando, ademais, miramos as compoñentes de demanda, ten unhas compoñentes de demanda totalmente equilibradas e creo que prudentes, dunha maneira perfectamente impactada co que coñeciamos cando presentamos, fixemos e conformamos os orzamentos por parte do noso Instituto Galego de Estatística, desde unha óptica puramente profesional. Aí si que non andamos de cociñeiros nin nada parecido.

E resulta que a demanda interna que nós temos, a demanda interna, do 2,4 %, e resulta que a temos moi similar á española. Pero é que cando analizamos as compoñentes de demanda interna, resulta que o que verdadeiramente depende dunha administración son dúas cuestións. Fundamentalmente, o consumo público, 2 %, que está, pero no resto de España, o Estado español, resulta que o ten no 0,9 % e se nos achaca falta de ambición. Pero se iso é o que depende verdadeiramente de nós, como a formación bruta de capital. Hai unha compoñente na formación bruta de capital que depende exclusivamente da nosa Administración; por certo, a comunidade autónoma onde máis se inviste como esforzo investidor, a comunidade autónoma onde máis se inviste por habitante, je o que hai que oír aquí por algún dos grupos! (*Murmurios.*)

Polo tanto, un cadro moi equilibrado. Pero é que, ademais, cando miramos o noso contorno, resulta que nos rimos da evolución que tivemos en 2015, en 2016 e presumiblemente en 2017,

que vén sendo practicamente o dobre do que existe en Alemaña, en Francia, xa non digamos en Italia ou en Portugal, en toda a eurozona. Pero, entón, ¿en que quedamos? Estamos recuperando por terceiro ano consecutivo e imos recuperar posición relativa respecto do noso común europeo. Polo tanto, creo que está máis que conformada esta realidade.

Pero, ao mesmo tempo, sempre a cara b da moeda, e para nós é a prioridade, pero a prioridade desde o que podemos conseguir, que é o incremento no tempo de traballo equivalente —polo tanto, ocupación, primeira cuestión—, e descenso do paro en consecuencia, xunto coa ocupación por factores demográficos. Pero é que é innegable: os factores demográficos e etarios non se poden corrixir dun ano para outro. Non xoguemos coas cuestións, non fagamos movementos así tipo trilero.

O orzamento de 2017. Algunha expresión que oía respecto da súa teima, constante teima, pola referencia que fan ao orzamento de 2009, incluso permitíndose algunha comparación a nivel de función e subfunción. Se algo quedou claro é que o orzamento de 2009 era un orzamento irreal, totalmente pintado. Este ano, por primeira vez, o noso gasto non financeiro supera o parámetro que tiñamos daquela. Xa o dixen na miña primeira intervención, e non o queren ver, non hai peor xordo que o que non quere oír, non hai peor cego que o que non quere ver.

E para mostra un botón, como cando se refiren á débeda: o incremento da débeda dos gobernos Feijóo..., si, todo, si, pero menos 940 e algo millóns de euros, que nestes momentos xa estamos devolvendo, do que foi o 2008, 600 millóns de euros do que foi o 2009, 1.600 millóns de euros dos que estaban pintados os ingresos. Polo tanto, os ingresos reais, dos cales xa pagamos case 1.000 millóns de euros nestes momentos, estaban por debaixo en 2009 do que xa temos en 2017. E, polo tanto, son netamente expansivos. Cando aquí se critica tamén por parte dos grupos da oposición, somos netamente expansivos, porque todas e cada unha das partidas —ano 2016, ano 2017— están en positivo, menos unha, os intereses ou xuros, efectivamente, como foi introducido por algún dos portavoces da oposición.

Non lle teñamos medo á débeda. A débeda, sobre todo nos gobernos do presidente Feijóo, actuou con carácter anticíclico, que é onde ten que actuar, así actuamos. Pero hai que recoñecer o nivel que tiñamos de partida e o que temos agora, sendo a comunidade autónoma onde menos evolucionou a débeda, 3.600 millóns de euros menos do que é a comparativa co resto de comunidades autónomas, e cuns resultados desde o punto de vista do crecemento económico que, como acabamos de ver, son totalmente equiparables á medida do que en España se produciu.

Polo tanto, deixémonos de mensaxes derrotistas, sabendo que este é o camiño adecuado, sabendo que queda moito por facer, como tratamos de trasladar a todos vostedes.

Polo tanto, sanidade, educación, rural, foron conceptos introducidos tamén por algúns dos grupos con esa comparativa, desde o meu punto de vista falsa, e recréanse na falsidade máis absoluta, en comparar cun orzamento que quedou totalmente desacreditado, como quedara totalmente desacreditado cando se nos critican as nosas estimacións e o erro fundamental que houbo no ano 2009, que fora de ¡cinco puntos porcentuais!, cando

a veces se critican a este goberno que lles está falando erros de estimación en máis ou en menos algunha décima, ¡cinco puntos porcentuais no ano 2009!; verdadeiramente, é algo difícil.

Polo tanto, a comparación que vostedes están manexando é totalmente falsa, errónea, e, ademais, é que o coñecen perfectamente, e chámame poderosamente a atención.

Como tamén se constata na evolución, por exemplo, cando poñemos outra cara da moeda, que é o emprego público. Alguén en determinado momento aquí adiantou que se o emprego público na Comunidade Autónoma de Galicia en toda a etapa de crise foi o emprego que máis se mantivo estable de calquera comunidade autónoma. A única baixada realmente importante foi nos aparellos puramente burocráticos. Iso é o que di a realidade. ¿Por que? Porque a nosa opción foi unha opción de non trasladar o aforro en capítulo I, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vía tamaño da xente e do emprego que prestan todos estes servizos, dígase na sanidade, na educación, nos servizos sociais, na xustiza, nos elementos máis burocráticos, que son os que conformamos.

Xa se dixo aquí tamén que determinados datos eran correctos, como tamén o das exportacións, pero permítanme que corrixa e me recree un pouquiño tamén na cuestión, porque non todo é téxtil, non todo é automoción —benvido o téxtil, benvido a automoción, por certo—. Pero é que tamén na industria alimentaria, na conserva, é dicir, estanos dando pistas, estanos dando indicativos de que a economía de Galicia cada vez é unha economía máis moderna, dunha maneira clarísima, cada vez a nosa economía está máis diversificada. ¿Quere dicir que temos esgotados todos e cada un dos parámetros? De ningún modo. Pero non, non se recreen en determinadas cuestións puramente puntuais.

Como tamén a forma de recrearse en determinadas mensaxes que non se compadecen cos datos unha vez máis cando os analizamos dunha maneira o máis aséptica posible, tendo en conta que é moi difícil mostrarse aséptico en determinadas cuestións, como cando é o tema da pobreza, a que se refiren vostedes, o tema da inclusión social, o mesmo tema da emigración.

Pero é que resulta que, cando miramos os datos oficiais, os indicadores oficiais, resulta que a taxa de risco de pobreza nestes momentos é de 19,4 % e era o 20,9 % en 2008. ¿Estamos contentos con iso? ¿Como imos estar contentos cando estamos falando dunha taxa que se aproxima ao 19,4 %, cando estaba no 20,9 %? Pero é que en España está no 22,1 %, e seguimos erre que erre, erre que erre, en certa mensaxe de carácter..., ¡vamos!, que parece que ven un pouco a cuestión abaixo.

Respecto tamén, por exemplo, da porcentaxe de fogares que tamén foron introducidos con moita dificultade para chegar a fin de mes, resulta que os datos que presenta a Comunidade Autónoma de Galicia son do 7,1 %; o 10,5 % tiñámolo en 2008, e no 13 % está España nestes momentos —13,7 %—, e seguimos recreándonos neste tipo de situacións. De ningún modo, oxalá fora isto un cero por cento. Pero os datos comparativos o que nos din é que non estamos peor, os datos comparativos o que nos din é que estamos no mellor das comunidades autónomas.

Pero é que, ademais, o máis importante non son os datos que se están recreando, e algunha persoa que tamén colleu datos moi concretos que poden saír no día de hoxe dunha maneira, outra vez, interesada, interpretándoos a correr. É que a nosa actuación sempre é en positivo.

Polo tanto, nestes temas, o máis importante, unha vez detectada esa realidade, que é manifestamente mellorable —así o recoñecemos—, é que estamos moito mellor que outras comunidades autónomas. Para iso temos, por exemplo, a nosa axenda social única, axenda social única que nos di que temos que ter actuacións de apoio en renda, Risga, porque hai moita xente que necesita este tipo de apoio en renda. Pobreza enerxética, tócket eléctrico. Si señor, tócket eléctrico, por suposto; tamén se rían cando o instauramos. Supoño que as modificacións orzamentarias serán bastante comúns e haberá que dotar sempre suficiente naquilo para soportar estas familias que o están pasando mal.

Vivenda. É que de novo estamos aquí co programa Reconduce, co programa do bono alugueiro, o programa de vivendas baleiras. Pero se somos nós quen está poñendo enriba da mesa dunha maneira clara, entre todos, unha vez que esteamos, poñámonos de acordo, acheguemos, modifiquemos o que haxa que modificar, pero que haxa un único sistema nesta cuestión.

En materia de inclusión social, de dependencia, iso é actuación en positivo que leva a cabo este goberno, porque o importante non son os datos, senón qué se fai para corrixir esta situación. Como tamén o paro e a ocupación, esta mensaxe catastrofista que foi lanzada por determinadas cuestións. De ningún modo podemos estar contentos cando temos a taxa de paro que temos e o emprego está así. Pero negar que levamos máis de tres anos cunha caída fortísima da nosa taxa de paro —e oxalá fora maior— e un incremento da ocupación dunha maneira clarísima, e seguimos pensando que se en 2009, en 2008... Se a cuestión é onde estamos nestes momentos. É que a situación cambiou moi moito, dunha maneira moi clara, dende mediados do ano 2014, e debemos de seguir perfeccionando os modelos que nos levan a que nestes momentos xa rematamos 2016 con 71.002 contratos indefinidos; si, pero é que a contratación indefinida —que non se está dicindo, medrando case ao 10 %— está por riba do que era a contratación eventual. É un cambio de tendencia moi positivo que debemos seguir mantendo.

Polo tanto, con ese nivel de paro, que estimamos no 15,6 % para o ano 2017, dous puntos por debaixo. Son as medidas, ese realismo que tratamos de transmitir e que o corpo electoral tamén o recoñece. Non vale de nada dicir que isto se pode arreglar nun ano ou en dous, de ningún modo. Pero, de novo, o máis importante non é darse conta desa constitución, describir esa realidade que temos todos dunha maneira máis afortunada. O importante é unha acción de carácter propositivo. E as actuacións de carácter propositivo lévannos a que neste orzamento se incrementan os fondos para emprego, un 15 %, a que temos 12,6 millóns de euros máis para información e orientación, 12 % máis para formación de desempregados, 5 millóns máis para formación de ocupados.

Esas son as medidas nas que temos que incidir. E non é tanto unha preocupación de facer un paquete e chamarlle un programa de emprego, non é tanto esa conformación dun plan, senón poñer máis de verdade e analizar se o que estamos desenvolvendo ata agora deu re-

sultado, como pode ser algo tan importante como o que se fixo nesta semana pasada no Consello da Xunta cando aprobamos a relación entre as consellerías de Educación, Economía e Emprego. ¿Para que? Para aproveitar os nosos recursos que temos en educación, poder dar unha formación e triplicar por tres a xente que está estudando a nosa FP e resulta que non ten un título habilitante nestes momentos. Iso chámase intelixencia suficiente e aproveitar os recursos. Iso si que é facer máis con menos, cando determinadas cuestións son introducidas por algún dos grupos.

Emigración. Outra machacla que teñen vostedes. ¿Pero como se pode alguén alegrar de que haxa unha soa persoa que saia de Galicia por cuestión de emigración cando non é querido? Primeira etapa. Segunda etapa: pero é que cando analizas de verdade os datos dinos que a emigración global, ano 2015, presumiblemente no 2016, tanto na emigración global como en mozos, resulta que somos a comunidade autónoma onde se manifesta como menor a porcentaxe. ¿Quere dicir que nos sintamos contentos? De ningún modo, pero poñamos as cousas nos seus propios termos ou lugares.

Tamén determinado *gracejo* que comentou paréceme que foi a señora Pontón: o incremento das retribucións que teñen os membros do Goberno. Estráñame moitísimo en vostede, que, sendo nova, xa leva uns anos no Parlamento, cando por unha parte vostede sabe que incremento salarial ningún, é recuperar o nivel que tiñamos no 2012; fíxese vostede, ¡eh! Por certo, isto afecta a todos os empregados públicos, pero tamén afecta a xente que traballa na concertada, por suposto a xente que traballa nas universidades, máis de 100.000 persoas; é recuperar o nivel que había en xaneiro de 2012 máis o 1 % que foi froito do ano pasado.

O único recorte que queda, como ben coñecen vostedes, é o recorte do famoso Zapatero, ese é o único recorte que queda. Pero é que cando, ademais, comparamos o presidente da Xunta con esa tranquilidade e esa fonda determinación que ten a señora Pontón de dicir as cousas, nun orzamento que vostede aprobou e resulta que o presidente... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, mire, ano 2008, ano 2008, señora Pontón, ano 2008, señora Pontón. Resulta que cando vemos o orzamento que vostede aprobou o presidente da Xunta, que me parece que era máis do PSOE, 85.000 euros practicamente que tiña; o vicepresidente, case 80.000 euros. ¿E parécelle moito que cobre o presidente da Xunta 72.600? É que é increíble o que hai que oír neste Parlamento algunhas veces, é que é verdadeiramente anonadante, anonadante, anonadante (*Aplausos.*) É que é para quedar... Resulta que o presidente da Xunta actual, temos algo así como 6.000 euros, 6.000 euros largos, case 7.000 euros menos que o vicepresidente da Xunta no 2008 e rasgamos as vestiduras. É increíble, verdadeiramente.

Financiamento autonómico. Con todos os cálculos, señora Pontón, e con todos os meus respectos, porque foi a única persoa que tratou dunha maneira clara ese punto, con todos os cálculos económicos que foi introducindo vostede, moi cuestionados de verdade, é que falar aquí de determinadas cuestións económicas e despois relacionalas co sistema que defenden vostedes de cupo, é que ¡vamos!, é que...; é que se todos os cálculos os fan como o fan, é que quedan totalmente inhabilitados vostedes mesmos.

Teñen unha teima total e absoluta por falar de territorios, por falar en cuestión política e non se dan conta de que tamén se fai política desde un sistema de financiamento como o actual,

que este goberno sempre rexeitou, que firmamos con determinadas condicións, que evolucionou no peor momento da crise económica na que estivo o Reino de España, onde empeza a espartar nestes momentos e onde nós sempre mantivemos o mesmo: coherencia, defensa dos intereses dos galegos, custo efectivo —porque cremos que as persoas teñen os mesmos dereitos en todas partes, e custos efectivos poden ser medidos—, rigor, normalidade. ¿Por que non imos ter esa cuestión? No seu momento, como lles digo, falaremos para todos os grupos, pero está visto e comprobado que a algúns soamente lles interesa cando se nos achaca que nós sempre temos razón. Non, mire, hai algúns grupos —e cada vez son máis minguantes no seu tamaño— que sempre teñen o don da razón. Nós somos un pouquiño máis tal. *(Aplausos.)*

Polo tanto, falaremos máis polo miúdo tamén hoxe pola tarde do tema da fiscalidade. Claro que hai dous modelos antitéticos totalmente, claro que hai dous modelos antitéticos. Incluso cando nalgunha intervención alguén de vostedes fala de esgotar a capacidade fiscal, nós non queremos esgotar nin cansar a ninguén. Nós o que queremos é que verdadeiramente a nosa actuación de carácter xeral, con esa rebaixa tan selectiva que estamos facendo, incluso nos beneficios fiscais, permita que esas familias e esas empresas, eses emprendedores que en determinado momento optan por facer seu ese cambio na situación actual para ter máis crecemento económico e mellor desenvolvemento na nosa terra, eses emprendedores e tamén esas familias que teñen que afrontar ese consumo que cada vez se está recuperando máis, o que sería moi interesante oír dalgunhas posturas dos grupos da oposición é onde se recortarian eses beneficios fiscais que por trescentos noventa e un tal. Díganme onde, díganme onde. ¿No imposto de sucesións? Díganme onde. ¿Nas familias que teñen fillos? Díganme onde. ¿No tema de vivendas como acabamos de propoñer? Sexan valentes e digan, por favor, onde se vai minorar ese 92 % de carácter social que teñen os beneficios fiscais, que é outra forma sempre de traballar en política fiscal. Non esgoten tanto o modelo, sexan un pouquiño máis doces na forma de tratar as cuestións. *(Aplausos.)*

Polo tanto, creo que deste tema e doutros falaremos un pouquiño máis pola tarde, tamén da cuestión fiscal. Non cometan determinados erros, dunha maneira machacona, como cando veñen e falan da débeda. ¡Que a estas alturas confundan o que é a débeda que está baixo o principio de integridade, recollida no orzamento, do que é a débeda neta! É verdadeiramente preocupante que sigan teimando e comparando a débeda neta, os vencementos que en cada ano se producen, é verdadeiramente preocupante que sigan por aí. Por iso lles digo que se nese concepto tan fundamental non son capaces de recompoñer o seu posicionamento, ¿que farán vostedes cando analizan as balanzas ou determinadas cuestións de cupo?

Sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda do grupo parlamentario non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Bos días, señorías.

Como poden supoñer, o Grupo Parlamentario Popular vai rexeitar as emendas de devolución, e ímolo facer por tres motivos fundamentalmente.

En primeiro lugar, porque cremos que as contas que o Goberno trae á Cámara, ás tres semanas despois de ser nomeado, porque, efectivamente, houbo unha foto fixa, porque antes saíu outra foto, que xa non foi tan fixa porque o Partido Popular subiu un 3 % a súa porcentaxe de voto, e, como consecuencia disto, efectivamente, o Goberno puido traer en tres semanas á Cámara os orzamentos. (*Aplausos.*) O primeiro motivo, polo tanto, porque cremos nas contas que o Goberno trae á Cámara. O segundo motivo, polas consecuencias que tería aprobar estas emendas, que sería parar Galicia, deixar Galicia sen orzamentos. E, en terceiro lugar, polo pouca atractiva que resulta a proposta da oposición.

Diciamos que, en primeiro lugar, porque son uns orzamentos axeitados. Son certamente uns orzamentos expansivos que consolidan un crecemento da economía, un crecemento moito máis san que o que sustiña a economía galega no ano 2009, e porque incrementan o investimento, favorecen as exportacións, melloran a posición da demanda interna, fundamentalmente o consumo, e incrementan tamén —por iso son expansivos— o gasto público.

Reflicten, en definitiva, a boa evolución dunha economía que vostedes auguraban que se ía afundir na crise e que está crecendo por riba do 3 %, cumprindo, polo tanto, sobradamente o que establece o Plan estratéxico de Galicia, que é un crecemento do 2,5 % na media anual ata o ano 2020, e que reflicten certamente unha economía que xa superou a recesión económica en termos estritos, pero que ten por diante aínda moitos retos que superar, fundamentalmente o de corrixir as desigualdades que deixou a propia crise. En definitiva, unha economía que, a diferenza de destruír o 9 % do emprego anual, que era a economía do ano 2009, xera unha diminución do desemprego do 10 % anual, que son os últimos datos dispoñibles do ano 2016.

Un emprego que, efectivamente, ten moito que mellorar pero que está mellorando. A enquisa de custo laboral, recentemente publicada, di que Galicia é a quinta comunidade que incrementa os salarios máis en termos relativos, e a sexta en termos absolutos, e a EPA do terceiro trimestre di que hai 29.800 traballadores máis a tempo completo, a xornada completa, e 5.900 menos a tempo parcial, de tal xeito que Galicia ten un traballo a tempo completo do 86,9 % do total dos traballadores, mentres que en España é do 85,44 %. Polo tanto, tamén niso estamos un pouco mellor que España.

Uns orzamentos que afianzan o crecemento nun contorno que vai ser menos favorable, certamente, polos prezos do petróleo, a posibilidade da inflación e o seu impacto nos xuros, o *Brexit* e as incertezas tamén xeradas polo proteccionismo rampante dos Estados Unidos. E por iso as previsións son razoables, un crecemento contido do contorno precisamente do previsto no Plan estratéxico de Galicia.

Uns orzamentos expansivos. A capacidade de gasto total increméntase en 600 millóns de euros nos dous últimos anos, é dicir, os 400 electorais consolídase e ademais outros 200 millóns de euros. Polo tanto, se os do ano pasado foron electorais, este ano se consolida ese crecemento e ademais se incrementa, realmente pois pouco hai que dicir; outra cousa sería que o ano pasado creceran e este ano caesen, pero, evidentemente, consolídase o crecemento incorporado do gasto aos orzamentos do ano pasado.

O consumo crece o 2,2 %; o público, un pouco por debaixo do que é o consumo privado; e nas exportacións o seu apoio implica que están crescendo un 13 % anual, o saldo comercial positivo de Galicia é de 3.000 millóns de euros, a formación de capital crece un 3,1 %, e isto faise nestes orzamentos con menos déficit, o 0,5 %-0,6 %, de tal xeito que Galicia no acumulado endebedouse na crise, tivo un déficit na crise do 9,5 %; a media da Comunidade Autónoma foi do 15,4 %, período 2009-2015; iso implica que Galicia ten menos débeda —como, por certo, recoñeceu o portavoz socialista—, en Galicia incrementouse o 29 %, é dicir, o 18,8 % do PIB; nas comunidades autónomas creceu un 45 %, chegando ao 25 % do PIB.

Aquí, evidentemente, podemos falar de que os orzamentos que consolidan o crecemento do ano pasado, o incremento, son electorais, pero, señor Villares, eu teño a impresión de que quen está pensando noutros procesos electorais é vostede e nós desexámoslle sorte nesa asemblea que vai ter. (*Aplausos.*)

E tamén o felicitamos porque, aínda que segue criticando o moito que crece a débeda de Galicia, quero recordarlle que o grupo ao que vostede pertence —que é o grupo que antes se chamaba AGE e que agora se chama Mareas, que tamén ten a Podemos, son as Mareas de Podemos—, o grupo que vostede representa, no ano 2013 quería endebedarse por 410 millóns máis, no 2014 por 250 millóns, no 2015 por 150, no 2016 por 200 millóns. Se chegamos a aprobar as súas emendas, en vez dos 10.000 millóns que debe Galicia deberíamos 11.634, en vez do 18,7 % do PIB deberíamos o 20,6 % do PIB, pero vostede vén aquí dicir que nos endebedamos moito. Este ano, afortunadamente, a Marea por primeira vez non pide endebedamento, o cal quere dicir que todo o que dicíamos sempre de que era imposible soprar e sorber á vez, endebedarse máis e ter menos débeda, pois parece que tivo algún resultado, e nós felicitámonos de que vostedes consideren que o nivel de endebedamento da débeda para este ano da Xunta de Galicia, que vén imposto pola Troika e que vén imposto por Bruxelas e que vén imposto polo cumprimento do déficit, é o axeitado. Nós levamos dicindo isto durante toda esta época, desde o ano 2009.

Ben, son expansivos no gasto pero tamén polos efectos da súa política fiscal. Baixamos o imposto da renda, a tarifa progresiva é hoxe máis progresiva do que era no ano 2011, porque beneficia a baixada do IRPF ao 80 % dos contribuíntes galegos de menor renda. O imposto de sucesións deixa libres de tributación os contribuíntes por riba de 400.000 euros por herdeiro, é dicir, o 99 % da poboación que recibe unha herdanza. Os beneficios fiscais son 391 millóns, cun claro compoñente redistributivo. O 92 % son sociais, é dicir, favorecen colectivos de discapacitados, de dependentes, de familias numerosas, ou para a adquisición pola xente nova da primeira vivenda. E ademais mantemos a progresividade do sistema, non só porque se incrementa a tarifa do IRPF, senón porque mantemos un imposto sobre o patrimonio; un imposto que permite, entre outras cousas —como poden ver na memoria dos orzamentos—, que este ano os ingresos por imposición directa suban un 1,9 % e por indirecta baixen un 0,5 %.

Evidentemente, a rebaixa fiscal ten un efecto expansivo. Non vou discutir se é máis multiplicador que o que ten o sector público, tendo en conta que como é progresivo beneficia sobre todo ás rendas máis baixas e, polo tanto, se traduce en consumo, que era o que a oposición dicía que lle faltaba ao crecemento de Galicia: reforzar o consumo, a demanda privada.

Non vou entrar nesa discusión, o que si é certo é que os orzamentos son expansivos porque deixan máis cartos en mans das familias, pero ademais, a través do gasto, tamén os pon —como se pode comprobar—, precisamente, coa recuperación do poder adquisitivo do ano 2012 por parte dos funcionarios.

É curioso que digan os grupos da oposición que estamos ante uns orzamentos restritivos. Cando neste procedemento de tramitación dos orzamentos a presidenta da Deputación de Pontevedra dixo que os seus eran maravillosos porque crecían un 2,20 % —e aquí estamos crecendo practicamente o 3 %—, ninguén da oposición dixo que eran restritivos —cando crecían menos que os da Xunta—, e os da Deputación da Coruña o seu presidente dixo que crecían un 0,5 %, ¡o cal era espectacular! —e cito literalmente—, pero ninguén da oposición dixo que eran enormemente pouco expansivos en relación cos da Xunta de Galicia.

Ben, son estas cousas da vida. Cando un orzamento crece o 2,7 % é restritivo, e cando crece o 2,20 % ou o 0,5 % hai que aplaudir porque é un presuposto profundamente expansivo. Nós non imos caer nesas contradicións, e, desde logo, felicitamos as deputacións que aproban os seus orzamentos en tempo e non a aquelas que seguen dándolles voltas porque non teñen maioría e retraen investimentos e decisións.

Uns orzamentos que apoiamos, en definitiva, polas súas prioridades: contención do gasto corrente; incremento do gasto de capital do 3,8 %; menos gasto do servizo da débeda, como xa explicou o conselleiro —reduciuse arredor do 30 % o servizo da débeda en relación co ano 2015—; máis social, con 229 millóns de euros; con máis gasto en emprego e en formación, 80 millóns de euros, un crecemento do 12 %. En definitiva, porque cremos que é un bo orzamento para a situación actual de Galicia, que vai poder empurrar para que se consigan eses 20.000 postos de traballo a tempo completo e, polo tanto, siga a mellorar a situación do conxunto da poboación de Galicia.

O segundo motivo era que non aprobamos as emendas de devolución porque iso sería parar Galicia. Sabemos cales son as consecuencias das prórrogas aos orzamentos, e simplemente cito a pé de páxina e remítome ao que dixeron tanto a presidenta da Deputación de Pontevedra como o da de Coruña, que vían como un logro ter aprobados os orzamentos en prazo, cando eles non pasaron por ningún procedemento electoral. É certo que non aprobar os orzamentos para o país non permite a recuperación dos salarios públicos; pérdese capacidade de gasto porque é expansivo; ademais hai máis incerteza para os operadores económicos e pérdense os efectos da políticas tributarias. O que si sería contractivo, polo tanto, non é aprobar os orzamentos a trámite, senón rexeitalos e volver comezar de cero.

E o terceiro motivo é o pouco atractiva que resulta a alternativa que trae a oposición, porque basicamente —como se puido ver polas intervencións, así como polo texto das emendas á totalidade— o que pretenden é volver ao ano 2009. É un denominador común dos tres grupos da oposición especialmente rechamante nas Mareas de Podemos, que non participaron formalmente no que era aquel Bipartito pero defenden con máis entusiasmo o de voltar ao 2009 e aos niveis de gasto do ano 2009.

Xa adiantou algo o conselleiro, pero a min gustaríame darlles algúns datos. No ano 2009 o Bipartito aprobou un orzamento de 11.426 millóns que —excluídas as transferencias do Estado ás corporacións locais, que agora non figuran— sería de 10.558 millóns de euros. No ano 2017 son 9.000 millóns de euros. Cando din que gastamos pouco e que hai que gastar como no 2009, refírense a estes 1.500 millóns de euros, pero esquecen o que foi a execución daquel orzamento, todos os buratos que había naquel orzamento, onde os ingresos estaban inflados, a recadación por venda de inmobles crecía, por exemplo, cando evidentemente estábamos xa na crise da burbulla inmobiliaria, subían os ingresos por transmisións patrimoniais e subían todos os tipos de ingresos.

A execución foron 8.900 millóns de euros, que xa é unha cifra moito máis parella aos 9.000 que nós orzamentamos. Pero deses 8.987 millóns de euros hai que dicir que debemos e estamos a pagar os 1.600 das liquidacións negativas daquel ano, e xa quedamos en 7.387 millóns, porque 1.600 foron endebedamento forzado que ademais implicou que houbera que firmar o financiamento autonómico, como consecuencia de que había que devolvernos nun único ano se non se subscribía o sistema de financiamento autonómico.

Evidentemente, que non chegaran eses 1.600 millóns foi unha mala técnica orzamentaria do Goberno central e non do Goberno da Xunta, pero o certo é que eses orzamentos, aos que vostedes queren chegar agora, incluían 1.600 millóns de euros que non chegaron nunca e que estamos a devolver.

Finalmente, a realidade deses 7.387 millóns de euros que quedan, descontados os 1.600 das liquidacións negativas, é que había ademais 600 millóns de euros de débeda, cando no orzamento deste ano hai 300 millóns de euros de débeda. Vostedes endebedaron os 1.600 das liquidacións negativas e 600 adicionais de débeda formalmente emitida.

É dicir, que con ingresos reais e previsibles temos unha capacidade de gasto aproximadamente de 2.000 millóns de euros máis que no ano 2009; 2.800 millóns de desequilibrio dos orzamentos do 2009, 2.200 dos cales foron á débeda —1.600 de liquidación negativa e 600 de endebedamento— e outros 600 de recortes, porque nin así, con 2.200 millóns de endebedamento, era capaz a Xunta de cubrir os gastos orzamentados. Hoxe volver ao 2009, a verdade, só merece unha resposta: Non, grazas.

Finalmente, é tan evidente que queren volver ao 2009 que os orzamentos que nos presentan están novamente inflados. En IRPF, En Marea, 20 millóns de euros; o PSOE, 35 millóns de euros. Se se aplica a súa tarifa, en vez de 35 recádanse 13. O BNG quere recadar 23 millóns de euros, pero se se aplica a súa tarifa, recadaríanse 7.

En patrimonio —que pactamos, por certo, co Partido Socialista no peor da crise— incorporáranse, coa proposta do PSOE, 9.500 contribuíntes, e, en vez de recadar os 40 millóns de euros, recadaríanse 15 millóns de euros; un novo burato. A de En Marea é imposible de computar porque non establecen ningunha tarifa.

E así sucesivamente co resto dos tributos. En Marea pretende incrementar o gravame do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos da auga encorada en 52 millóns de euros; é dicir, unha suba razoable dun 360 %, o que implicaría ese tributo.

Un imposto sobre as áreas comerciais, controvertido e *sub iudice*. Un tributo —e falo dos tributos que están a comentar— como o dos azucres que vai establecer o Estado. Polo tanto, 500.000 euros que quedarían fóra do noso orzamento porque non se poden establecer tributos autonómicos sobre os do Estado.

Seguimos adiante coa implantación dun imposto autonómico sobre pisos baleiros. Os dous que están aprobados están recorridos no Constitucional. E así sucesivamente, ata chegar a un imposto que propón o Grupo Socialista sobre a emisión de óxido nítrico á atmosfera pola aviación comercial que, evidentemente, pagarían as liñas aéreas que veñen aos aeroportos galegos, e que estamos subvencionando desde os concellos para que veñan máis.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Será tamén para que paguen máis impostos.

En definitiva, señorías, é un presuposto de ingresos absolutamente increíble. Non queremos volver inflar os orzamentos para incorrer en déficit nin ameazar a sostibilidade dos orzamentos e dos servizos públicos. Recorden que no ano 2008 o Consello de Contas advertiu que se gastaran en sanidade 600 millóns de euros máis dos orzamentados, o cal puña en risco a sostibilidade do Sistema galego de saúde pública.

Evidentemente, non queremos volver ao 2009. Estamos contentos de que en sanidade gastemos o 42 % do orzamento e non o 33 % que se gastaba no ano 2009, e que, pese a iso, no ano 2015 haxa 17.000 intervencións cirúrxicas máis; que o número de consultas hospitalarias sexa de 460.000 máis que no ano 2009; ou incluso que sexamos capaces, con menos recursos, de poñer en marcha os hospitais de Lugo e de Vigo; ampliar o complexo hospitalario da Coruña; iniciar o do Salnés e o da Costa; e o de Pontevedra, Ferrol e Santiago están xa tamén previstos. Ademais, gastar máis de cen millóns de euros, señor Villares, en atender con fármacos que non existían no ano 2009 os enfermos da hepatite C.

Evidentemente, no queremos volver ao 2009 para gastar 570 millóns de euros en promoción social cando no 2017 imos gastar 669, un 17 % máis. Non queremos volver ao 2009 para que haxa 156 altos cargos en vez de 87, é dicir, un 40 % menos; para gastar 9 millóns de euros en persoal de gabinete e non 6, é dicir, un 30 % menos; para que as axudas á locomoción sexan 15 millóns de euros en vez de 9, é dicir, un 40 % menos; para que os canons —onde se inclúe tamén o do Álvaro Cunqueiro— non sexan de 47 millóns de euros senón de 46; para que os contratos e concertos sanitarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Puy. Remate.

O señor PUY FRAGA: ...—remato, un segundo, señor presidente— pasen de 217 millóns de euros a 194 millóns de euros; é dicir, un 10 % menos en concertos sanitarios. Ou, señor Villares, para que na Cidade da Cultura, onde o Bipartito no 2009 incluíu unha transferencia de 41 millóns de euros, sexa como é no 2017, de 9 millóns de euros; é dicir, un 77 % menos.

Señorías, non ás emendas porque non queremos parar Galicia, porque hai que aprobar os orzamentos, porque non queremos voltar aos orzamentos irrealistas, e porque dicir que non ás emendas de devolución é dicir un si ao crecemento e un si ao progreso do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica dos grupos emendantes. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, señor conselleiro, teño que empezar por dicirlle que me parece que o seu ton, e tamén a forma na que responde aos grupos neste Parlamento neste primeiro debate en relación cos orzamentos, é bastante desafortunado, e voulle dicir por que.

A min paréceme que en política, cando un vén aquí dicir o que a vostede lle pareceu que tiña que dicir, sen argumentos, intentando descualificar persoalmente a persoas que estamos aquí coa mesma lexitimidade ca vostede, porque é a dos cidadáns que nos votaron para estar neste Parlamento, paréceme unha falta de respecto á democracia, a esta institución (*Aplausos.*) e aos cidadáns deste país, que merecen algo máis, señor conselleiro.

Porque mire, o argumento de que como gañaron non podemos presentar emendas, o que fai é dicirnos que a democracia non ten ningún sentido. Entón, se presentamos emendas, ¿estamos indo contra a democracia? ¿Ou nós estamos aquí coa mesma lexitimidade ca vostedes?

Efectivamente, nós presentamos emendas como legalmente está establecido porque cremos que non están facendo ben as cousas. E ninguén lle nega a lexitimidade ao Goberno galego para gobernar, pero non nos quiten vostedes a lexitimidade para facerlles oposición, porque, se non, o que vostedes están pedindo de maneira encuberta é que pechemos o Parlamento durante catro anos porque cren que, como teñen maioría, son os únicos que poden falar. Xa lle digo que esa non é a teoría que defende o Bloque Nacionalista Galego, e que imos seguir aquí aínda que a vostede lle moleste, aínda que lle pareza mal. Imos seguir aquí porque os cidadáns son os que nos votaron para estar neste Parlamento.

Mire, levamos falado sobre moitas cousas, e eu penso que é importante que no Parlamento falemos sobre a realidade social que se vive neste país. Eu sei que as estatísticas moitas veces son enganosas, pero hai cousas que, sen poñer aí que o único que importan son as estatísticas, si nos están dicindo o que está pasando, as tendencias que se están producindo, e iso debería de preocuparlle a vostede.

A nós preocúpanos moito o crecemento da pobreza, e non o inventamos, señor conselleiro. Colla os datos do IGE. O que é preocupante son datos do IGE que nos din que no ano en que se pregoa que saímos da crise en Galiza medra a pobreza. Temos taxa de risco de pobreza:

2013, 15,4; 2014, 19,5. No Estado mantívose estable. Collemos o índice Arope e tamén pasa exactamente o mesmo. ¿Entón a vostede non lle preocupa que ese crecemento san se sustente sobre un crecemento da pobreza no noso país? Eu xa lle digo, a min non me satisfai nada se noutros sitios hai máis pobreza, porque cando un goberno sempre está mirando para os que están peor, nunca é capaz de avanzar. E iso é o que lle pasa constantemente á Xunta de Galicia, que con tal de que haxa outros que estean peor, parece que aquí a realidade está toda solucionada. E estas persoas, que están cada vez cun risco de pobreza maior, necesitan ter algún tipo de resposta por parte da Xunta. E a resposta, síntoo moito, non pode reducirse a un incremento da Risga, terá que haber algún tipo de cambio na política redistributiva e na creación de emprego de calidade, que é onde está fallando con moita claridade o seu goberno.

Vostedes teñen a teima —e eu sigo insistindo— de que negan sempre o problema da emigración no noso país. Isto é gravísimo, señor Feijóo —señor Feijóo, perdón, que non estivo en todo o debate—, isto é gravísimo, señor conselleiro, porque ¿sabe a cantidade de xente nova que falta en Galiza? Pero non é que falta porque non nacera, é que a que naceu marchou. As estatísticas están dicindo que hai 100.000 traballadores menos de 35 anos no noso país, ¡e vostedes felices porque baixa a taxa de paro!

Ese é o drama, señor conselleiro, deste país, e esa tendencia non se soluciona con estes orzamentos. Por iso eu lle dicía que o resumo das políticas económicas, sociais e de creación de emprego que hai no seu orzamento son realmente unha labazada na cara de moitas persoas que cren que o Goberno lles ía axudar. E nós vemos como o seu crecemento san en realidade é un crecemento sobre a desigualdade, e nun modelo onde cada vez os ricos van ser máis ricos e os pobres máis pobres. Pero é que, nese modelo, Galiza está perdendo posicións e o Goberno galego non ten unha estratexia económica que nos resposicione nun momento de crise.

A vostede non lle valen as taxas de desemprego. Pero é que tampouco lle valen os datos sobre a destrución de empresas no noso país. E unha cuestión que é moi preocupante é que desapareceron a metade das empresas innovadoras en Galiza, e os estudos que hai din que ademais están investindo en ámbitos que nalgúns casos se están quedando obsoletos e non hai redireccionalidade diso.

Nós o que lle propoñemos nas nosas emendas é que, como mínimo, teñamos unha estratexia nese sentido que posicione a Galiza nun ámbito importante. Porque a innovación ten que ser importante para os sectores produtivos básicos, para os sectores que están nun momento máis maduro, pero tamén para posicionarnos en novos nichos de emprego que posicionen a Galiza nalgún ámbito, porque o seu modelo é destruír o que había e non facer nada realmente por poñer a Galiza noutra dirección. Polo tanto, señor conselleiro, isto tamén nos preocupa.

Logo pareceulle moi mal que eu lle fixera mención a algo que din os seus orzamentos, e os seus orzamentos din que os fondos que se destinan a gastos en altos cargos e delegados se incrementan un 5,4 %. Que o gasto en persoal eventual de gabinete se incrementa un

5,7 %. E que os cartos que van recibir en forma de salario os membros do Consello da Xunta e o presidente se incrementa, o dos conselleiros nun 7 % e o do presidente da Xunta nun 7,5 %.

Pois si, a min non me parece oportuna esta medida neste momento, e voulle explicar por que. Porque os salarios dos traballadores e das traballadoras deste país se rebaixaron dunha maneira alarmante durante esta crise económica, e temos unha situación social que polo menos a min, señor conselleiro, me parece moi, moi preocupante.

Os salarios dos traballadores e traballadoras deste ano non van subir un 7 %, ¿a que non? E vostede, se subiran, estaría en contra. Sen embargo, para os membros do Consello da Xunta, a vostede parécelle racional que se produza ese incremento. Defenda esa mesma medida para os traballadores e a nós pareceríanos ben que se lle aplicara ao Consello da Xunta, pero non é iso o que fai o seu goberno. E se lle parece mal, síntoo, señor conselleiro, pero é que nós non estamos aquí representando para que vostede saia destas sesións relaxado e tranquilo, senón para falar de cal é a realidade, a política social, cales son as consecuencias do que está pasando neste momento no noso país.

Mire, nós non temos ningún problema coa débeda. Explíquenos que dato demos mal. Explíquenos cal é o dato que demos mal. Porque vostede nos descualifica pero non é capaz de dicir se os datos que damos son certos ou non. A realidade é que o seu goberno deixa unha Galiza máis endebedada. E tamén que neste momento en que temos algúns recursos máis, non utilizan todos eses recursos a maiores que temos para unha mellor dotación da sanidade, da educación, para reverter todos eses recortes que se produciron. Unha parte importante vostedes a están utilizando para pagar máis débeda nun momento no que non era necesario, señor conselleiro, e podía utilizar eses recursos para mellorar a sanidade, a educación, os servizos públicos ou a atención á dependencia. Se non o fai, é a súa responsabilidade.

E, por certo, supoño que vostede coincidirá comigo en que o bo comportamento na relación dos xuros non ten tanto que ver coa Xunta de Galiza como coa evolución dos mercados financeiros deste tipo, do prezo do diñeiro. É que, se non, xa estamos en que xa non son semideuses, convertéronse vostedes en deuses totais.

E vou finalizando, porque só me queda un minuto, cunha cuestión, ou dúas cuestións, que a min me parecen importantes.

Primeiro, temos toda a lexitimidade para criticar o sistema de financiamento que vostedes apoiaron, porque coa boca pequena teñen que recoñecer que foi un desastre. Se en 2009 a Xunta se plantara e defendera os intereses de Galiza, hoxe estaríamos en mellor posición, pero non foi iso o que fixeron. E neste momento non é de recibo, señor conselleiro, que os grupos da Cámara non saibamos a que van ir vostedes mañá a Madrid. Non é, conselleiro, que a prensa teña datos que non se traen a este Parlamento, porque demostra ata que punto vostedes non queren ir cun Parlamento detrás, senón que teñen unha posición e queren que os alabemos, e nós non estamos aquí para alabar a repetición dun modelo de financiamento que é un fiasco para Galiza.

Mire, o Estado fai caixa no noso país, e nós o que dicimos é que non é de recibo que os cartos que temos os galegos e galegas, en vez de utilizarse para mellorar os nosos servizos públicos, crear emprego, sanear as nosas rías, se estean utilizando para outro tipo de cousas, como, por exemplo, para máis gasto militar.

Nós queremos cambiar esa situación, e un goberno que teña ambición de país estaría disposto a dar ese debate. ¿Ou acaso vostede cre que aos vascos e navarros lles foi mal cun concerto económico? ¡Foilles moi ben!

É, desde logo, impresionante que o señor Feijóo vaia a Cataluña, como foi hai moi pouco tempo, a defender que é razoable que os cataláns se plantexen un concerto económico, e aquí nos demonice por defender unha alternativa que o único que fai é dotarnos de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...autonomía e capacidade financeira.

Non está o señor Puy, se non diríalle que hai moitas alternativas que se poden defender, e que imos defender no próximo debate, que viña un pouco trastocado en relación co momento no que estamos. En todo caso, as nosas emendas non son para parar Galiza, son para poñela a funcionar, son para darlle un futuro mellor, porque nós do que estamos convencidos e convencidas é de que Galiza é un país que ten enormes oportunidades e potencialidades, e que o que fallou durante este tempo non foi a xente, foi o Goberno, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días outra vez.

Vou comezar case por onde rematou a portavoz do BNG, por falar brevemente do modelo de financiamento autonómico.

Teremos oportunidade de discutir máis no próximo pleno, xa llo adianto, señor conselleiro. En todo caso, fixo vostede bastantes referencias a que o importante eran as persoas —eu comparto iso— e non os territorios, pero hoxe lemos na prensa económica que, en fin, parece ser que a proposta que ten o Partido Popular para a reforma dese modelo significa a introdución do principio de ordinalidade, e iso significa que son os territorios os que importan, e que imos ter unha visión agregada xustamente pegada aos territorios e non ás persoas, e iso preocúpanos moito. Pero disto imos ter oportunidade de falar, xa digo, no próximo pleno.

En todo caso, no modelo de financiamento, a min o que me sorprende, igual que sucede coa débeda, é que non está incluído de ningunha forma no documento orzamentario. Eu imaxino

que esa décima adicional, que son aproximadamente 60 millóns, vai ser utilizada, esa marxe de endebedamento, e que, polo tanto, imos ter 60 millóns máis de gasto durante o ano 2017. E imaxino tamén que vostedes teñen unha estimación de cales poden ser os resultados da negociación do modelo de financiamento.

Nese mal ano 2009, un ano crítico para todo o sistema económico mundial, non só para España, para Galicia e para Europa, senón para o sistema económico mundial, houbo tamén unha negociación. Como sabe vostede, a negociación pechouse a final de ano, pero con efectos do 1 de xaneiro, o cal significou bastantes recursos adicionais para a Comunidade Autónoma. Espaciábase en 2009, en 2010, etcétera, pero no 2009 tamén. É posible, debería ser así, que este ano ocorra algo parecido. ¿Eses recursos adicionais imos ter capacidade para discutilos neste Parlamento ou resulta que en realidade unha boa parte da marxe de manobra de que vai dispoñer o Goberno da Xunta non forma parte do contido do documento orzamentario e, polo tanto, este queda bastante desvirtuado? Esa é unha preocupación importante.

Vostede falou do rigor, eu teño que dicir que me sorprenderon moi favorablemente algunhas partes do documento orzamentario. Algunhas partes paréceme que teñen un nivel de rigor, incluso de nivel informativo, moi bo; o informe económico-financeiro, o informe dos beneficios fiscais. Pero tamén teño que dicirle con igual rotundidade que hai outras partes, como a propia memoria, que podíamos prescindir dela completamente e non pasaba nada. E hai outras partes do documento que teñen un nivel de erros ou de desinformación non por ocultación, senón porque é dunha complexidade tal que é moi difícil saber cales van ser realmente os compromisos do Goberno. Por exemplo, no que se refire a todo o anexo de persoal, onde hai esa liña que resta, que reduce o nivel de compromisos no anexo de persoal, porque despois se traen as cifras globais, e ¿de onde procede todo iso? ¿Que son millóns de euros cando un suma o conxunto!

Claro, iso reduce notablemente a calidade de documento orzamentario. Iso non é bo para o debate, non é bo para a calidade democrática, como tampouco o é —aínda que é outro debate— recuperar a Lei de acompañamento e modificar vinte e tantas leis dunha tacada.

Terceiro tema. Eu propoño que se eu fago así, en vez de discutir sobre o dedo, discutamos sobre a lúa. Quero dicir que a min me preocupan cales son os efectos económicos das medidas que vostedes din, preocúpanme os efectos económicos. Claro, vostede vaime saír co dedo. Non, pero poñemos en marcha non sei que instrumento. Está ben, pero discutamos sobre os resultados desas medidas.

Eu collo documentos dos que non teño por que dubidar, e vexo que en termos, por exemplo, de número de empresas, hai unha caída entre o ano 2008 e o 2016 de cinco mil e pico empresas. Vostede non falou disto. En gastos de I+D, vexo que porcentaxe sobre o PIB no ano 2008 o 1,04 %; ano 2015, 0,89 %. E unha caída de case cen mil, vexo aquí —non sei se son millóns—, debe ser de 100 millóns de euros, aproximadamente, en gastos de I+D, de caída absoluta sobre o PIB. Vexo que en termos de mercado laboral había no ano 2008, 1.200.000 empregados, e agora hai 1.017.000. Perdón, 2015, finais de 2015, 1.017.000. Agora estamos un pouco mellor, pero a pesar de todo hai unha diferenza de case 158.000 empregados.

Polo tanto, estamos vendo os resultados, discutamos a eficacia das medidas postas en marcha. Os beneficios fiscais que dicía o señor Puy. ¡Home!, como vostede ben sabe, en sucesións había xa unhas exencións moi elevadas, por exemplo sobre a vivenda habitual, ata un límite, e esa é a principal riqueza que teñen a maioría das familias. Polo tanto, cando amplían as exencións, non están facendo unha política social, están ampliando as exencións para aqueles que teñen máis que unha vivenda habitual. Polo tanto, en termos de progresividade isto non parece moito.

Pero non discuto iso. Como verán, nas nosas propostas non falamos disto, entre outras razóns porque esta é unha medida moi recente e nós cremos que en termos fiscais hai que darlle algo de tempo ás cousas. Pero tamén comprenderán comigo que me preocupa se iso ten ou non efectos non sobre a riqueza das familias, que é importante —en termos electorais, sobre todo, é moi importante—, senón sobre o crecemento económico, a creación de emprego, as novas empresas.

¿Esas persoas que reciben un beneficio fiscal importante, van investir máis? ¿Van gastar en I+D? ¿Van aproveitar para modernizar as súas empresas? Se iso é así, ¡benvido sexa! ¿Que non é así? Pensemos doutra maneira estas cousas. Porque eu creo que do que se trata é de poñer os instrumentos fiscais, tributarios, tamén ao servizo do crecemento do emprego, e ao servizo, en fin, dun certo equilibrio social.

Xa llo dixen antes, eu xa sei que en termos comparados o nivel de pobreza, o nivel de desigualdade en Galicia non é demasiado acusado en relación con outras comunidades autónomas, pero está aumentando, como aumenta en todo o mundo; por motivos que teñen que ver pois seguramente coa abertura ao comercio internacional, coa introdución de novas tecnoloxías, pero tamén cun certo desaxuste dos mecanismos básicos de promoción social polos efectos da crise sobre as finanzas públicas nos últimos anos. E, por tanto, teñamos en conta isto para ser máis eficaces, para ser máis eficientes. E iso é o que deberíamos ter a capacidade para discutir.

Vamos ver, efectos sobre o crecemento económico. España igual a 100, produtividade aparente do traballo. Ano 2008, industria manufactureira de Galicia, 83,8; ano 2015, 74 % sobre España 100. Claro, eu cando vexo isto digo: aquí algo está fallando na política de promoción industrial. Cando neste tempo, a pesar da dificultade para crear emprego, xustamente na industria estamos perdendo produtividade en relación coa media española; en relación coa media española, non estou falando de Alemaña, coa media española. Algo está pasando. Deberíamos revisar algúns mecanismos da política industrial; non hai que cambialo todo, pero revisemos as cousas que non funcionan. E iso é o que vexo que non fan no orzamento.

Por esa razón é pola que, en fin, eu creo que sería necesario devolvelo. Tamén lles digo que como sei xa que non van aceptar esta proposta e que van facer todo o posible para que isto saia adiante —e non só é lexítimo senón ademais explicable, moi explicable en termos políticos—, atendan unha parte das nosas emendas a continuación. Porque eu creo que poderían permitir mellorar substancialmente o funcionamento de Galicia nos próximos tempos.

Por último, en relación co cadro macroeconómico. Vostedes presentan claramente un escenario de desaceleración do crecemento. Se estamos falando de taxas de crecemento do ano

2016 do tres e pico por cento e logo do 2,5, hai unha desaceleración. E ademais estimacións máis recentes como a da Fundación BBVA —que digamos que podemos aceptar como referencia— falan incluso dunha taxa de crecemento menor e unha taxa de creación de emprego moi inferior: dous e pico por cento en España, 1 % en Galicia. Claro, se plantexamos como fai o Goberno no seu documento que a taxa de ocupación sexa no ano 2020 do 70 %, e resulta que estamos con dificultade creando dez mil empregos en Galicia, dez mil empregos nun ano arrédanos bastante da estimación máis baixa que fixo o presidente no debate de investidura, porque iso nos leva a unha creación mínima de emprego de vinte mil cada ano. Por tanto, hai aquí algún problema.

Pois reflexionen vostedes sobre isto e fagan un esforzo para conseguir mellorar o orzamento porque se non, desde logo, non van ter para nada o noso apoio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Sentimos moito que a realidade incomode o recreo do señor conselleiro e que veña aquí molestarse a realidade con cifras, con situacións, con cousas que non gustan e que, polo tanto, nos fan remover desa situación de placidez a unha situación de incomodidade.

Desde logo, ao Grupo Parlamentario de En Marea non nos gustan os datos que aquí traemos e que temos que amosar para dicirlle que a senda non é esa. ¡Máis quixeramos nós que non ter que facer iso! Pero os datos do Instituto Galego de Estatística, cando se refiren a pobreza extrema, indican que no último ano, coñecidos os datos na data do 26 de decembro de 2016 —xa citei antes a data de coñecemento do informe—, falo dun incremento superior a un punto nos cadros de pobreza extrema. E é non en relación co 2009, por se hai algunha dúbida con relación ás comparativas na época anterior a vostedes, é en relación co ano 2014, con relación ao 2015, que é o último ano do que existen datos neste momento. Polo tanto, non nos baseamos nin en cifras moi anteriores nin nos baseamos en inventarnos cifras, son as cifras oficiais, das que damos aquí conta e das que pensamos que vostedes deberan ter en conta para elaborar os orzamentos, para que teñan algo que ver coa realidade que pretenden: ou ben incidir, ou ben paliar, ou ben describir non sabemos moi ben o que. Se queren incidir na realidade terán que facer algo que poida contrarrestar eficazmente esta situación. A nós parécenos que non están facendo iso.

Con relación ao paro e á emigración que nós denunciámos utilizamos datos oficiais, datos oficiais da EPA. Un dato combinado ademais que pode resultar moi interesante para vostedes e que quixera utilizar para efectos de establecer un orzamento que puidese resultar coherente coa situación que vivimos: existen no tramo entre o 2007 e 2016 acumuladamente 257.000 traballadores e traballadoras menos en Galicia con idade inferior a 35 anos. Ben, a ver onde vai esa mocidade, se é que xa non hai xente moza, se é que se fixo maior ou se é

que emigraron... A ver, non, non pasa nada. E vostedes están instalados na comodidade de dicir que, como aquí deixamos atrás a crise, todos os problemas pasaron. Non, moita xente non pasou eses problemas e queremos denunciálos, e queremos dicirlles que é moito máis importante o problema que vostedes presentan aquí. Pois máis que vostedes digan aquí que non, non significa que sexa que non, significa simplemente que non é como vostedes o están pintando.

Con relación a esas situacións de especial necesidade ou de situacións nas que é necesario atender con prioridade para o restablecemento de dereitos sociais básicos, fixen referencia aquí a dúas cuestións concretas ás que vostede non deu cabo: a primeira delas en relación co ticket eléctrico e en relación, a segunda, co problema do alugueiro.

Con relación ao ticket eléctrico —insistimos— DOG de hoxe, 16 de xaneiro de 2017, pasan do orzamento do ano anterior de 2.100.000 euros a este ano 793.000 euros. ¿Por que? Xustifiquen, expliquen que xa non existen as situacións obxectivas de necesidade que daban lugar a este tipo de liñas de axuda e expliquen que simplemente coas que vostedes orzan son suficientes. ¿Sabe que é o que pasa? O que pasa é que establecen uns requisitos de acceso, unhas condicións burocráticas tan elevadas, que a xente que está na franxa obxectiva de necesidade acaba por non ter acceso a elas, ben por non saber, ben por non poder, ben por non ter unha rede ou non existir unha rede adecuada de servizos sociais que poida permitir que a xente que está en termos obxectivos dentro desa franxa poida acceder ou poida ser detectada para acceder a estas axudas. Entón, o que teñen que facer é modificar a orde para acceder con maior facilidade por parte desas capas de poboación e non reducir a partida orzamentaria mantendo os requisitos. Dean máis facilidades e verán como a xente accede a esas axudas.

E isto sucede tamén con relación ao Programa de alugueiro. ¿É serio pensar que con 47.000 euros se poden atender as necesidades de vivenda da xente moza ou das familias que teñen máis necesidades con relación á satisfacción do dereito a unha vivenda digna?, ¿é serio? É dicir, gástase máis en propaganda que no propio programa. Modifiquen isto porque é modificar a percepción que terá a xente tamén do que vostedes pensan da realidade.

Segunda cuestión en relación coa débeda. Dixémolo, denunciámolo e volvemos insistir: priorízase o pago da débeda na construción do orzamento, empregando case un 18 % para o pago da débeda. É a función 9, «Débeda pública». ¿Que pasa? Si, desde logo, hai que ver a evolución histórica porque xa levan vostedes varios anos gobernando. Por iso tamén cando nos din que con relación ao devalo demográfico que non se pode facer nada dun ano para outro que se vexa, ¿cantos orzamentos levan xestionando vostedes consecutivos? ¡Home!, pois no plano demográfico xa podería ter algunha incidencia ou, polo menos, sentar as bases para que nos indiquen cal pode chegar a ser a incidencia nese momento. Pero en relación co caso concreto da débeda pública, aí si que temos datos concretos onde tamén podemos dar conta deles. Función 9, «Débeda pública», que pasou no 2009 de 393 millóns de euros a 1.822 millóns de euros en 2017. Isto é, o servizo da débeda multiplicouse 3,5 veces, o que equivale a 1.429 millóns de euros máis agora que en 2009. Poderíase estruturar doutra maneira, pero non, vostedes optan por iso fronte á prestación doutros servizos de carácter esencial.

Nós entendemos que isto non é, que non pode ser así, que non debe ser así, e por iso vimos aquí denunciálo. Desde logo, por iso non coincidimos, por iso somos a súa alternativa; chegado o momento serémolo de goberno.

En canto ao financiamento. Miren, fan agora un convite que moitas veces é un brinde ao sol, é unha forma de falar que realmente pensamos que non ten eficacia. Veremos se ten ou non eficacia sobre a situación, sobre se é posible acadar unha postura de país para a proposta do réxime de financiamento autonómico. Nós para un sistema de financiamento autonómico novo, no que Galicia e as súas maiorías sociais gañen calidade de vida e dereitos, si, doutra maneira non. Aínda non sabemos cales son as premisas nas que se basea a súa posición de país para poder chegar a iso. Entón, na medida en que estaban insatisfeitos co modelo anterior, teremos que buscar un modelo diferente. No noso modelo, desde logo, agora mesmo sen facer grandes contas máis alá das básicas, do que levamos denunciando durante todos estes meses, necesitamos para un mínimo de poder satisfacer o básico para o noso país neste momento un incremento de 3.000 millóns de euros no financiamento. Si, ¡uuuh!, claro. Iso foi o que perdemos en investimento social desde o ano 2009 tamén, desde que están vostedes xestionando os orzamentos; un 25 % de redución de gasto social ou de «investimento social» como preferimos denominalo nós. Porque nós non cremos que a aposta polas persoas sexa gasto senón investimento, investimento que reverte a nivel económico, que reverte a nivel laboral, que reverte, desde logo, a nivel de calidade de vida, que é o que nos interesa. E aí é onde podíamos atoparnos.

O actual statu quo que establece o sistema de financiamento actual consolida a mingua de Galicia, e algúns dos factores que vostede expuxo aquí non fan máis que consolidar esa situación de carácter paliativo. Temos que ter en conta a dispersión da poboación e o avellentamento. Si, moi ben, ¿para que? Para financiar o statu quo, a situación actual. Vostedes con iso, aínda no mellor dos casos —xa sabemos que co sistema actual estamos no 104 % en relación coa ratio de poboación axustada—, ao máis que podemos aspirar é a paliar mellor ese problema, pero a paliar, non intervir para solucionalo. E nós necesitamos un sistema de financiamento que nos permita ter recursos, que nos permita facer unha política económica diferente, que nos permita reverter esta situación. A autonomía política ten que ter unha dimensión económica que nos permita facer unha planificación diferente no ámbito económico que non sexa unha simple xestión administrativa das competencias con relación aos seus recursos, para que atendamos paliando determinadas necesidades que temos. Necesitamos poder facer unha política económica diferente de xeito activo que nos permita reverter esa situación. Se o problema é o devalo demográfico ou se o síntoma é o devalo demográfico, o que temos é que poder incidir nas causas que modifiquen esta situación; necesitamos reverter esa situación. Se hai un problema de despoboamento do rural, teremos que poder incidir nas causas que deron lugar a iso, e non simplemente conformarnos con que a poboación avellentada e dispersa nun rural cada vez máis despoboado teña un amortecemento doce da súa existencia. Iso non nos vale. Polo tanto, o sistema de statu quo para nós non é aceptable.

Nós queremos, polo tanto, un modelo económico diferente que reverta esta situación, un sistema que estea baseado nunha maior soberanía fiscal, na suficiencia financeira, na suficiencia de recursos, e baseado na cooperación e non na competitividade, non na competencia entre comunidades autónomas; un sistema baseado nun concepto distinto da

solidariedade. A nós o que non nos vale é que teñamos unhas condicións aquí económicas, unhas condicións laborais, unhas condicións de vida que expulse a nosa mocidade a Madrid ou a outros lugares do Estado, e que despois nos fagan as contas e nos rendan como solidariedade esa descapitalización humana do noso país. Nós non queremos ese modelo; ese modelo minguante no que despois o statu quo unicamente dea lugar como solidariedade a que nos compensan pola perda da xente que se nos vai. Nós o que queremos é non perder esa xente. Polo tanto, queremos un sistema económico e, polo tanto, un sistema de financiamento que poida reverter esa situación e que faga de forma eficaz e que tamén busque non competir senón cooperar entre comunidades autónomas. Defendemos un sistema federal entre dezaoito iguais que pacten unhas condicións nas que se asegure tamén o incremento de ingresos, entre dezaoito iguais, entre o Estado e as comunidades, entre iguais, no que se busquen as condicións de solidariedade baseadas na cooperación, baseadas na necesidade dun incremento mínimo dos ingresos. Porque nós, a diferenza de vostedes, non cremos que aquí toda a solución sexa a redución de gasto. Para prestar servizos de carácter esencial temos que realizar gasto e para iso necesitamos ingresar. E iso é necesario falalo, e iso é necesario acordalo. Non se pode facer *dumping* entre comunidades autónomas, nin *dumping* fiscal nin doutro estilo, senón que necesitamos chegar a mecanismos de cooperación que nos permitan a todos ter un nivel de ingresos aceptable para poder realizar outra política económica e prestar os servizos sociais doutra maneira no noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Para pechar o debate ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, presidente.

Algunhas cuestións antes de proceder dunha maneira máis formal á miña intervención nestes momentos da mañá. Descúlpenme, por favor, se algunhas persoas se poden ver atacadas polo ton desafortunado das miñas intervencións, é que son moi vehemente na miña exposición, porque procuro crer moi moito o que digo, pero de ningún modo... Vaia por adiantado que a mesma lexitimidade que presumo para min e os nosos presúmoa para calquera das persoas que están aquí. Polo tanto, de verdade, con toda humildade, pero ao mesmo tempo con toda a vehemencia expositiva que me caracteriza, seguirei defendendo aquilo no que creo.

Por suposto, non podemos negar a realidade estatística. E creo que máis que falar de labazadas na cara de moitas persoas, o importante é darse conta de que, ao pensar en termos relativos, sempre dixemos que a recuperación ten que ter un carácter inclusivo. Fomos as primeiras persoas que hai dous anos utilizamos ese termo, que no día de hoxe se repetiu moitísimo, ¡moitísimo! Menos mal que algúns conceptos se van clarificando. Pero ao mesmo tempo ten que ser universal, e iso non se pode lograr nun horizonte dun ano, ten que ir paseniño, na medida en que se vaia recuperando o crecemento económico, que está perfectamente asentado desde a miña óptica. Todo é mellorable, todo é mellorable. Pero, por outra parte, vaise trasladando o máis importante, que é máis e mellor emprego. Pero é que si está sucedendo. ¿Podémonos dar por convencidos da intensidade de como se está

trasladando o crecemento á ocupación e ao mellor emprego? En modo ningún. ¿Esta Administración ten que facer un seguimento, como sempre o fixo, e perfeccionar determinados instrumentos de todas as políticas que estamos implementando para darnos conta se os obxectivos que pretendemos se están realizando? Sempre o fixemos, pero creo que a situación que temos nestes momentos, e xa coa folla de ruta predeterminada do Plan estratéxico... Tamén a algún grupo non lle gustaban moito hai un ano os plans estratéxicos, quizais porque se vían gobernando, e a situación a día de hoxe é relativamente distinta. Outros si que participaron dunha maneira moito máis proactiva cando estivemos aquí no Parlamento falando destes temas. E, por suposto, como tal instrumento e guía ata o 2020, tanto en materia de crecemento, como en materia de emprego, como en materia de políticas de inclusión, seguiremos perfeccionándoo. Porque o peor que lle pode pasar a calquera plan estratéxico é que quede colgado das estanterías e non analicemos como vai a avaliación certa do que estamos levando a cabo.

Pero seguen perseverando, ao meu entender, nun error, e isto xa me preocupa, porque xa debe haber algo así como dez veces. Ou nos explicamos moi mal —e eu en primeiro lugar— ou algo falla cando seguen teimando polo tema da débeda e están ligando dúas cuestións que son totalmente distintas. O que é o refinanciamento da débeda —porque hai débeda que vence— é cambiar dun sitio para outro, e por iso o tamaño que tivo o ano pasado e o incremento que ten este. ¿Por que? Porque hai máis vencementos de débeda. Pero a débeda nova en esencia, que é por onde hai que medir, soamente —soamente non, que bastante é— é o 0,5 % do total. Iso son 280 millóns, máis 85 millóns de euros que —gústelles ou non— son dos famosos 600 e 1.600 que no goberno do Bipartito pois non son quen, dunha maneira atinada, de acertar co que foi a estimación de ingresos. Por iso chegamos á situación de que, dos 10.500 millóns de euros que temos nestes momentos, resulta que practicamente 1.000 millóns tamén son do «déboche, déboche» do Goberno bipartito.

E ademais, a maiores, de futuro, tal como coñecemos o ámbito da débeda pública, de futuro: 0,5 para o ano que vén, 0,3 o seguinte, 0,1 redondeando, estaremos falando, aproximadamente, duns quiñentos e algo, non chegaremos a 600 millóns de euros, ata estar en verdadeira consolidación fiscal. Pero é que, de novo, deses 500 que se lles pode achacar a este goberno nunha actuación anticíclica, resulta que aínda quedan por imputar outros 1.300 millóns de euros, practicamente, do Goberno bipartito. Entón, non andemos con ese tipo de cuestións, saibamos destacar o que é o principio de integridade que recollen todas as operacións que están no orzamento do que é a débeda neta. Por certo, por certo, señor portavoz das Mareas, de Podemos —é que tamén é indicativo de algo, ¡home!—, é que se poñemos en relación coa débeda que temos nestes momentos, e eses famosos vencementos que se producen este ano que hai que refinciar, e a caída no capítulo III, de xuros, o que vén dicirnos é que foi unha actuación correcta pola nosa parte en etapas de crise, mantendo sempre a autonomía financeira deste goberno e, polo tanto, de todos os galegos, prestixio número un para a comunidade autónoma. Resulta que nestes momentos somos quen, por ter cumprido todos estes anos cos parámetros de consolidación fiscal, de nestes momentos poder financiarnos ao 0 % —soamente a Comunidade de Canarias e a Comunidade de Galicia, ao 0 %—. Por iso baixan os intereses, por decisións acertadas en determinado momento, cun volume de débeda que está perfectamente mesetado e empeza a descender en termos de ratio/PIB.

Segue teimando a señora Pontón co tema dos altos cargos, dos incrementos retributivos. ¡Ningún!, de novo. Xa sei que cando gobernan vostedes iso é debido, é algo normal e habitual, por iso con certo gracejo resulta que eses 7.000 euros, cando se refire ao presidente da Xunta, do vicepresidente señor Quintana. Non esperaba menos da súa señoría. Xa non digo respecto do presidente Touriño.

De novo, vólvoo repetir, a situación que temos en todo o emprego público é a situación de primeiro de xaneiro de 2012. Revíseo, por favor, e que non sexa distinta a vara de medir cando gobernan vostedes.

Aínda que o máis imporante no tema de persoal é a recuperación global para 100.000 empregados públicos, que se está a producir dunha maneira certa, certa.

Por outra parte, señor Leiceaga, xa lles dicía anteriormente que, efectivamente, hai cousas no documento orzamentario que están ben, outras que non están ben, todo e ben non o fai ninguén. Procurámolo e, pouco a pouco, imos cada vez perfeccionando máis un documento que é moi complicado, moi complexo. Sempre estudamos os efectos das nosas medidas, e perfeccionaremos os nosos instrumentos, sobre todo no ámbito do gasto de capital, para poder ter unha avaliación previa do que estamos así facendo. Creo que pouco a pouco a situación do que é a confección como tal documento do orzamento das políticas que implementamos nos últimos oito anos variou moi moito e para ben.

E vostede referíase ao cadro macroeconómico BBVA. Tamén hai outros institutos. Por certo, o BBVA ultimamente, polo que respecta a Galicia, falla bastante, bastante. Pero sácase aquí sempre o BBVA. Non é cuestión de acertar ou non acertar. É que, en esencia, en termos de prospectiva, hai sete ou oito institutos que o que nos están dicindo é que a cousa vai ben, a situación empeza a cambiar. No terceiro trimestre deste ano pasado, 2016, é cando se produce un certo sorpaso da economía galega respecto da media española. Esperemos seguir manténdoo. E non é tanto unha competición como seguir mantendo crecementos por riba ou arredor do 2,5, que iso si que nos permite trasladar ese maior crecemento ao emprego, a máis e mellor emprego, que segue sendo, e a un emprego cada vez máis inclusivo. Polo tanto, ese é o noso obxectivo e a iso é ao que nos dedicamos de verdade.

Creo que o señor Villares falaba de débeda. Explicareino unha vez máis. O que pasa é que me dá a impresión de que o seu grupo algunhas cuestións non as quere oír. Creo que é moi simple, pero erre que erre, seguiremos por aí.

Imos pechando xa. Quero, en primeiro lugar, a pesar de todo, dos tons —e descúlpenme polo que ás veces utilizo eu—, mostrar o meu agradecemento ás intervencións. Creo que de todo se aprende, de verdade que con toda honradez llelo digo aos voceiros dos grupos parlamentarios. Aínda que, como seguro entenden, sigan sen estar de acordo con moitísimas das cousas que aquí foron trasladadas. Este é un dos debates máis importantes de cada ano, porque o máis importante é que, ao final, o que estamos facendo é contrastando modelos de xestión e contraponendo iniciativas e ideas que contribúen, cando menos, a un intercambio de opinións que para min —dígollelo de verdade— é enriquecedor. Pero reitero que este debate se produce nun momento moi importante. É o primeiro do inicio desta lexislatura e

creo que co traballo de todos os grupos temos que ser capaces de consolidar esa recuperación económica e a creación de emprego de calidade. Tres palabras moi simples: creación, emprego e calidade. Esa é a cuestión fundamental.

Sei perfectamente que os grupos da oposición cambiarían moitísimas cousas deste orzamento, e é perfectamente lexítimo, pero tamén estou convencido de que existen moitos puntos de encontro, e de que temos diante asuntos prioritarios como o do financiamento autonómico, nos que temos que ser capaces de consensuar unha postura de país, e non apartado a ninguén. Desta forma, creo que cunha postura de Galicia teremos máis forza.

Ademais, desde o Goberno galego temos que ser consecuentes e elaborar uns orzamentos na liña do programa electoral que, efectivamente, foi apoiado de maneira inmensamente maioritaria nas urnas polos galegos e galegas. Por iso temos que rexeitar a devolución dunhas contas que consideramos que son as que neste momento necesita Galicia para seguir un paso máis neste camiño de mellora da nosa economía, do emprego e dos servizos públicos.

Pese ás discrepancias, únenos o reto de sumar cada día máis galegos e máis galegas á recuperación económica, que cada día máis galegos e galegas, que tiveron que sufrir moito a gran crise económica dos últimos anos, se beneficien tamén agora, e de maneira directa, dos efectos positivos desta mellora nas condicións económicas.

Desde o Goberno estamos convencidos de que este orzamento é unha ferramenta que axudará os galegos para poder vivir un pouco mellor. Temos máis recursos —orzamentos expansivos—, temos máis experiencia, desde o rigor e a profesionalidade, e sabemos como destinalos ao máis prioritario. Porque se algo nos ensinou a crise é a non cometer os erros do pasado. Logo de seis anos moi duros e de grandes sacrificios, levamos dous orzamentos expansivos que —como dicía— nos permiten ter en todas e cada unha das funcións máis recursos para dinamizar a economía e para protexer os que máis o necesitan.

As bases da recuperación xa son cada vez máis sólidas, e temos unha fortaleza: seguimos sendo a comunidade con maior estabilidade de España, unha autonomía solvente, que crece ao maior ritmo desde antes da crise e que crea emprego a un ritmo de 20.000 novos postos de traballo ao ano. A pesar desta boa evolución, o Goberno segue co pé no chan, e somos conscientes de que os problemas non remataron. Pero tamén, tendo isto claro, sería pouco realista non recoñecer que este ano enlazaremos xa catro exercicios económicos consecutivos en crecemento, e que estamos creando emprego desde hai máis de tres. Por iso cremos que é o momento para continuar por este camiño, seguir executando as nosas prioridades, recollidas no Plan estratéxico, para consolidar este modelo de crecemento san, un crecemento sostido que xere cada vez maiores ingresos, que permita completar a consolidación fiscal, eliminando o déficit público e con isto desprendernos do recurso ao endebedamento, para chegar a finais desta década en condicións de ter unha taxa de paro no contorno do 10 %, logo de ter superado o 22 % nos peores momentos de crise económica.

Os orzamentos que debatemos supoñen un chanzo máis nesta senda por varias razóns: porque permiten manter o crecemento no contorno do 2,5 % —por certo, as nosas estimacións, que facemos todas as semanas, así nolo confirman, pero tamén é certo que a situación eco-

nómica internacional presenta certos rasgos de inseguridade; como tamén é certo que a evolución da economía española, o noso principal cliente, se mantén nuns síntomas de vitalidade que fan que sigamos mantendo o incremento previsto neses termos—; porque estes orzamentos contribuirán, como dunha maneira machacona veño repetindo e que é a nosa prioridade, a que outros 20.000 galegos e galegas atopen emprego, porque reforzarán o investimento, somos a primeira comunidade de España en investimento para axudar a dinamizar a nosa economía; porque consolidan a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia e porque protexen a aqueles que pasen máis dificultades, combatendo a desigualdade e fomentando a igualdade de oportunidades.

Haberá moito que traballar para acadar estes retos desta lexislatura, pero estou seguro de que, desde a lexítima posición ideolóxica de cada un, traballando xuntos será posible. Os galegos e galegas demándannos, máis ca nunca, unidade para afrontar con garantía de éxito as súas necesidades, e é responsabilidade de cada un de nós estar á altura dos cidadáns.

Deséxolles aos grupos parlamentarios un bo traballo na tramitación destes orzamentos, e agardo que moi pronto poidan ser aprobados para poder ser executados o antes posible por este Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Votación das emendas do Grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación.

Comezamos votando, en primeiro lugar, as emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2478) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2518) do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 2534) do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 1 a 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 1 a 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 1 a 31 do G. P. de En Marea, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás trece e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co debate e a votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións; en concreto, son estes dous apartados.

Comezamos e, en primeiro lugar, ten a palabra o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Noa Presas, por un tempo de quince minutos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas, a aqueles poucos e poucas aos que lles interesa este profundo debate.

Quería, precisamente, iniciar a miña intervención indicando que para o xuízo do Bloque Nacionalista Galego o debate que enfrentamos é algo máis que un debate de números, ou de números simplemente. Nós entendemos que é un debate moito máis profundo e que se trata de feito do debate máis importante que se pode enfrentar desde calquera institución, pois son os orzamentos precisamente a ferramenta máis poderosa que teñen para dous obxectivos mínimos, que, desde o BNG, entendemos que son aqueles que deberíamos partillar todas as forzas políticas que nos atopamos aquí representadas:

Dunha banda, querer mudar as condicións materiais de vida da maioría dos galegos e galegas, que o están pasando francamente mal neste momento e que están mirando para outros puntos do Estado ou para outros puntos do mundo para buscar unha saída. Mudalas precisamente para termos un dereito á vida digna, tanto os que estamos aquí como os que xa tiveron que marchar.

E, doutra banda, empregar tamén estes orzamentos para decidir que queremos un futuro diferente como pobo, para apostar por un futuro diferente, no que se invista na moderniza-

ción dos nosos sectores produtivos e se aproveiten as nosas potencialidades para iniciar cambios profundos que garantan un futuro de crecemento sostíbel.

Porén, tal e como sintetizou a miña portavoz parlamentaria en horario de mañá, estes orzamentos non se axustan ás exixencias deste momento histórico, que —como dicimos— para nós é moi relevante. Carecen de ambición de país e limítanse a un continuísmo que consolida a política de recortes e que non introduce o máis mínimo cambio substancial. Polo que, ao noso xuízo, non serven nin para reactivar a economía, nin para garantir os servizos básicos, nin para igualar unha sociedade profundamente fragmentada, na que quen menos responsabilidade tivo na crise é quen máis a paga. Unha crise, doutra banda, que vai alén do conxuntural e do económico, que é estrutural e que se rodea dunha crise política e institucional, dun marco estatal e ultracentralista que estrangula o financiamento dos nosos servizos.

Porén, malia a hostilidade do contexto, malia o encorsetado do debate e a recóndita posibilidade de que esta humilde oposición consiga nesta tarde mover un só euro dos orzamentos da maioría absoluta e absolutista do Partido Popular, malia todo iso, con espírito propositivo presentamos estas emendas para demostrar que é posíbel, que hai alternativa e que é posíbel apostar por un cambio de modelo mobilizando máis de 908 millóns para ese efecto.

Comezarei sinalando que cuestionamos non só a política de gastos mediante estas emendas senón tamén a política de ingresos. Presentamos para iso unha serie de propostas de cara a incrementalos, facendo así cambios que contrastan co modelo do Goberno do Partido Popular, que nestes orzamentos debe ese leve incremento practicamente á débeda e que, ademais, mantén a carga impositiva regresiva que o vén caracterizando nos últimos anos.

Para nós o actual modelo impositivo, o actual sistema impositivo, non está contribuíndo a corrixir as desigualdades económicas e, polo tanto, non cumpre con esa teórica función de redistribución da riqueza. Isto tería que enmarcarse nun debate máis amplo e máis profundo, pero aínda así, dentro da pouca autonomía que nos permite este raquíptico marco autonómico, temos certa capacidade de actuación que nós propoñemos, efectivamente, espremer ao máximo. Neste sentido, temos varias propostas encamiñadas a conseguir unha maior progresividade:

En canto ao tramo galego do IRPF, propoñemos un novo tipo para aplicalo a esas rendas superiores a 120.000 euros, cunha suba ao 25,5 %, que nos permitiría obter arredor de 23 millóns de euros a máis.

Doutra banda, seguimos insistindo en que é posíbel mellorar a progresividade en canto ao imposto sobre patrimonio, polo que propoñemos reducir o mínimo exento e modificar a tarifa daqueles máis elevados para obter así arredor de 37 millóns.

Propoñemos tamén, como o ano pasado, suprimir esas modificacións, ao noso ver regresivas, que implementou o Partido Popular arredor do imposto de sucesións e doazóns, e recuperar así arredor de 45 millóns de euros, que estamos perdendo para salvagardar os nosos servizos públicos. Entendemos que neste contexto de emerxencia social non é de recibo facer isto; é un luxo que o noso pobo non se pode permitir.

Finalmente, hai un debate que non deixaremos de dar. Propoñemos, novamente, a creación dese imposto —que tan pouco lle gusta ao Partido Popular— sobre grandes superficies comerciais, para recuperar así arredor de 30 millóns e que grave o imposto económico, social e ambiental que provocan estas superficies. Xa despois, na réplica, discutiremos sobre como teñen que evolucionar, ou non, as leis no noso mundo.

O seguinte bloque de emendas representa, a través de varias propostas de gasto, un modelo político, económico e social alternativo e define as prioridades do nacionalismo neste contexto de emerxencia social e nacional. Xira, pois, arredor de catro estratexias: dunha banda, priorizar o gasto social; blindar, doutra banda, os servizos públicos; en terceiro lugar, desenvolver un modelo produtivo de futuro que teña como panca de impulso o I+D+i; e, finalmente, apostar por unha Galiza cunha serie valores que, ao noso xuízo, o Partido Popular ten abandonados, como son o amor á terra e o amor á lingua, xa que o señor Martínez nos dicía pola mañá que nos pedía propostas con máis apego.

E, finalmente, faremos unha mención específica ao que nós entendemos que debe ser unha cuestión que estea á cabeza das ordes de prioridades, como é a loita contra a violencia machista.

Entendemos que neste contexto é indispensable —como dicía— dar prioridade ao gasto social de forma contundente. Por iso, desde o BNG, propoñemos un incremento de gasto social en máis de 16 millóns, para así arredor de dous piares básicos, que serían unha renda de garantía social e un plan de emerxencia social, sermos quen, como sociedade, como pobo, de atender as emerxencias que hai agora mesmo, mentres non sexamos capaces de planificar un modelo máis sostíbel que corrixa a longo e medio prazo esas emerxencias.

A xustiza social entendemos que debe ser unha prioridade e que as prioridades se orzan. E para conseguila é ademais absolutamente indispensable unha estratexia de blindaxe dos servizos públicos, nomeadamente da sanidade e do ensino.

Aínda que os nacionalistas entendemos, en última instancia, que para conseguir isto é imprescindible ter máis soberanía para recadar e decidir onde van os nosos impostos, é dicir, apostar en última instancia por outro modelo de financiamento, aínda así, entendemos que dentro do limitado corsé autonómico é posíbel facer algo, que é posíbel ir máis alá do que se está indo, que, en resumidas contas, foron oito anos de volta atrás.

Nós queremos reverter esa situación. Por iso traemos diferentes propostas para recuperar a sanidade. Propoñemos, así, unha estratexia de recuperación para a xestión integramente pública daquilo que coñecemos como «as infraestruturas sanitarias construídas polos sistemas público-privados», nomeadamente infraestruturas como o hospital de Vigo, que nos veñen a todos e a todas á cabeza, por medio de ata 115 millóns. Propoñemos tamén destinar máis de 100 millóns a reducir as listas de espera; un problema gravísimo que está pagando a nosa sociedade e que ten consecuencias sobre a súa calidade e mesmo esperanza de vida. Tamén propoñemos 60 millóns para blindar a atención primaria e 54 millóns para repoñer o persoal sanitario que progresivamente foi recortando o Partido Popular.

Outro piar básico é o ensino. Por iso tamén levamos propostas de cara a repoñer todo ese persoal recortado en máis de 55 millóns, para garantir o acceso universal a el, blindando bolsas, blindando alternativas para os comedores escolares e blindando alternativas para a gratuidade dos libros de texto polo sistema de préstamo.

Indicaba antes que, en terceiro lugar, as nosas emendas apostan por reorientar un modelo produtivo necesitado de modernización e apostar pola panca de impulso que ten que supoñer a I+D+i no noso país. Facémolo por responsabilidade e porque estamos convencidas de que sen investimento e sen reorientación pouco temos que facer, de que estamos hipotecando o noso futuro. Por iso, desde a confianza no noso pobo, nas súas capacidades e nas súas potencialidades, promovemos unhas emendas que mobilizan máis de 100 millóns a programas relacionados coa investigación tanto para a industria como para o rural e para o medio marítimo. Máis de 100 millóns para diferentes programas de investigación, fronte aos 4,7 millóns que propón o Partido Popular.

Acompañamos, ademais, 4 millóns para o Instituto Galego de Crédito, para favorecer, así, o financiamento das empresas e de pequenos e pequenas emprendedores de maneira inmediata, contribuíndo a reactivar a economía e marcando a nosa aposta por instrumentos financeiros, públicos e galegos, que poidan ir achaiando o camiño a unha futura banca pública galega.

Incluímos tamén diferentes emendas para os sectores máis vulnerábeis e dámos unha nova oportunidade ao Partido Popular. Unha oportunidade de rectificar e de dar saída a ese Plan Retorna, dotado con máis de 100 millóns, para demostrarnos que si que lles importan as persoas que se foron e as persoas que están pensando en irse.

Finalmente, apostamos por unha Galiza que medre cunhas políticas que dean prioridades a baluartes que o Partido Popular ten esquecidos. Por iso queremos unhas políticas de amor á terra, porque non pensamos renunciar a dar as batallas indispensábeis que sintetizaba Ana Pontón pola mañá contra o cambio climático. Por iso, elementos como o saneamento das rías ou como a aposta seria e dotada pola compostaxe non faltan nesta batería de emendas. Tampouco falta a política de amor pola lingua e pola cultura, por ese patrimonio de todos os galegos e galegas, para o que mobilizaremos máis dun millón de euros para demostrar que querer é poder e que é posíbel dotar como unha prioridade estas áreas.

Para ir rematando, desde o meu grupo parlamentario quixeramos facer unha mención específica á necesidade de situar os dereitos das mulleres e o combate contra a violencia machista como unha loita que hai que actualizar, repensar e, sobre todo, dotar, dotar de recursos. Miren, as conquistas do feminismo no marco do sistema non poden levarnos a perder de vista o obxectivo estratéxico que supón superar o patriarcado e superar toda forma de violencia exercida contra nós polo mero feito de sermos mulleres. E para iso hai que ser ambiciosas e ambiciosos, hai que ir máis alá e dar un salto cuantitativo e cualitativo na política contra a violencia machista, saltando para o seu orzamento a máis de 95 millóns.

Hoxe, os deputados da forza de goberno teñen a oportunidade de sorprendernos, de facer algo máis que descualificar as propostas da oposición, algo máis que mencionar os terríficos gobernos pasados ou presentes, municipais ou nacionais; algo diferente. Eu voulle

aforrar xa o traballo ao Goberno do Partido Popular e vou recordar xa eu mesma —para que non perdan tempo en contestarnos— que si, que teñen moitísimos deputados e deputadas; non pasa nada. Pero eu vou facer outra oferta, que é que se atrevan, por favor, a que Partido Popular e diálogo non sexan un oxímoron máis que saia desta tarde de debate e a que nos sorprendan un pouco. Son moitos, son moitísimos máis ca nós, non pasa nada, pero acepten, dentro da oposición de todas as emendas que presentamos o BNG, En Marea, o PSOE, acepten a parte proporcional. Eu fágolles incluso esa proposta xa. Estamos xenerosos e dicimos: de acordo. Xa nos van recordar o moitísimo que vostedes recadaron nas eleccións, pero acepten entón, se son tan dialogantes, a parte proporcional destas emendas.

En suma, a proposta que aquí sintetiza o meu grupo parlamentario supón a representación de que é posíbel un modelo alternativo. Un modelo que, desde a confianza no noso país, sexa quen de situar as prioridades na orde que merecen e sexa capaz de apostar por priorizar o gasto social, por blindar, efectivamente, os servizos públicos e non convertelos nunha progresiva anécdota, caendo na trampa do sistema, que pretende facernos crer que viviamos por riba das posibilidades e que eses dereitos conquistados eran algo momentáneo. Fagan unha aposta por desenvolver esa Galiza de valores na que recuperemos o coidado do medio ambiente, o coidado da nosa lingua e na que o combate contra a violencia machista sexa unha absoluta prioridade. Para iso temos diferentes propostas que seguramente vostedes rexeitarán e minusvalorarán, pero, desde logo, é certo que hai unha cuestión que non poderán evitar, que é que en democracia continuaremos a dar todo este tipo de debates e a poñer sobre a palestra do debate o foco nas cuestións que para o BNG son absolutamente imprescindíbeis e que, lamentablemente, no seu orzamento non teñen nin cabida nin, desde logo, un orzamento suficiente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, eu vou comezar exactamente por onde rematou vostede.

Esta mañá vostede falaba de que non estabamos debatendo aquí senón modelos de xestión. Mire, non, isto non é a Harvard Business School, isto é un Parlamento. Aquí o que debatemos son modelos políticos de interpretación da realidade e de construción da realidade na que viven os cidadáns. É un pequeno problema conceptual que eu creo que conviría ter claro, porque ás veces é moi habitual que os políticos da dereita se poñan o traxe ou o batín de tecnócratas e, a través desa tecnocracia, defendan uns intereses concretos. Polo tanto, non debatemos modelos de xestión —ou polo menos o Partido Socialista, e estou seguro de que o resto dos grupos da oposición, non debaten modelos de xestión—, debatemos modelos ideolóxicos. E, por certo, é o que temos que debater, porque este é un Parlamento constituído

por deputados elixidos, persoas que se presentan ás eleccións en formacións políticas diferentes e que os cidadáns votan. Eu creo que é así de sinxelo.

Quero empezar falando de política, e empezo hai 78 anos. Hai 78 anos había 100.000 españois de esquerdas amontoados nunha praia do sur de Francia, en Argelès, que morrían practicamente de fame e de frío. Hoxe, lamentablemente, 78 anos despois, centos de miles de refuxiados non españois están morrendo literalmente de frío en certas fronteiras de Europa. E isto é tamén falar de política aquí en Galicia, e isto é falar exactamente do mundo que estamos construíndo e do mundo que constrúen os orzamentos, señor conselleiro.

Porque vostede vén aquí cun enfoque técnico —paréceme moi ben, non rexeito en absoluto o enfoque técnico—, pero agochando absolutamente a dimensión política que teñen eses orzamentos, que tamén —insisto— é lexítimo que a teñan, e da mesma maneira que a voveira do BNG o dicía, repítoe eu. Xa sei que teñen 41 deputados, maioría absoluta, e que polo tanto vostedes fan os orzamentos. Pero tamén teñen que entender e saber que o resto dos deputados temos dereito a cuestionar non os orzamentos en termos técnicos, que probablemente tamén, senón os orzamentos en termos políticos, porque reflicten unha sociedade e un mundo que non é o que nós queremos. *(Aplausos.)*

Hai escasamente unha semana faleceu un vello profesor xudeo, Zygmunt Bauman, que fuxiu dúas veces dos totalitarismos europeos durante toda a súa vida e que falaba de dúas cousas moi relevantes; e, dende logo, escoitando algunhas intervencións do Partido Popular e vendo algunhas actuacións políticas, a verdade é que cada vez máis presentes.

A primeira, esa modernidade líquida, ou iso de intentar disfrazar a realidade para que non se saiba exactamente que intereses están defendendo. Hai unha frase de Bauman que a min persoalmente, non sei se por deformación profesional, me gusta especialmente, e é cando di que efectivamente existe a man invisible no mercado; e que é invisible, pero ten dono. E como ten dono, defende uns intereses concretos.

Polo tanto, eu creo que xa está ben de vir aquí contarnos historias de interese colectivo que o único que acaban conseguindo parcialmente —eu non vou dar un discurso catastrofista, pero dende logo non vou agochar a realidade do que está acontecendo neste país, falo de Galicia e falo tamén do conxunto de España— é un discurso no que se obvia absolutamente unha parte da realidade. E a parte da realidade que se obvia, señor conselleiro, é a que leva consigo a desregulación económica; é a que leva consigo os procesos privatizadores; é a que leva consigo a precarización constante do mercado laboral; é a que acaba constituíndo iso que Bauman chamou «precariado», que é verdade que ao principio parecía absolutamente revolucionario e radical, pero que, certamente, vendo as condicións salariais e laborais dos novos traballadores nos países occidentais, empeza a ser xa case asumido mesmo polos grupos conservadores. E quero darlle un dato.

En Galicia, nesta Galicia que segundo vostedes vai polo menos tan ben coma España... Eu, cando fala do ben que vai España, recoméndolle o informe que publica hoxe Intermon-Oxfam. Eu creo que é moi ilustrativo do ben que vai este país. Por certo, son os pais xesuítas, non é a internacional proletaria comunista, ¿eh?, Intermon-Oxfam.

Dícialle que estaría ben saber exactamente de que falamos. Mire, falamos de que os contratos temporais de menos dun mes se incrementaron un 82 % en Galicia durante a crise. Datos do servizo público de emprego estatal, non son datos tampouco de ningunha internacional subversiva. E disto é, señor conselleiro, do que temos que falar.

Temos que falar de en que sociedade estamos e para que sociedade facemos eses orzamentos. E temos que falar tamén dunha cousa á que vostede eu creo que lle dedicou, aproximadamente, dous minutos, temos que falar do contexto internacional, tanto en termos de demanda externa como en termos de demanda interna.

O Brexit, Trump. O 10 % das exportacións galega van neste momento a Estados Unidos e ao Reino Unido, polo tanto, algo deberían de dicir, algo deberían de plantexar. En fin, ese optimismo de que —creo que o dixi textualmente— pode afectar, pero como non sabemos como, pois non o imos ter moi en conta para as posicións macroeconómicas. Eu é o que enténdín, pero seguro que foi un problema de comprensión deste deputado.

E da mesma maneira imos ter problemas de demanda interna, señor conselleiro, supoño que o sabe. O IPC está subindo —agora xa está subindo— por riba do que se incrementan os salarios, que non se incrementan practicamente nada, como vostede ben sabe. No caso das pensións, todos sabemos o nivel de incremento do que falamos, e iso significa, polo tanto, unha perda de poder adquisitivo e significa unha caída da demanda interna. Entonces, eu ceo que é fundamental falar deste contexto macroeconómico, que —volvo repetir— vostedes non o teñen feito.

Hai cousas urxentes e cousas importantes. Soa a tópico, pero eu creo que é relevante. O importante para os socialistas, sen ningunha dúbida, é a desigualdade, pero o urxente de verdade é a pobreza. E a pobreza, señor conselleiro, non se soluciona coa Risga e non se soluciona con parches, soluciónase con emprego de calidade, con salarios dignos que permitan que as familias saian da pobreza por si mesmas. (*Aplausos.*) Soluciónase así, señor conselleiro. E dende logo non se soluciona facendo políticas socio-industriais absolutamente inaccesibles en termos tecnolóxicos, e logo, como non se gastan os fondos, dedicándoos a algunhas cousas —vaime permitir o señor presidente, seguro que lle podo poñer logo o adxectivo de político para minorar o impacto— indecentes, politicamente por suposto.

E este segue sendo, señor conselleiro. o seu mundo; o mundo no que vostede ten que facer política. Tamén xestión, tamén xestión, pero política. Porque as decisións non son neutrais. As decisións dun conselleiro dun goberno, dun ministro dun goberno, non son neutrais. Benefician a uns, e se benefician a uns, prexudican a outros; porque non hai xogos de suma cero en economía, como vostede ben sabe. E eu levo uns cantos anos preguntando unha cousa á que por agora non conseguín que me contestaran, desde que goberna o señor Feijóo, e vouno facer unha vez máis. A verdade é que son inasequible ao desalento, esa parte de apostolado téñoa. Desde que goberna o señor Feijóo, hai 44.000 parados máis —desde o primeiro trimestre do 2009 ao terceiro do 2016, EPA— e hai 110.000 ocupados menos. ¿Onde están os 66.000 restantes?

Eu sei que hai un efecto demográfico, sei que a pirámide de poboación ten unha forma determinada. Non, non, non me miren con esa cara de suficiencia intelectual que algo de de-

mografía sei, pero iso non o explica todo. *(Risos.)* ¡Algo de demografía sei e iso non o explica todo, non o explica todo! E eu sei que vostedes teñen unha capacidade —por suposto, correlacionada directamente co número de votos— intelectual envidiable, pero, volvo repetir: ¡os 66.000 desaparecidos no mercado laboral non os explica a demografía! *(Aplausos.)* Explícaos a demografía, o desánimo e os aeroportos galegos e Ryanair cara a Glasgow ou cara a Manchester. *(Aplausos.)* Poden contar vostedes o que queiran aquí, e sobre todo non a min, eu non teño fillos, sobre todo a quen ten fillos traballando en Glasgow e en Manchester. ¡Cóntenlles que antes marchaban moitos máis! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, xa sei que é moi bo. ¿Saben? A dereita máis reaccionaria en Galicia, a finais do XIX, cando os labregos galegos saían por Vigo e por Coruña absolutamente desprotexidos e analfabetos, dicían e escribían —e tamén diso algo sei— que era *el afán de aventura*. Dicían e escribían iso. E seguro que o sabe ben, señor conselleiro, dicían que era *el afán de aventura*. E non era iso, ¡eh!, era a fame. Naquel momento era a fame. Agora non é a fame, evidentemente, pero é a absoluta falta de expectativas sociais e laborais para a xuventude deste país. E ou o dicimos e o recoñecemos, e intentamos poñerlle algún tipo de solucións, ou estamos nun bucle absolutamente maldito.

E sigo tamén con algún tema cuantitativo, señor conselleiro. É verdade que medramos unha décima máis que España. Onte viña unha columna moi interesante, do profesor Lago Peñas —non do deputado Lago Peñas, senón do doutor Lago Peñas—, sobre as discrepancias entre os datos do INE e do IGE sobre o PIB. Pero o que é certo é que o PIB galego, en termos de paridade e poder adquisitivo, está 12 puntos por debaixo da media de España e 29 puntos por debaixo da media da Unión Europea 28. Estamos incluíndo 23 millóns de habitantes de Rumanía, 9 millóns de habitantes de Bulgaria... en fin, países cos que ¡bueno...!, eu entendo que en termos de I+D+i nos estamos comparando, pero non deberíamos compararnos en termos de historia económica e social. Polo tanto, espero que alguén, non sei se vostede ou o voceiro ou voceira do Partido Popular, me pode explicar onde están eses 66.000 «desaparecidos» —entre aspas—.

Pero non é só a Epa, porque tiven nalgunha comisión que escoitar que era un problema metodolóxico da enquisa de poboación activa. Que á Eurostat lle vale, pero parece que ao Partido Popular de Galicia non lle vale. ¡Tamén está ben!

Datos de paro rexistrado e afiliacións á Seguridade Social do ano 2016. No conxunto de España, o incremento de afiliacións foi, fronte á caída do paro rexistrado, un 38 % superior; é dicir, houbo un 38 % máis de afiliacións que de caída de parados. Sen embargo, Galicia, ¡oh, sorpresa!, foi a única comunidade na que o incremento de afiliacións foi inferior á baixada do paro rexistrado nun 23 %, ¡case 1 de cada 4!

Segue habendo desaparecidos, señor conselleiro. Eu sigo preguntando onde están. ¿E sabe onde están? Están fóra por falta de expectativas, están fóra porque os salarios —e son datos sacados hoxe mesmo da páxina do Instituto Galego de Estatística, polo tanto, creo que pouco sospeitosos— no ano 2009 eran o 48 % do PIB en Galicia, e agora son o 44 %.

Señor conselleiro, por favor, eu comprendo que lle dea á cabeza, pero, en fin, ¡é un pouco estéril e frustrante o debate! Eu teño aquí o peso da remuneración dos asalariados do

PIB, Galicia, España e Europa. En Galicia o 44 %, en España o 47,4 % e na Unión Europea 28 o 47,4 %.

Pero non só iso, senón que ademais están medrando os salarios no último ano, no 2015, un 2,1 %; en España un 3,8 % e en Europa un 4,6 %. E, por suposto, tamén a remuneración por hora efectiva, aproximadamente un 15 % máis baixa que na media española.

Señor conselleiro, este é o país, lamentablemente. Lamentablemente, este é o país. E neste país nós consideramos que hai algunhas cousas que é imprescindible facer, e hai algunha delas fundamentais. Hai que incrementar os ingresos dunha maneira máis progresiva. É imprescindible un sistema fiscal máis progresivo en termos de IRPF e en termos de patrimonio. Os datos téñenos vostedes na propia emenda, polo tanto, non vou entrar neles. E, desde logo, no tema dos impostos de sucesión e de transmisións patrimoniais, a liquidación a segundo trimestre do ano 2016 mostra clara subestimación, o cal lles dá a vostedes unha marxe de manobra para facer xestión. Se quere, chamámoslle xestión. ¿Entendeume?

Están, por outra parte, o imposto sobre as grandes superficies comerciais e todo tipo de impostos medioambientais. Efectivamente, a min non me importa en absoluto que o grupo IAG pague impostos. Non me importa. É un grupo de aviación, como vostedes ben saben. Non me importa en absoluto. ¡É que ten uns beneficios moi notables e cotiza en Bolsa! ¿E por que non vai pagar impostos pola emisión de gases á atmosfera? ¿Cal é a razón para que non o faga? ¿Alguén cre que Iberia ou Air Lingus ou Vueling van deixar de voar por ese 0,1 % de imposto medioambiental? ¿Alguén o pensa? ¿Si? Porque, entón, en Finlandia o aeroporto de Helsinki estaría baleiro e ten vinte e cinco millóns de pasaxeiros ao ano. Entón, eu entendo que alguén ten que facer de voceiro de IAG, pero creo que non ha demasiado lugar.

Por outro lado, tamén é importante loitar contra a fraude fiscal. Eu creo que estamos falando sempre dese reforzamento da Atriga —que, por suposto, nada que cuestionar do traballo dos profesionais—, pero esa especie de viaxe infinita ata case nunca creo que hai que loitar contra iso. E, desde logo, en relación coa minoración de gastos do imposto, non sei se chamarlle salario, recuperación do poder adquisitivo... —chamémoslle como sexa—, é politicamente impresentable que o salario dos altos cargos do Goberno galego medre un 7 % cando os datos de distribución da renda son os que aparecen aquí. Chámenlle aumento de salario, recuperación do poder adquisitivo ou x_1 , dáme igual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En todo caso, absolutamente impresentable.

Hai algúns gastos ordinarios que eu creo que son perfectamente prescindibles. Hai unha tendencia a unha política avatar de informes externos continuos, unha especie de realidade virtual de investimentos inmateriais. Eu creo que é moi importante facer proxectos de investimento, pero convén que logo haxa investimentos. E que os proxectos inmateriais sexan o 30 % do investimento total, ¡home!, eu non non enxeñeiro, pero paréceme un pouco moito.

E, desde logo, estaría moi ben que non fixeran demasiados estudos sobre o impacto das campañas publicitarias de vostedes mesmos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Losada, remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E, sobre todo, señor conselleiro, que non nos paguen cos fondos que non foron capaces vostedes de xestionar para solucionar un problema tan grave como é o da pobreza enerxética.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario de En Marea o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Boas tardes.

Presentamos hoxe, en coherencia co noso discurso da mañá e co discurso de En Marea nesta Cámara, que presenta e representa un proxecto nacional galego baseado na democracia e na xustiza social, o seu correlativo no ámbito económico. Xa o expresamos pola mañá en relación coa nosa proposta de devolución dos orzamentos do Goberno presentados aquí. E agora viremos tamén con relación a esta tarde co incremento do teito de gasto non financeiro como a nosa proposta para poder levar a cabo unha serie de medidas que supoñan poñer en marcha un modelo alternativo de carácter económico, de carácter social.

Unha proposta que se basea no incremento do teito de gasto articulado en dous eixos: relativo aos recursos do Estado e relativo a determinadas medidas fiscais.

En relación co primeiro, o incremento dos recursos procedentes do Estado, pasa por varias cuestións que paso a desglosar. Sobre os ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico e os instrumentos para o reequilibrio territorial, nós concretariámoslos en dous conceptos diferentes. En primeiro lugar, a necesidade por parte do momento da planificación do orzamento dunha estimación rigorosa dos ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico, que teña en conta as previsións de crecemento económico e, polo tanto, das bases impositivas das diferentes figuras tributarias, corrixindo as desviacións entre as previsións e a recadación final efectiva. En segundo lugar, co incremento dos fondos de recursos derivados da necesaria revisión e modificación inmediata do Fondo de Compensación Interterritorial. Con todo o cal estableceríamos, nesta primeira partida, un montante adicional de 300 millóns de euros.

En segundo lugar, a adopción dun paquete de medidas fiscais que permitan un achegamento dun volume adicional de 200 millóns de euros, que supoñerán unha importante mellora da capacidade de recuperación dos nosos dereitos sociais básicos mediante a recuperación de

gastos non financeiros, significativamente nos eidos da sanidade, a educación, os servizos sociais e o emprego.

¿Como estruturamos nós este paquete de medidas fiscais? Da seguinte maneira. En función dos principios de equidade, redistribución da renda e riqueza, en primeiro lugar, co incremento dos tipos impositivos nos tramos máis altos da tarifa autonómica do IRPF. É necesario pedirlle máis a quen máis ten, non ao que menos ten, nin facer igualacións por debaixo a todo o mundo, porque non todo o mundo ten as mesmas posibilidades nin a mesma capacidade. En segundo lugar, o mantemento do imposto do patrimonio con carácter permanente, con elevación da actual escala de gravame dos tipos impositivos do imposto. En terceiro lugar, o incremento do tipo de gravame do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

Escandalizábase esta mañá o voceiro do Partido Popular cando comentaba a nosa emenda neste punto. Nós aí temos a seguridade polo menos de que estas empresas non se van deslocalizar e non van levar o encoro de Belesar a outro sitio. Co cal sabemos que, na medida en que van seguir sendo rendibles e que é posible o establecemento do tipo de gravame acorde co tipo de dano que producen no medio, está máis que xustificado ese incremento, tal e como propón o Grupo Parlamentario de En Marea.

Queixábase tamén pola mañá o voceiro popular de dous impostos que leu na nosa emenda que propoñiamos crear: en primeiro lugar, a implantación dun imposto autonómico sobre as grandes superficies comerciais e, en segundo lugar, a implantación dun imposto autonómico sobre os pisos baleiros das grandes empresas. E, entón, o argumento para rexeitalo era que tanto nun caso como noutro había contenda xudicial noutras comunidades autónomas con relación ao tema competencial ou á forma de establecemento dos tributos. E parecía que isto era unha defensa inocente e aséptica dunha determinada situación da que había que esperar a que se resolvese xudicialmente para poder determinar algo aquí a nivel político. Non, non, a decisión política é gravar determinados feitos impositivos que consideramos que son manifestacións de riqueza que deben de ser atendidas, e, en segundo lugar, constatar que vostedes, cando defenden a non implantación de determinados impostos, máis que por motivos relativos ao interese público, o fan por motivos relativos ao interese popular.

E é que, por exemplo, en relación co imposto de grandes superficies, se nos poden ocorrer varias en calquera dos polígonos industriais ou nos arredores das grandes cidades. Algunha delas podería ser a de Rafael Arias Salgado, presidente do grupo Carrefour en España desde o ano 2000 e desde hai anos tamén presidente do World Duty Free Group —a antiga Aldeasa—. E, polo tanto, aquí, máis que vir defender os intereses dun preito que aínda está por decidir, parece que estarían defendendo os intereses dos antigos ministros do Partido Popular, iso que si que chamamos propiamente as portas xiratorias, das que vostedes soamente dan conta cando xa non queda máis remedio. E, non obstante, temos exemplos máis que sobrados en xerentes de empresas comerciais, de grupos multinacionais, de grandes superficies que son as que vostedes queren protexer deste tipo de impostos, coa escusa única e exclusivamente de que están baixo exame xudicial.

Existen outras normas baixo exame xudicial e por iso non deixan de estar en vigor e por iso non deixamos de defender a súa vixencia; non todas de carácter económico, outras de carácter civil. Poñamos por caso a Lei do dereito civil de Galicia, que aínda pende nalgún caso da súa resolución polo Constitucional, e, non obstante, iso non impide a vixencia e a utilidade da propia norma fundamental en materia de dereito civil de Galicia.

O mesmo sucede co imposto aos pisos baleiros por grandes propietarios; evidentemente, non falamos de particulares, falamos de entidades, de empresas grandes posuidoras de pisos que están baleiros e que están inmovilizados, e que o que fan é crear unha sensación, unha falsa expectativa de que non existe vivenda dispoñible, cando realmente si que existe. E unha forma de mobilizar esa vivenda con relación a eses grandes propietarios é precisamente o establecemento deses impostos. O que pasa é que volveu suceder o mesmo: como hai grandes amigos que son grandes propietarios —podemos falar de bancos como o BBVA, como Jove con relación antes a Fadesa, como agora con Inver Alvesa, etc.— pois dan lugar a que o aquí se converte inicialmente nunha defensa inocente dun imposto que non debe de ser posto porque aínda está pendente de resolver en vía xudicial realmente o que oculta, o que enmascara, é a intención de non afrontar que existen determinados amigos aos que se protexe mediante este evitamento de novas figuras impositivas.

Pois nós si pensamos que aí hai unha manifestación de riqueza. O mantemento de parques inmobiliarios que non se moven e que non están ocupados fai que non se cumpra coa función social da propiedade e, concretamente, limita de forma eficaz o acceso a unha vivenda digna, que tamén está garantido constitucionalmente. E por iso pensamos que eses feitos impositivos deben dar lugar a que, como feitos que supoñen manifestación de riqueza, deban ser gravados, e en igual sentido tamén as grandes superficies.

Apostamos tamén por unha minoración selectiva e ponderada, sen afectación do principio de equidade e redistribución, do actual nivel de beneficios fiscais previstos nos orzamentos para 2017. Xa denunciámos que determinadas rebaixas lineais son inxustas porque tratan de forma igual situacións profundamente desiguais e, polo tanto, manifestacións de riqueza diferentes.

Tamén apostamos por un reforzamento do plan de inspección e loita contra a fraude fiscal, o cal nos levou xa desde esta tribuna a defender as competencias plenas en materia de inspección laboral e todas as competencias asociadas para poder acadar non soamente unha mellora das condicións no ámbito que tiña no eido laboral, senón tamén coa evasión de carácter fiscal, coa dotación neste caso de maiores medios que permitan a fixación de obxectivos e recadación máis ambiciosos.

En relación coa participación do imposto sobre os depósitos ás entidades de crédito, consideramos que a estimación da recadación debería incrementarse polo menos nun volume de recursos adicionais que chegase a 10 millóns de euros.

Tampouco entendemos que se nos diga que o imposto sobre bebidas de alto contido en azucre non pode facerse porque xa está o Goberno español traballando nisto. ¡Pois que traballe! Pero, mentres o Goberno español traballa, nós tamén traballamos establecendo esa figura

tributaria, porque consideramos que existen feitos impositivos que é preciso gravar, neste caso non como manifestación de riqueza, senón para cumprir outras finalidades relacionadas coa saúde pública.

Ben, a aplicación do paquete de medidas fiscais proposto permite un incremento do teito de gasto non financeiro da mesma contía, así como a reasignación de prioridades do gasto público que dá lugar a unha serie de medidas que nós traemos aquí, no concreto, do que nós denominamos investimento social, en diversas partidas que agora comentarei en relación coas máis significativas.

En primeiro lugar, en materia de cooperación exterior; en segundo lugar, en loita contra a pobreza e a exclusión social. Permítanme que me deteña aquí. En primeiro lugar, en relación co establecemento dunha renda social galega. Dixémolo desde o primeiro momento: non nos vale a formulación actual que a niveis de integración e inclusión social ten a Risga. Creemos que é necesario un sistema máis ambicioso, máis amplo, con canles menos estritas para a percepción da prestación e con relación aos itinerarios de inserción laboral e social que a Risga, que se produciría mediante unha renda básica galega. En segundo lugar, a construción e mellora de infraestruturas sociais, que son moi necesarias para prestacións sociais básicas e o exercicio de dereitos sociais básicos, sobre todo para os nosos maiores: centros de día, residencias de maiores e centros de atención á diversidade. En terceiro lugar, construción de unidades de atención á infancia, de 0 a 3 anos, melloras de illamento na vivenda e plan de control da pobreza enerxética; e, finalmente, un plan de erradicación da pobreza enerxética.

Falaba Lévi-Strauss, na derradeira das súas obras, sobre a diversidade cultural, que o desenvolvemento social nunha sociedade avanzada ou nas sociedades avanzadas modernas como as nosas se mide en función do grao de enerxía dispoñible; e non soamente iso, senón que internamente a cohesión social se medía en función da diferenza de enerxía dispoñible entre capas diferenciadas da sociedade. Nós sabemos que segue habendo ese problema derivado da circunstancia que vimos denunciar aquí continuamente cada vez que subimos á tribuna en relación coa pobreza enerxética como unha das manifestación de pobreza das persoas e das familias, moitas delas precarizadas —como se citaba tamén a Bauman neste caso— como consecuencia dunha crise que as maiorías sociais non provocaron e que, polo tanto, é necesario resolver por medio dos orzamentos, por medio da solidariedade pública, que se exerce mediante a redistribución da renda e riqueza.

En seguinte lugar, un plan de mellora da sanidade pública, cuxos principais fitos son os seguintes: en primeiro lugar, a reposición de cadros de persoal, como medio indispensable para unha mellor prestación de servizos; en segundo lugar, o tan reclamado pola nosa parte plan galego de saúde mental; en terceiro lugar —e tamén me deteño aquí un pouco máis—, a reversión ao público do novo hospital de Vigo. Nós dixemos que era posible levar a cabo unha mellor xestión, unha máis eficaz xestión dos recursos sanitarios mediante a recuperación para o público de infraestruturas sanitarias e servizos sanitarios privatizados. E esta é unha aposta tamén orzamentaria por esa xestión que entendemos que será máis eficaz e máis eficiente. E se vostedes privatizaron nalgúns casos a propia xestión sanitaria é porque se viron incapaces de xestionar ben. Nós cremos que é posible xestionar ben desde o público,

por iso apostamos polo rescate e unha mellor xestión. E estes orzamentos amosan ese compromiso real co público pola parte que ao grupo de En Marea se refire.

O plan de emerxencia para a creación de emprego e a superación da precariedade é outra das medidas que viñemos traer aquí no plano político e tamén no plano económico, con 65 novos millóns de euros, para un programa de emprego por conta allea para os parados de longa duración e maiores de 45 anos, en definitiva, colectivos vulnerables e de máis difícil inserción laboral. Igual que o programa especial e específico de emprego para a muller, e tamén o programa de mellora de emprego para a xente moza. Finalmente, tamén dentro desta partida, o apartado do plan de loita contra a precariedade laboral, como forma de garantir un mellor emprego, un emprego de maior calidade que cree confianza tamén na xente que traballa para poder vivir con dignidade, e tamén a partir de aí poder consumir e poder gastar con tranquilidade, que é unha das cuestións que desde o punto de vista privado tamén dinamiza e economía —todo está relacionado—. Por iso no gasto é investimento que redundando en que a economía acabe tendo un gasto produtivo por medio do esforzo que se fai, por medio das arcas públicas, neste caso por medio dos orzamentos.

En canto á recuperación e dinamización do medio rural, propoñemos tamén a creación dun servizo único e de carácter público de prevención de incendios forestais. De carácter público e de carácter único. Queremos a recuperación para o público de toda a xestión de prevención de incendios forestais. Denunciamos aquí xa en numerosas ocasións a forma en que se facía a xestión de determinados parques de bombeiros e de determinados servizos que estaban privatizados, ou a contratación externalizada de servizos para o verán, tamén incluso de vixilancia do Exército. Cremos que é posible facelo todo nun mando único e nun mando público. Polo tanto, esta é a nosa aposta orzamentaria tamén por esa medida política.

A modificación do modelo agrario, con recuperación das terras improdutivas, a redución do terreo forestal en beneficio do terreo agrícola e a eliminación das sofor coa recuperación das uxfor como forma de xestión democrática e participada das propietarias e dos propietarios forestais e agrícolas na propiedade privada.

Tamén un plan de choque e mellora para a recuperación do sector lácteo, porque xa que nós non cremos nas promesas electorais dun Feijóo que dicía que as industrias de transformación láctea virían por posibles investimentos que fixesen empresas privadas, das que o presidente en campaña nada podía prometer porque nada dependía del, a pesar de que era unha promesa electoral, nós si apostamos por un modelo que teña intervención desde o ámbito público para o fomento da creación de industrias de transformación láctea, sexa para a implantación de novas industrias, sexa para o fomento de que os propios produtores leven a cabo a súa transformación dos produtos lácteos. E facémolo con compromiso orzamentario, que é como hai que facelo, non simplemente con brindes ao sol en campaña electoral. E igualmente un plan de asesoramento e apoio á incorporación ao agroforestal.

Tamén presentamos un plan de emerxencia e de salvamento do sector mariñeiro e pesqueiro, con varios fitos que sinalo: en primeiro lugar, o rescate e a posta en marcha dun servizo público de vixilancia e saneamento; si, un rescate con relación a servizos que están privatizados, unha vez máis amosando a súa incapacidade de xestión desde o público, por iso teñen

que diferilo a terceiros, tamén seguramente por medio de empresas das que alguén leva suculentos beneficios. En segundo lugar, o investimento produtivo en acuicultura sostible e extensiva e o plan de recuperación de bancos marisqueiros; plan de recuperación de bancos marisqueiros que está relacionado con outra partida doutro plan que tamén propoñemos: o da recuperación medioambiental e a revisión do modelo de xestión dos residuos, concretamente en relación co saneamento das rías galegas. Cremos que unha atención integral de saneamento de rías mais a recuperación de bancos marisqueiros pode axudar a dinamizar o emprego en relación coas rías galegas.

Tamén, plans comarcais de xestión e valorización de residuos, como o xeito alternativo ás políticas simplemente incineradoras de Sogama.

En canto á vivenda, temos un plan específico previsto aquí para o ano 2017 de garantía de acceso á vivenda. Sinalo varios fitos. Un programa Aluga, de axudas a afectados por execucións hipotecarias; era un plan consistente. Un plan cun bono alugueiro, tamén, de carácter consistente economicamente e que sexa facilmente accesible en relación cos requisitos administrativos para a súa concesión. Igual que a axuda ao alugueiro —que tamén promovemos— ou o plan de prevención e loita contra os desafiuzamentos, pero un plan serio para poder levar a cabo o realoxamento das persoas que son no seu caso desafiuzadas.

E, finalmente, o programa de creación dun parque de vivenda pública en alugamento, algo contrario ao que vostedes están deixando facer, entre outros sitios, no barrio da Tinería, en Lugo, onde, habendo un parque importante de vivendas que poderían servir para a dinamización e a utilización para garantir o acceso a unha vivenda digna, están vostedes deixando de xestionalas para finalmente, seguramente, desfacerse delas, como xa é o plan que se está executando nalgúns casos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando, facendo referencia ás melloras en mobilidade e transporte público, coa creación dunha compañía galega de transporte público que poida vehiculizar, que poida articular mellor o transporte de carácter interurbano, sobre todo en zonas onde este resulta deficiente desde o punto de vista económico, pero é eficiente, non obstante —cremos nós—, desde o punto de vista social, e tamén para contribuír á fixación de poboación.

Un plan de choque contra a violencia machista, dotado con máis de 20 millóns de euros, que é coherente co noso discurso político do pleno de decembro.

En relación con outras medidas concretas —e con isto remato—, o desenvolvemento de plans de protección da igualdade e prevención da violencia machista polas entidades locais, a promoción do autoemprego das mulleres, os recursos integrais para as mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

E remato simplemente sinalando que temos plans adicionais dos que poden vostedes dar conta, como o plan de mellora da recuperación do ensino público en materia de normali-

zación lingüística, o impulso do comercio de proximidade ou tamén —non quero deixar de referirme a el— a investigación, desenvolvemento e innovación. Nós consideramos que a creación de emprego que xera maior valor engadido é aquel que está asociado a I+D+i; por iso propoñemos maiores axudas predoutorais e fomento da contratación de I+D+i, as transferencias correntes a universidades para esta materia e, finalmente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si— actuacións en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra o señor Valeriano Martínez.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Retomamos o debate logo do intercambio de modelos de política orzamentaria que puidemos ter na xornada de mañá entre o Goberno galego e os grupos da oposición. As diferentes posturas creo que quedarán bastante claras no debate de totalidade e agora tentarei expoñerlles as motivacións polas cales non consideramos axeitado aceptar as emendas transversais que propoñen desde os distintos grupos parlamentarios da oposición.

Poderíamos estar de acordo seguramente nalgunhas emendas, pero a imposibilidade de aceptalas deriva fundamentalmente do seguinte. En primeiro lugar, os grupos da oposición teiman en dispoñer de máis ingresos, ben incrementando os impostos —algo sobre o que, reitero, non estamos de acordo—, ben creando figuras impositivas novas que ou non temos competencias para configuralas ou mesmo presentan dúbidas de legalidade. Outro motivo de imposibilidade de apoiar certas emendas é que retiran cartos finalistas que teñen que destinarse obrigatoriamente a unha actuación concreta e non a outra que propoñen. En terceiro lugar —e recoñecendo como razoables algunhas delas—, o problema é que para facelas posibles prescinden de partidas e fondos que son necesarios para desenvolver actuacións prioritarias e mesmo indispensables. Tentarei explicarme con algúns exemplos.

Á voceira do BNG reiterarlle que non podemos estar de acordo en subirlle 135 millóns de euros os impostos a todos os galegos e galegas: 45 millóns no imposto de sucesións e doazóns, 30 millóns nun novo imposto sobre grandes superficies, 37 millóns para aumentar o imposto sobre patrimonio e 23 millóns de euros para subir o IRPF. Señoría, sobre un dos impostos máis progresivo como é o do patrimonio lémbrolle que na Lei de orzamentos de 2013 xa incrementamos a escala nun 20 %, o que supón que esteamos a día de hoxe entre as comunidades cunha tributación máis alta de España. Ademais, canto máis baixo sexa o mínimo exento obviamente a maior número de contribuíntes afectará e terá menos capacidade

recadatoria, pero a contía media recadada nestes novos contribuíntes sería moi baixa e daría entrada a persoas de idade avanzada, con pouco patrimonio fundamentalmente inmobiliario. Desta maneira, o imposto sería menos eficiente e entraría a gravar un sector da poboación que non se corresponde co que debe ser o obxectivo deste imposto, que son as rendas máis altas, e diminuíría a renda dispoñible para o consumo privado en Galicia.

Porque desde o Goberno galego buscamos exactamente o contrario: baixar os impostos ás clases medias e baixas e situar a Galicia entre as comunidades con menor presión fiscal para estes colectivos. Ese é o obxectivo da rebaixa fiscal aprobada hai un ano, que consolidamos nestes orzamentos. Por exemplo, no imposto de sucesións, que vostedes queren subir en 45 millóns de euros, nós queremos que o 99 % dos galegos e das galegas sigan sen tributar e que Galicia estea entre as autonomías que menos grava por este imposto.

Tamén resulta reiterativo ter que falar neste trámite parlamentario da súa proposta de crear un novo imposto sobre grandes superficies comerciais. Saben vostedes que existen importantes dúbidas legais para a súa implantación; de feito, está pendente de que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea se pronuncie sobre a súa compatibilidade coa normativa europea. Sería, pois, unha irresponsabilidade implantar un imposto cuestionado pola xustiza. Ademais, podería ter un efecto disuasorio nos investimentos dos grandes grupos de distribución comercial en Galicia e tamén é probable que as empresas trasladasen aos consumidores o maior custo do seu establecemento a través dun prezo superior nos seus produtos.

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que se propoñen. Piden reducir, por exemplo, gasto en persoal eventual; non só reducir, chegan ao extremo de eliminar todo o crédito de persoal de gabinete para a Consellería de Economía, Emprego e Industria. E isto faino o BNG, que dirixiu ese departamento naquel momento e non eliminaron o persoal ao servizo do conselleiro, todo o contrario, é que o incrementaron. Pero vaíamos aos datos.

A Xunta —como ben coñecen— gasta agora en altos cargos e persoal eventual moito menos do que gastaba o anterior Goberno. As cifras seguen sendo moi claras; o gasto en altos cargos é un 41 % menor ao gasto orzado no 2009; e o gasto en persoal eventual de gabinete, máis dun 31 % inferior ao do último ano do Goberno bipartito. No custo en altos cargos e persoal eventual, o BNG particularmente creo que non debería intentar facer demagogia, porque a historia di que cando teñen a posibilidade de gobernar fan todo o contrario do que piden estando na oposición, sóbeno.

Outra batería de emendas non pode ser aceptada porque sería quedar sen recursos para atender o mantemento ordinario da Administración e mesmo suporía a deterioración da atención ao administrado.

Outras pretenden reducir gastos en partidas en que destinamos menos da metade de media do que viña sendo habitual ata o ano 2009. Estes son os datos actualizados: gastos en material de oficina, baixámoslos en máis dun 52 % dende o 2009; gastos en reunións, conferencias e cursos, diminuímos case un 65 %; gastos en publicidade e propaganda —algún grupo tamén fixo outra referencia—, reducíronse en máis dun 62 %; gastos en atencións

protocolarias, diminuíron en máis dun 53 %; gastos en locomoción, baixaron ata a metade do que se tiña no seu momento. Podería seguir con máis exemplos, pero creo que son suficientes. O que sorprende é que lles pareza moito agora, non cando vostedes gastaban de media máis do dobre que este goberno neste tipo de gastos. Tampouco podemos cambiar o destino de partidas financiadas con fondos finalistas —e isto sabémolo todos—.

Ao voceiro do PSdeG dicirlle tamén que non imos trasladar aos galegos unha suba de impostos por 190 millóns de euros.

Sobre os impostos de patrimonio, de sucesións e de doazóns e a proposta de crear un novo imposto sobre grandes superficies, remítome ao que lle acabo de contestar á nosa compañeira do BNG.

En canto aos impostos medioambientais que formulan, cunha recadación global estimada de 27 millóns de euros, non especifican como realizan os ditos cálculos e nalgúns casos son figuras impositivas que poden ser repercutidas no consumidor final.

Sobre a loita contra a fraude fiscal, estamos totalmente de acordo e creo que así o estamos facendo. E tamén lle avanzo que o normal é que procedemos a ter plans de lexislatura e coa dotación suficiente dentro da Axencia Tributaria de Galicia, non tanto ir a plans anuais. É unha das nosas prioridades, xunto coa atención ao contribuínte, que reforzamos coa creación, xa hai catro anos, da Axencia Tributaria de Galicia. De feito, co plan específico que temos para afondar nesta liña —como lle comentaba hoxe á mañá— esperamos ingresar uns 20 millóns de euros.

En canto ás partidas que piden reducir, piden de novo baixar o gasto en altos cargos e gastos en persoal eventual de gabinete. Insisto no que contestaba hai un momento ao BNG: o gasto en altos cargos é un 41 % inferior e en persoal eventual un 31 % menor. E non me fale dos salarios do Goberno, dos altos cargos; o PSdeG votou a favor dos orzamentos de 2008 —como lle recordaba hoxe á mañá á súa compañeira do BNG—, e que nestes momentos sexa quen de dicir que os altos cargos da Xunta, o Goberno da Xunta —por comparación co que cobraba daquela o presidente, o vicepresidente e os conselleiros, (*Murmurios.*)— é que verdadeiramente hai que ter pois bastante fe. Coherencia, por favor.

E propoñen que fagamos o que xa temos feito —e que, por certo, vostedes non o facían tampouco cando gobernaban—. Pídenos reducir o gasto inmaterial e unha reforma do sector público autonómico para eliminar gasto. Señoría, eu creo que nesta materia temos os deberes bastante ben feitos, sobre todo na diminución do gasto non produtivo —de novo, reiterarlle o que lle dixen ao BNG—. De media gastamos a metade do que facían vostedes en partidas como publicidade e propaganda, material de oficina, reunións, conferencias, locomoción... Un pouco de memoria e coherencia, unha vez máis.

E sobre a reforma do sector público autonómico, lembrarlle que Galicia será a primeira comunidade autónoma en completar un proceso global de reestruturación da Administración instrumental, e que, co plan de racionalización levado a cabo, permitiu suprimir 78 entes, e xa queda preto de 70 millóns de euros en aforro sobre o nivel de gasto precedente. O actual

Goberno analizou 160 organismos e, ao remate do proceso, terá suprimido 96 deles, e optimizado outros 64, coa introdución de importantes melloras de eficiencia económica.

E tamén o seu grupo formula emendas para reforzar o gasto social. Tamén estamos de acordo. Blindamos o gasto social en época de crise e estámolo reforzando cando temos máis recursos dunha maneira moito máis acentuada.

Xa o expliquei na sesión da mañá: cuns orzamentos xa en niveis equiparables ao 2009, este goberno destina máis recursos á sanidade, máis recursos á educación e moitísimos máis recursos á política social.

En sanidade destinamos cinco puntos máis que o Goberno anterior, e as políticas sanitarias xa superan moi lixeiramente o 40 % do gasto total.

En educación dedicamos dous puntos máis que en bonanza económica, e aproximámonos xa ao 25 % dos recursos totais para políticas educativas.

Señorías, só este ano aumentamos os recursos para gasto social en 229 millóns de euros, un incremento que se suma aos case 200 millóns de euros co que faciamos no 2016, en dous anos. Temos aproximadamente 430 millóns de euros máis de expansividade para sanidade, educación e servizos sociais. E seguimos destinando, como sempre foi a nosa intención, 8 de cada 10 euros a este tipo de políticas.

Nas minoracións hai algunhas emendas curiosas, por chamarlle dalgunha maneira. É o caso de que propoñen eliminar totalmente os créditos para o fondo solidario de libros de texto por 3,1 millóns de euros; non obstante, na partida que propoñen dotar non aparece ningunha referencia á gratuidade dos libros de texto. Igualmente pretenden eliminar as axudas á adquisición de libros de texto e material escolar por 4 millóns de euros, unha partida que ten 5,46 millóns de euros, e nas propostas de aumento tampouco figura unha previsión para esta finalidade.

No eido da cooperación, piden eliminar os créditos para financiar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial. E o máis sorprendente aínda é que no 2008 se consideraba por parte do seu Goberno un elemento prioritario para a cooperación co norte de Portugal, e no seu momento o seu grupo, cando estaba no Goberno, apoiou esta tarefa asinando o convenio de cooperación.

Logo, hai outra serie de emendas con erros técnicos, pois algunhas das partidas sobre as que propoñen minoracións non existen. E ao igual que en anos anteriores, propoñen minoración nas transferencias de financiamento a organismos e entidades e, non obstante, non axustan os créditos destes organismos, como pode ser o caso da Agadic, polo que quedarían créditos nos organismos sen cobertura orzamentaria de ingresos.

Finalmente, formulan un aumento de 15 millóns de euros que describen como reposición de cadros de persoal, pero de verdade que supoño que será un erro o que vou dicir, porque asignan esta partida a aplicación de persoal eventual de gabinete. Todos cometemos erros; cando a min se me recordan algúns tamén desde outros grupos, pero supoño que será un erro,

como temos todos; a única forma de non telos é non facer nada e si que me consta que todos vostedes están facendo moitas cousas tamén desde a súa óptica da oposición.

Ao voceiro de En Marea, reiterarlle que estamos en contra de que suban 200 millóns de euros aos galegos e de que pinten outros 300 millóns de euros en ingresos, correspondentes a entregas a conta do sistema de financiamento autonómico e do Fondo de Compensación Interterritorial, que, como ben saben por como funciona o sistema, non poderíamos gastar nin tan sequera neste propio ano 2017. Este goberno pretende ser, e somos —creo— rigorosos, e non vai incluír orzamentos deste exercicio por 300 millóns de euros de ingresos que non poidamos gastar.

Tampouco imos subir 73 millóns de euros no imposto de sucesións e doazóns, nin aumentar 35 millóns de euros no IRPF, aínda que, curiosamente, coas emendas parciais son incongruentes, porque terminan solicitando incrementar os beneficios fiscais globais. A todo, sempre xogamos a todo.

E tampouco recadar 4 millóns para un novo imposto de grandes superficies, polos motivos que xa expuxen nos dous casos anteriores. Nin será posible recadar 52 millóns de euros máis polo imposto de dano ambiental, posto que, como ben sabe, a natureza deste tributo ten carácter extrafiscal e busca corrixir e compensar o impacto causado; polo tanto, non se pode modificar por motivos exclusivamente recadatorios.

E xa que critican algunha errata cando estamos en comisión e noutros foros, tamén quixera deixar constancia de que En Marea presenta unha emenda na que propoñen unha táboa de incrementos no estado de ingresos non financeiros «orzamentos 2016», cando a min se me recordaba o mesmo tamén por un erro en comisión. É curioso como todos temos tamén erros deste tipo. Si, si, si, do ano 2016.

Ademais, parecen facer un corta e pega de moitas propostas de AGE, posto que formula os mesmos 52 millóns para o imposto sobre danos medioambientais de auga encorada que propuxo AGE nos orzamentos de 2014, 2015 e 2016. E seguen coa mesma emenda dos anos anteriores para o imposto sobre depósitos, os mesmos 10 millóns de 2015 e 2016. E propoñen os mesmos 4 millóns para un imposto sobre grandes superficies comerciais.

Particularmente, señorías, creo que isto non é moi rigoroso: copiar e pegar cantidades de incremento de impostos, as mesmas nalgún caso nos últimos tres anos, cando as circunstancias e o contorno, como xa lle dixen o ano anterior ao daquela portavoz do Grupo Parlamentario de AGE, non son os mesmos cada ano. Imaxino que estaremos de acordo en que o orzamento para 2017, afortunadamente, é moi diferente ao que había no ano 2014. Alá cadaquén coa seriedade con que toma a tramitación dos orzamentos de Galicia.

Podería seguir con exemplos deste tipo, pero tamén quero abordar as minoracións e cambios de partidas que propón En Marea. Vaíamos tamén pois ás partidas que pretenden minorar.

Na Vicepresidencia, existen emendas nas que o importe da minoración supera a dos incrementos e outras en que deixan a cero partidas necesarias para o funcionamento da Administración.

Propoñen na Presidencia da Xunta, por un lado, reducir o gasto en persoal de gabinete e, por outro, dúas emendas en que o incrementan. Supoño que será un problema de descoñecemento da denominación dos programas.

En Facenda, propoñen minorar as transferencias ao CIXTEC, pero non formulan a minoración equivalente no propio CIXTEC. Ademais, posto que é unha emenda para reforzar a loita contra a fraude, resulta que a competencia estaría na Atriga e non na Secretaría Xeral. Un despropósito.

Reitérolle o dito ao voceiro do PSdeG: este goberno ten como prioridade a loita contra a fraude fiscal, e este ano o noso obxectivo é un incremento de 20 millóns de euros adicionais por esta vía.

E tan só por poñer un exemplo das partidas esenciais que retiran, en Sanidade reducen o investimento para terapia da insuficiencia respiratoria a domicilio. ¿Realmente queren deixar os doentes sen asistencia respiratoria a domicilio?

Ademais, cometen erros técnicos, porque non se poden minorar transferencias para financiamento de organismos se non se axustan eses gastos de orzamento, como lle dicía anteriormente. Ou propoñen emendas en que o aumento da partida é superior á minoración que realizan. En definitiva, propostas inviables.

Vou rematando.

Para facer un resumo das súas propostas, diría que, polo lado dos ingresos, algunhas son irrealizables, porque son irrealistas, están baseadas en ingresos que non podemos percibir este ano, ou en suba de impostos que, como o do patrimonio, xa temos entre os máis elevados de España, ou en suba de impostos que non explican como os calculan, ou na creación de impostos que non podemos crear ou que están en discusión mesmo por dúbidas de legalidade.

Polo lado das minoracións de gastos, reducen partidas esenciais para o funcionamento da Administración e que afectan a prestación dos seus servizos aos cidadáns. Piden rebaixar programas nos que desde 2009 este goberno leva diminuído nalgúns caso —xa falo de media— case un 60 %. Retiran partidas de fondos finalistas que non se poden empregar para financiar os gastos alternativas que propoñen.

Por tanto, por un ou por outro dos motivos sinalados, non podemos aceptar as formulacións que serían irrealizables por seren inviables ou que terían unha afectación aos servizos que debe prestar a Administración autonómica.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á rolda dos grupos non emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra Miguel Ángel Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Eu creo que cómpre comezar agradecendo a intervención do conselleiro, porque eu creo que o conselleiro de Facenda, o señor Martínez, ten sido suficientemente claro sobre o que suporía aprobar as emendas transversais que presentan os grupos da oposición, cheas de erros, contradicións. Eu estou convencido de que ou ben no turno seguinte os voceiros dos grupos da oposición aclaran eses erros ou retirarán as súas emendas transversais, porque estou seguro de que non están dispostos a presentar barbaridades nun pleno tan importante coma este.

Por parte do Partido Socialista, eu cría que viñamos aquí falar das súas emendas transversais, pero parece ser que o señor Losada o que quere é que lle pidamos desculpas por ter gañado as eleccións autonómicas. Eu o que lle teño que dicir é que nin imos pedir desculpas por ter colleitado o apoio maioritario dos galegos nin lles temos que pedir permiso para gobernar a vostedes, e, polo tanto, nós o que temos que facer é cumprir cun mandato cidadán, nada máis e nada menos que do 47,5 % dos galegos que votaron o 25 de setembro, e, cumprindo ese mandato, o que temos que facer é seguir a folla de ruta da recuperación económica e da creación de emprego, unha folla de ruta —eu seiño— ben distinta da súa. Vostedes levávannos a Galicia nesa senda da crise económica, do despilfarro, da mala xestión, e nós o que fixemos foi cambiar o rumbo, cambiar o rumbo e recuperar a economía e logo crear emprego.

Eu entendo que ese non é o seu modelo, pero, en calquera caso, señor Losada, igual vostede pensa que a xente que vota ao PP non está á altura intelectual do seu grupo ou da súa. Nós, dende logo, respectamos a todos os votantes: os nosos, os seus, a todos, a todos. (*Aplausos.*)

Mire, á batería de emendas transversais dos orzamentos da Xunta presentadas por calquera dos tres grupos da oposición ben podería valer a cualificación de orzamentos alternativos, e eu o que lle teño que dicir é que para aprobar uns orzamentos alternativos o que hai que facer é gañar as eleccións, e vostedes non o fixeron, non o fixo ningún dos tres grupos nin os tres xuntos, e, polo tanto, hoxe non toca presentar orzamentos alternativos.

Mire, nas propostas que traen vostedes a esta Cámara o que lle están pedindo ao Goberno galego non é que desande o camiño das reformas emprendidas durante os últimos oito anos, senón que o que piden é que lle deamos a espalda ao mandato cidadán que o 25 de setembro quedou altamente definido.

Mire, sabemos que os molesta este argumento —señora Pontón, vostede dáballa á cabeza—, pero a cuestión non é que non sexa democrático que vostedes non poidan facer propostas; ¡claro que poden facelas!; quizais o que non é democrático é que vostedes propoñan que vaíamos en contra do que nos pediron os galegos e en contra de ao que nós nos comprometemos nas eleccións do 25 de setembro.

Vostedes traen hoxe aquí unha proposta irreal, unha proposta irresponsable e, por conseguinte, unha proposta inaceptable.

Irreal porque está baseada nuns ingresos ficticios. Xa eran ficticios cando gobernaban vostedes —¿acórdanse daqueles 2.000 millóns de euros inflados?—, nuns ingresos ficticios, polo tanto, ingresos inflados cando gobernaban vostedes; ese é o seu modelo pero non é o noso modelo.

Uns orzamentos e unhas propostas irresponsables, porque, como dicíamos, non só piden reverter a senda positiva da nosa economía e os nosos servizos públicos, senón que, como lles explicou xa o conselleiro, comprometen partidas dedicadas a cuestións moi sensibles; a vostedes dálles exactamente igual, porque non gobernan e Galicia para vostedes é o de menos.

Polo tanto, a súa proposta, a dos tres grupos, é unha proposta inaceptable. É inaceptable que pretendan que asumamos como propios uns cálculos cheos de erros de vulto e leccións case morais de como se fan unhas contas. Dende logo, cando tiveron ocasión de gobernar, non son vostedes exemplo de nada.

Señores da oposición, todos vostedes van ter moito que explicarlles aos galegos, logo destas emendas. Téñenlles que explicar que lles queren subir os impostos de media máis de 200 millóns de euros. E aí non lles van valer eses eufemismos que utilizaban cando presentaban as súas emendas. Falaban vostedes de maior soberanía fiscal, ¡vaia eufemismo! Dicían vostedes: «política fiscal non conformista». ¡Oia!, miren, vostedes o que pretendían era un asalto á carteira dos galegos pola vía fiscal; unha navallada fiscal nin máis nin menos, esa era a súa proposta. Vostedes querían subir as contas públicas, que crezan non polo desenvolvemento da economía, senón que crezan a base de esquilmar os contribuíntes; ese é o seu modelo. E díganlles tamén que propoñen aumentar a débeda pública, non só afogar a xeración actual, senón afogar tamén as seguintes.

Pero falemos de cousas concretas, como dicía antes o conselleiro.

Empezando polo Grupo de En Marea, En Marea-Podemos, señor Villares, a súa intervención, a intervención de hoxe é absolutamente incualificable. Debe ser que pasou xa o espírito do Nadal e vemos que o talante conciliador deses dous primeiros meses se esfumou por completo, porque hoxe lle vimos un ton tremendo durante a mañá. É verdade que logo, se un le os teletipos do mediodía, o entendemos todo, e lese en Europa Press: «*El documento asociado a la lista de Villares veta que compagine su labor parlamentaria como portavoz de En Marea*». Para que vostede poida ser portavoz de En Marea teñen que gañar os outros, é unha cousa curiosa, (*Murmurios.*) e entendo que este teletipo xustifica o seu cabreo da mañá. (*Aplausos.*) Eu téñolle que dicir que a min persoalmente e ao noso grupo nos gustou moito máis o seu ton da tarde.

Vostede veu hoxe aquí na mañá non a ser o líder da oposición —que eu creo que é o papel que lle correspondería se un mirase os resultados—, vostede veu aquí non ser o portavoz dun grupo que busca velar polos intereses dos galegos, nin sequera veu postularse como líder de En Marea. Vostede nesta mañá —teño que dicirllo— veu hoxe postularse como mal sucesor do señor Beiras. O seu comportamento preocupounos de forma importante, eu non sei se na última intervención da tarde acabará vostede sacando o zapato e dando golpes nalgún escano. Eu teño que dicirlle unha cousa: Beiras, cando facía estas cousas, avisaba a

prensa; dígoo porque hoxe non hai moitos fotógrafos; se ese é o camiño, faga o favor de avisar o gabinete de prensa e que chamen os fotógrafos. Bromas á parte, eu teño que dicirlle que preferimos outro ton, o ton dos meses precedentes, o ton no que se podía falar coas Mareas de Podemos.

Sobre as súas contradicións, mire, vostedes fixeron causa propia das políticas de vivenda e apoiáronse nas plataformas contra os desafiuzamentos. Pero vostedes, sen ir máis lonxe, pediron a devolución do orzamento á Consellería de Infraestruturas e Vivenda alegando que era insuficiente. Agora veñen as emendas transversais e vostedes o que propoñen é retirarlle 11 millóns de euros. ¡Home!, se eran insuficientes, con 11 millóns de euros menos supoño que serán máis insuficientes.

Pero debemos dicir que son coherentes, é verdade. Vostedes son coherentes sobre todo coa súa postura de non facer nada nesta materia, porque aínda están agardando na Consellería a que vostedes onde gobernan se adhiran ao programa de vivendas baleiras. É algo parecido ao da renda social universal, que é tan universal que só ten un único beneficiario; e ese é, dende logo, o exemplo, o espello no que vostedes poden mirarse.

Vostedes fixeron tamén causa propia da pobreza infantil, ¿recórdao? Vostedes piden nas súas emendas 1 millón de euros para que se abran os comedores escolares no verán. Pero o certo é que o primeiro que fixeron vostedes cando gobernaron nas cidades onde gobernan foi precisamente incumprir esa promesa de abrir os comedores escolares no verán. ¿Que fixeron vostedes? Adoptar o mesmo modelo que a Xunta de Galicia, nin máis nin menos. E agora presentan unha emenda para eu creo que emendarse a si mesmos. Eu teño a sensación de que vostedes están ao seu, teñen bastantes líos nas Mareas de Podemos, en Podemos, en todo ese proceso de *la confluencia, el proceso y el espacio*, e, polo tanto, están a outra cousa.

Sobre o Partido Socialista, eu entendo que non é sinxelo ser do Partido Socialista, non é sinxelo. ¿Quen lles ía dicir a vostedes que tiñan a oportunidade de volver ser *pachistas*? Pero esa é a realidade. Miren, señores da bancada socialista, nas súas emendas á totalidade vostedes piden que se rexeiten as contas da Consellería de Medio Rural porque eran insuficientes, moi ben. Logo presentan emendas transversais, ¿e que fan?: retirarlle 29 millóns de euros. ¿Pero non eran insuficientes? Ese é o despiste do Partido Socialista.

Logo atrevéuse a falar dos entes, dos gabinetes. Pero vexamos, señor Losada, vostede foi director de gabinete do señor Touriño, xefe de gabinete do señor Touriño. Pero ¿vostede non recorda o dos coches, o dos gabinetes, o dos chiringuitos? Vostedes eran os campións, un 50 % máis que este goberno.

Non está o señor Leiceaga. Eu teño que dicirlle que é un bo economista, un economista serio —sábeo todo o mundo—. Tamén sabemos que non debe ser fácil traballar como voceiro do Grupo Socialista tendo a Abel Caballero conspirando pola mañá e pola tarde contra el, e menos tendo comisarios políticos dentro do seu propio grupo, como vimos ao longo deste debate. Pero pedímoslle que non se deixe levar polo populismo e que manteña a liña de rigor que antes caracterizaba o Partido Socialista. Nós agardamos sinceramente que cando se dea

un novo debate de orzamentos o señor Leiceaga siga sendo voceiro dese grupo, e que, dende logo, poida ser un interlocutor co que chegar a acordos.

Logo está o Bloque Nacionalista Galego, que se ten convertido no campión dos recortes. Esas son as súas emendas transversais: din que se devolva o orzamento da Consellería do Mar porque non serve para solucionar os graves problemas que ten o sector. Non serve o orzamento, que se devolva. Pero nas emendas transversais vostedes á Consellería da señora Rosa Quintana quítanlle 34,5 millóns de euros. Ese é o seu compromiso coa Consellería do Mar. Señora Pontón, noraboa.

Pero iso non é o máis grave. Mire, vostedes onde propoñen o gran recorte salvaxe é nun tema tan sensible como a sanidade. Ese é o seu compromiso coa sanidade, da que falan de forma reiterada. Propoñen reducir 30 millóns de euros en construción de novos centros de saúde, esa é a realidade. Eu pídolle que vaia por eses concellos onde queren eliminar eses centros de saúde e os expliquen.

Propoñen reducir outros 30 millóns de euros en equipamentos informáticos. Entendemos que vostedes non queren que funcione a historia clínica electrónica, non queren que funcione a imaxe médica ou a telemedicina, tan importantes para mellorar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a eficiencia da nosa sanidade.

Miren, non os podemos tomar en serio porque vostedes non se toman en serio a si mesmos.

Nós imos seguir defendendo unhas contas públicas que precisa Galicia para seguir medrando no plano macroeconómico e para seguir creando emprego. Vostedes sigan ao seu, que lles vai moi ben; nós, dende logo, imos seguir co mandato cidadán.

Os señores das Mareas empezan a ser conscientes xa de que os galegos, canto máis os coñecen, menos os votan.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: As Mareas de Podemos —perdón, que me olvidei— perderon 140.000 votos nos últimos procesos electorais. É por iso precisamente, porque marean e demostran, dende logo, que cando poden non están onde fai falta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

Falaba Ana Pontón do ton do señor Puy hoxe pola mañá, pero eu teño que dicirlle ao señor Puy que ao lado do señor Tellado é vostede todo un cabaleiro. *(Risos.)*

Ben, barbaridades son as consecuencias... —iso que a verdade que hoxe está bastante tranquilo para como é a media, tamén hai que recoñecerllo— *(Risos.)* ...que teñen as políticas fiscais, e non só fiscais, do Partido Popular sobre a xente deste país, dunha forza política que subiu o IVE, que rachou cos servizos públicos e que xa, por exemplo, a cuestión do copagamento ou repagamento —eu, malia a miña formación filolóxica, non sei xa que neologismo imos inventar para dar cabida aos continuos repagamentos que poñen nun servizo tan básico, por exemplo—.

Entón, para resumir así un pouco as diferentes cuestións que foron saíndo, nós non podemos presentar emendas porque vostedes gañaron as eleccións e cumpren a vontade do seu programa electoral, pero nós non podemos cumprir a vontade dos nosos programas electorais e dar a batalla política social do que pensamos que deberían ser as nosas prioridades. Ben.

Despois falan de partidas «delicadas». Hai que ter en conta que aquí o que estamos dando —dicíao antes— non é un debate técnico ou numérico, senón político; se hai erros e se hai inconcrecións, podemos transaccionar moi facilmente. En todo caso, por partidas delicadas poderíamos repasar todo o tema do ticket eléctrico, que eu creo que é algo bastante delicado —para nós insuficiente—, pero que, polo que se ve, sobran cartos a mansalva de aí para facer absolutamente todo. E para o ano que vén nas seguintes emendas podemos coller a partida do ticket eléctrico, que seguro que nos dá para todo, como a vostedes.

Ben, por citar un par de cuestións concretas que saíron e que non son correctas, por exemplo, a Consellería do Mar e os recortes que teoricamente o BNG aplicamos. Repase un pouco, señor Tellado, a parte da acuicultura industrial que vostedes hiperinflan e que nós minoramos para investir en I+D+i, por exemplo. *(Aplausos.)* ¿Da sanidade? Ben, en total investimos —concretamente nesa sanidade, aínda que o debate é máis colateral— máis de 10 millóns a maiores do que vostedes presentan; por suposto, recortamos na parte das privatizacións progresivas que vostedes amparan para rescatar os servizos públicos.

Continuando con algunha outra cuestión que saíu neste debate, nós non só nos reafirmamos nas nosas propostas fiscais, que, desde logo, non son subir os impostos a todos os galegos e galegas —como dicía o señor Valeriano—, senón que é apostar por unha maior progresividade. Porque a súa progresividade é moi relativa e nós defendemos outro tipo de modelo. E non só iso, senón que nos gustaría que no marco deste Parlamento fosemos quen de dar os debates e de ir moito máis alá xa das propias competencias fiscais que podemos explotar e ir alén diso e traballar en propostas como xa temos lanzado, como reclamar do Estado español a xestión galega do imposto de sociedades. Velaí teñen unha receita gratuíta que lles damos para reivindicar ao Goberno central e para así poder ter moitos máis recursos para o noso país cunha xestión directa desde aquí.

Por ir entrando xa nalgunha outra cuestión, señor Martínez, vostede pola mañá pediunos dozura —que non recordaba antes na miña intervención o termo exacto— e agora pola tarde

tróuxonos carbón. (*Risos.*) Desde logo, nós tiñamos un pouco máis de esperanza despois da súa última intervención de que cando menos non repetise cuestións que para nós non se sosteñen. Vou facer unha mención, por exemplo, a ese tan endemoñado imposto ás grandes superficies. Eu non son xurista, hai un xuíz aquí que xa deu algunha explicación sobre o procedemento legal deste asunto. Pero aquí do que estamos falando é de cuestións políticas, e algo de filosofía do dereito si que sei e si que estudei. Entón, as leis tamén se modifican, pola forza popular e pola diferente evolución que teñen os debates nos marcos políticos. Por iso está unha cuestión que nós seguiremos poñendo enriba da mesa.

Tamén ata a última semana de decembro as cláusulas chan eran a panacea de *la legalidad*, e agora temos un montón de galegos e galegas preocupados sobre como van recuperar un diñeiro cobrado de forma abusiva. Teñen esas dúbidas mentres desde o Goberno central son absolutamente incapaces de debater nada e mentres esta Xunta de Galiza está practicamente durmida.

E esgótaseme o tempo; entón, simplemente rematar.

Sobre o que comentaba o señor Martínez e tamén o señor Tellado respecto das minoracións e do sentido xeral das emendas, vostedes poden xogar a seguir descualificando, que o facemos moi mal, que deixamos sen bolis Bic ou sen ordenadores as consellerías —todo o que vostedes queiran—, pero ao final iso é apuntar a unha marquiña para evitar un debate máis global, que é que non se cambian cuestións profundas destes orzamentos para ter mellor redundancia social nos galegos e galegas, porque vostedes simplemente non queren e néganse a escoitar e é bater como nunha parede. Pero somos persoas perseverantes e esta oposición seguirá batendo contra esa parede.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade, señor Tellado, é que facer méritos é durísimo, é moi duro, francamente é duro. Non se preocupe demasiado do *pachismo*, do señor Leiceaga, dos comisarios políticos, do alcalde de Vigo... Hoxe o que máis os tiña que preocupar era a caixa B da que falaba Bárcenas en Madrid. Iso tiña que preocupalos un pouco. (*Aplausos.*) Pero, bueno, vese que non os preocupa, o cal está moi ben.

Mire, efectivamente, eu fun director xeral do gabinete do presidente da Xunta e había Audis —por certo, comprados polo señor Fraga, pero non imos entrar naquela campaña absolutamente desprezable—. ¿Sabe o que había, señor Tellado? Un 8,5 % de desemprego, e a economía galega estaba medrando a un 3,5 %. Entón, efectivamente, esa era a situación. E,

efectivamente, veu unha crise, que todos sabemos que foi culpa, dende Lehman Brothers ata os mercados de Hong Kong, de Zapatero —iso xa o sabemos todos—. Pero o certo é que naquel momento, cando o dos Audis e cando o dos directores xerais do gabinete de Touriño, o desemprego era do 8,5 %. E a pobreza nesta comunidade autónoma, a pesar da falsidade que di sistematicamente o señor Feijóo aí, porque ningún de vostedes lle explicou que a taxa de pobreza está en función da renda media e, polo tanto, efectivamente, naquel momento, cunha renda alta, a porcentaxe era máis alta, pero a renda media deses «pobres» era moito maior. Estaría ben que llo explicaran, unha clase particular, nesa vocación docente irrefreable dalgún deputado do Partido Popular que xa demostrou nalgunha comisión, está moi ben no seu traballo, seguro, está moi ben no seu traballo, pero polo de agora o portavoz foi o señor Tellado.

Impostos medioambientais. Facemos o mesmo que no caso dos impostos aos depósitos bancarios, que, efectivamente, non o puxemos, ao final o puxo o Goberno central e ao final os galegos quedamos mirando para o aire. Os impostos que propoñemos aos galegos son impostos que están efectivizados en distintas comunidades autónomas, moitas delas —insisto— gobernadas polo Partido Popular.

E iso de que é feo, feo... Xa dicía Confucio que todo ten a súa beleza, o que pasa é que a algúns ás veces lles resulta difícil atopala. ¿Sabe o que é feo de verdade, señor conselleiro? A pobreza que hai neste país. Iso é o que é feo, a pobreza e a desigualdade que hai neste país. *(Aplausos.)* Todo o demais se soluciona, efectivamente, coa política. E, por certo, xa nos demos conta, escoitando o señor Tellado, de que estabamos discutindo aquí de modelos de xestión e non falabamos de política. Efectivamente nos demos conta de como o voceiro do seu grupo lle facía a vostede caso planchado do que é discutir de modelos de xestión.

Mire, nós seguimos dicindo o mesmo: a fiscalidade ten que ser progresiva e hai que cambiar o modelo fiscal e quen máis ten que pagar máis. Vou poñer un exemplo. Saía onte a noticia na prensa: un accidente de tráfico, McLaren 650 Spider; non sei moito de coches, pero entrei na internet; 650 cabalos, 240.000 euros de prezo, a nome dunha empresa. ¿Vostedes non cren que hai que cambiar algo? ¿Vostedes non cren que quen anda cun coche de 240.000 euros a nome dunha empresa e que, polo tanto, se presupón que se necesita para a actividade normal desa empresa ese coche, está pura e simplemente, non digo incumprindo a lei, que supoño que non está incumprindo a lei, pero non lles parece que esa lei hai que cambiala? ¿Non lles parece que, cando ao lado diso hai unha taxa de pobreza que medra día a día, cando ao lado diso están as urxencias dos hospitais galegos como están —xa sei que é o pico da gripe, pero é un pico da gripe que se repite ano a ano—, cando estamos co tema dos libros, dos comedores escolares, das becas..., hai que cambiar o modelo fiscal? ¿Non son capaces de recoñecer iso? E logo vén aquí, efectivamente, examinarnos, o cal está moi ben, que tanto vostede como o señor Tellado nos examine; eu síntome especialmente gratificado de que me examine o señor Tellado, e sentiríame moito máis se me suspende. *(Aplausos.)*

Polo tanto, trátase diso, trátase de cambiar o modelo fiscal, para facer dúas cousas moi sinxelas, ou para intentar facelas, señor conselleiro. E isto é política, non é xestión, é política. É intentar mellorar o mercado laboral, que os salarios das persoas sexan dignos e que os traballadores non sexan pobres e que os cursos de formación para empregados se dean, se

dean, señor conselleiro —non sei se é xestión ou política, que se dean—, porque hai anos que non se dan, entón que se dean. ¿Sabe? ¿É xestión? ¿É política? Pregúntelle ao señor Tellado se é xestión ou política.

Entón, por unha parte iso. E, por outra parte, que os servizos públicos se blinden de verdade. E de verdade se blindan poñendo recursos na sanidade e na educación públicas. É así como se blindan. Blíndanse con diñeiro, con fondos, e os fondos saen de aí. E non é verdade que a baixada de impostos xere crecemento económico que aumenta a recadación, empiricamente é falso, é falso. Pero díganme exemplos que se manteñan no tempo, non me fale ano a ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor conselleiro, dígame exemplos que se manteñan no tempo. ¿En que políticas sistemáticas de baixadas de impostos teñen incrementado a recadación fiscal sostida no tempo, insisto, sostida no tempo? Pode ser un ano ou dous, en períodos curtos. Polo tanto, iso é do que falamos nestas emendas.

E está moi ben que as examinen, e está moi ben que as suspendan e está moi ben que non as aproben, que non as apoiem, pero teñen que saber que están facendo política, que non están facendo xestión e que están defendendo un modelo de sociedade que é o seu e que non é o noso. É un modelo de sociedade... —e con isto remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Si, remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...do que vou poñer un exemplo paradigmático, aínda que aconteceu en Madrid. É un modelo de sociedade da nova torre de Villar Mir, de verdade, e vou dicir por que. Ese señor...

O señor PRESIDENTE: Xa entendemos todos o exemplo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non o entenderon, vouno dicir.

O señor PRESIDENTE: Si, si, está claro. Grazas. Mire o reloxo, señor Losada. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...instala unha empresa, unha universidade privada e un hospital privado nesa torre.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ese é o modelo que vostedes venden.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E é política, non é xestión, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non sabía que tiña que pedir permiso sobre o ton da intervención, nin sabiamos que tiñamos que pedir permiso sobre como facer as cousas; en todo caso, alegrámonos de non agradalos a vostedes. Imaxinen que estivesen sempre agradecidos e agradables e amables coas cousas que nós dicimos. Pois pouco proxecto antitético, e é grande, e, como é grande, vimos expresalo aquí. E por iso pola mañá fixemos alusión a dúas cousas. Terá vostede oportunidade —non sei se na quenda de contrarréplica ou non— de explicar un par de cousas con relación á forma de entender a política dos orzamentos, concretamente en relación co bono Aluga e en relación co ticket enerxético. Pois se non ten..., bueno, despois polo twitter xa nos conta cal é a súa posición.

Porque nós pedimos aquí explicacións concretas sobre a política orzamentaria en relación con determinado investimento social que entendiamos que era indispensable e que supoñía cousas concretas nas que vostedes, a pesar da súa palabrería, non estaban cumprindo. Non era esa a senda para a protección das persoas máis desfavorecidas. Fixemos alusión a un programa que sae hoxe publicado no DOG, do que tampouco se nos deu conta. Era ben fácil dicir se si ou se non, era ben fácil explicar se estabamos tamén na senda da diminución das partidas de gasto do ano 2016 en relación co 2017, tanto en relación co paliamento da pobreza enerxética como en relación co bono Aluga. Non se nos dixo nada. Falóusenos —iso si— do asalto ás carteiras. ¡Home!, está ben que veña o señor Tellado falarnos do asalto ás carteiras, porque no Partido Popular saben bastante de asalto ás carteiras e, desde logo, claro, estamos tamén lendo teletipos durante todo o día, pero sobre todo os que aparecen máis arriba son os de Bárcenas, non son outros. Entón, o caso Bárcenas, o asalto ás empresas que eran concesionarias de obra pública, que eran participadas polos amigos eses das portas xiratorias que primeiro estaban no Goberno e logo na empresa privada e logo nesa mesma relación eran os que recibían obra pública... Así se gaña todo, así se gañan os sobres B, así se gañan as eleccións. Sobre a sobre, ¿non?, todo sobre a sobre. Esa é a cuestión. *(Aplausos.)*

E aquí hai un problema, e é que vostedes gobernan para os amigos, por iso teñen eses problemas para crear novas figuras impositivas, as figuras impositivas relativas ao imposto de grandes superficies. Si, falamos do caso concreto de Rafael Arias Salgado, pero podíamos falar de moitos outros. Vostedes o que non queren é enfrontarse aos seus amigos e ao mesmo tempo non queren enfrontarse aos poderosos. E cando saen as listas do caso Bárcenas, o que vemos é que non queren enfrontarse a quen os financia. Ese é o problema. Pero veñan aquí e díganos, non hai ningún problema. Nós temos outra maneira de financiar as cuestións, desde logo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) ¡Vaia, vaia!*

Tampouco ás grandes eléctricas, que son as que teñen os encoros detentando un imposto, efectivamente, de carácter parafiscal, pero que pode ser exercido e desenvolvido tamén como política orzamentaria, ou é o momento de explicalo máis ben, no momento da realización do proxecto de orzamentos.

Gobernan para os amigos. Poderíamos dar cabo tamén da operación Cóndor, pero o meu compañeiro Antón vai dar cabo dela despois, así que xa terá con el bastante. E quen di iso di a Gürtel, etc. Logo, cuestións das que falar temos abondo, temos abondo delas. *(Murmurios.)*

¡Non!, imos poder falar do que vostedes digan nada máis, do que vostedes digan, no ton que vostedes digan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En todo caso, nós falamos, nós viñemos falar aquí do que era obxecto deste debate; se vostedes veñen e introducen outras cousas, logo non se queixen do que os demais lles contestan, non se queixen do que os demais lles contestan. Entón, nós vimos aquí falar de orzamentos, pois veña aquí e suba e defenda os orzamentos. E se quere defender outras cousas, non se preocupe, que a tribuna tamén é nosa e, polo tanto, daremoslle cumprida resposta ás súas [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*)

Ben, os impostos de dubidosa legalidade. O problema dos impostos de dubidosa legalidade é un problema de valentía política, non é un problema de legalidade, é un problema de valentía política. Os impostos están vixentes, os impostos serven para recadar neste momento. Polo tanto, é un problema de valentía política. Sexan vostedes valentes politicamente cos fortes, vaian buscar a riqueza onde está, vaian buscala para poder despois redistribuíla de forma eficaz.

Vou rematando, con dúas cuestións. En primeiro lugar, claro, vin por falar desde logo dos orzamentos, que é ao que viñemos. Os corta e pega de AGE. Non, é que hai un problema: como non nos acolleron as emendas doutros anos, temos que perseverar, e as figuras impositivas temos que perseverar nelas. Vostedes son os que teñen obrigación cando fan un orzamento, ano a ano diferente, cun cadro macroeconómico diferente, de facer corta e pegas diferentes. Nós podemos establecer novas figuras impositivas cando non nolas acolleron en anos anteriores. E, ademais, aínda dicimos máis: se é a mesma cantidade nos distintos anos e melloraron as circunstancias económicas, como vostede afirma, suba vostede a cantidade, non hai ningún problema. Aí estaríamos tamén de acordo.

Vou rematando, tamén con relación a determinadas cuestións ás que fixo vostede alusión, en relación coas emendas parciais. Nós non temos ningún problema en debater as emendas parciais, pero queríamos un debate sobre o tema. Agora ben, se nos veñen así e non nos dan oportunidade de facer un debate completo sobre as emendas parciais, pois temos que quedarnos así a medias. En todo caso, en relación con esa cuestión concreta, as partidas foron reconducidas a un programa de atención integral, logo non é verdade iso que vostede está afirmando sobre a redución de determinadas prestacións de carácter sanitario.

Concordamos —e xa remato— con que este é un pleno moi importante. Por iso precisamente nós na Xunta de Voceiros do outro día pedimos que se realizase en varios días, non nun concentradamente, para que todos puidésemos ter un maior e mellor debate e socialmente puidésemos transmitir mellor cal é a aposta do Goberno e cal é a proposta en clave de xustiza social do Grupo Parlamentario de En Marea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Señor Villares, sobre a palabra «impertinente», deputados impertinentes non hai, entendo que non. Entón, se está de acordo comigo, podemos retirar a palabra. (*Murmurios.*) Non hai

deputados impertinentes, hai deputados máis aguerridos ou menos aguerridos, pero impertinente non é ningún. (*Murmurios.*)

Retiramos, se non lle importa... (*O señor Villares Naveira pide a palabra.*)

Si, non teño inconveniente, pero para retirar esa palabra, se fai o favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: A ver, podo retirar esa expresión, ¡pero non para cambiala por «aguerrido»!, ¡eh!

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

O señor VILLARES NAVEIRA: Podo retirar ese cualificativo, pero non para recualificalo como «aguerrido».

O señor PRESIDENTE: Non, vostede xa me entende.

O señor VILLARES NAVEIRA: Son cuestións moi diferentes. A primeira retíroa, non hai ningún problema.

O señor PRESIDENTE: Queda retirada esa expresión. Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Señorías, finalizamos este debate e quero aproveitar para reiterar o meu agradecemento tanto polo traballo dos grupos parlamentarios neste importante trámite orzamentario como —créanme de verdade— polas intervencións dos diferentes voceiros nesta sesión plenaria.

Durante este debate cadaquén tivo ocasión de formular o seu modelo de política orzamentaria, señor viceportavoz do PSOE. Obviamente o Goberno galego mantén o seu e os grupos da oposición defenden cadaquén un propio, pero aínda que coas lóxicas diferenzas e dado que esta sesión era de totalidade, agardo que os grupos parlamentarios poidan seguir traballando para, se é posible, incorporar algunha mellora ao texto orzamentario final, que esperamos aprobar en poucas semanas. É moi importante ter orzamentos canto antes, é moi importante ser capaces de traballar xuntos, Goberno e oposición, nunha lexislatura clave para completar a recuperación económica de Galicia. Durante as miñas intervencións de hoxe tentei ser realista, nin demasiado triunfalista nin tampouco negar que afortunadamente a situación económica mudou para mellor a partir do ano 2014 e que hoxe estamos no mellor momento económico desde antes da crise.

Desde o Goberno galego somos conscientes, por un lado, de que isto non nos debe facer esquecer que aínda hai moitos galegos e galegas que pasan dificultades. Pero, por outro lado, as melloras acadadas dannos novos folgos para perseverar nas políticas que teñen conseguido remontar a durísima crise económica dos últimos anos. Insisto: neste camiño somos necesarios todos. Temos retos por diante cruciais para o futuro e o benestar dos galegos e galegas, entre

os que sen dúbida está conseguir pactar un modelo de financiamento autonómico que sexa sostible, que permita unha idéntica prestación dos servizos públicos esenciais con independencia do lugar, do territorio de residencia. Unha posición de país, conxunta, dará máis forza ao Goberno galego. Agardo que todos esteamos á altura e poidamos conseguir este consenso.

Como dicía antes, estes primeiros orzamentos da lexislatura son moi importantes, porque teñen que ser útiles para poder dar un paso máis no obxectivo común de mellorar a vida dos nosos cidadáns, teñen que servir para que máis galegos e galegas atopen un emprego e de calidade, teñen que servir para consolidar unha calidade pública de calidade, teñen que servir para mellorar o ensino dos nosos mozos, teñen que servir para afondar no mellor coitado dos nosos maiores, teñen que servir para contribuír e axudar os nosos autónomos e empresarios no seu día a día e, sobre todo, teñen que servir para achegar solucións aos que aínda o están pasando mal, loitando contra as desigualdades e dando oportunidades ás persoas que máis sufriron os efectos devastadores da crise económica.

Señorías, non son palabras. Temos un proxecto de orzamentos con medidas e recursos para levarlos á práctica, uns orzamentos que se enmarcan nun proxecto, no Plan estratéxico de Galicia, que diseña programas transversais e sectoriais, que, coa axuda dos maiores expertos de Galicia nos eidos empresarial e académico, teñen que contribuír a manter un crecemento sostido durante os vindeiros anos, co reto de rebaixar ata o contorno do 10 % a taxa de paro ao final desta década.

A pesar das lexítimas discrepancias, cada grupo parlamentario, como é lóxico, formula o seu proxecto de orzamentos. Insisto na necesidade de traballar unidos nun momento clave para Galicia.

Señorías, un ano máis non estamos na situación que a todos nos gustaría, pero obxectivamente hai máis galegos e galegas que están mellor que cando hai un ano presentabamos este mesmo debate.

O noso obxectivo ten que ser que traballemos todos dentro doutro ano, se temos a honra de participar neste debate orzamentario, en que teñamos axudado a que máis galegos e galegas vivan un pouco mellor.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Votación das emendas do Grupo II

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, rematado o debate, á votación das emendas do Grupo II.

Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 1 a 3 (doc. núm. 2569 e corrección de erros 2613) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que modifican a contía global dos orzamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que modifica a contía global dos orzamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2535 e corrección de erros 2595) do G. P. de En Marea, que modifica a contía global dos orzamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: *Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que transfiren créditos entre seccións.*

Votamos.

Votación das emendas números 4 a 35 (doc. núm. 2569 e corrección de erros 2613) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que transfiren créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2571) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que transfire créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 2535 e corrección de erros 2595) do G. P. de En Marea, que transfire créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Continuamos coa orde do día, co punto 2.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

O señor PRESIDENTE: A este proxecto presentáronse emendas á totalidade, de devolución, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2017, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para este exercicio, tamén, como acabamos de ver, en tramitación parlamentaria.

Como noutras ocasións nas que presentamos esta norma, o obxectivo principal é buscar unha maior eficacia e eficiencia nun conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade, que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Ao respecto, lémbrolles de novo que a doutrina do Tribunal Constitucional fixa que diferentes medidas executivas e normativas, e que pola súa natureza deben adoptar rango de lei, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos, senón en normas específicas como a que presentamos hoxe.

Ademais, quero reiterar que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo. O alto tribunal configurou este tipo de normas como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración da que goza o lexislador e que permite unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei, ás que a continuación me referirei, están as que pretenden fixar poboación no medio rural, mellorar a xestión de persoal, axilizar trámites de administración, achegar racionalidade, favorecer a eficiencia ou velar pola seguridade xurídica.

Así, esta norma consta de catro títulos, o primeiro deles dedicado a medidas fiscais, o segundo ás de carácter administrativo, o terceiro á ordenación do transporte público regular de viaxeiros e o cuarto ás actuacións provisionais de ordenación urbanística.

En materia fiscal, incluimos unha nova decisión para afondar nas rebaixas selectivas de impostos e para incidir nun ámbito prioritario para este goberno, como se comentou ao longo da mañá e boa parte da tarde: o medio rural. Eliminamos os impostos para mozos, familias numerosas e discapacitados que merquen unha vivenda para vivir no rural. Esta rebaixa aplicarase en toda as parroquias cualificadas como zonas pouco poboadas, con intensidade media-baixa, nas que é necesario recuperar poboación. Eliminamos para estes colectivos o imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados no 87 % do territorio galego. Buscamos promover o asentamento con carácter permanente, cos conseguintes beneficios que iso supón para o contorno. Por este motivo, aplícase ás vivendas que sexan habituais para o comprador e diríxese a distintos colectivos obxecto de protección, como dicía antes: mozos, familias numerosas e discapacitados. Esta medida tamén establece límites con respecto ao patrimonio do comprador e do valor da vivenda, introducindo así condicións de progresividade e capacidade económica.

No que atinxe á taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, homoxeneizamos as normas de xestión na normativa do xogo no relativo á liquidación e pagamento da súa taxa fiscal, no tocante aos pagamentos á conta.

Polo que se refire aos tributos propios no relativo a taxas administrativas, establécense, por un lado, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa nun 1 % e, por outro, as modificacións introducidas na Lei 6/2003, de taxas e prezos de Galicia, que obedecen ben á creación de novas taxas ou ben á modificación das vixentes.

En segundo lugar, en canto ás medidas administrativas, en materia de función pública lexislamos varios aspectos.

O primeiro deles, a funcionarización do persoal laboral. Creamos as escalas de funcionarios necesarias para executar os procesos de funcionarización pactados o pasado ano coas organizacións sindicais no eido do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Creamos ao mesmo tempo as escalas necesarias para a funcionarización das categorías de persoal laboral do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, e adecuamos tamén as titulacións doutras escalas xa existentes.

Por outra banda, completando as previsións de funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta, habilitamos tamén os procesos de funcionarización do persoal laboral temporal da Xunta de Galicia, a súa conversión en funcionario interino. Deste xeito dotámonos das ferramentas necesarias para avanzar na progresiva e plena funcionarización do noso cadro de persoal, dando resposta ás reiteradas solicitudes das organizacións sindicais.

Integración do persoal laboral temporal no convenio colectivo da Xunta, en paralelo, e completando os procesos de equiparación do réxime xurídico e condicións de traballo de persoal. Habilitamos a integración no convenio colectivo de persoal laboral da Xunta do persoal laboral temporal das entidades do sector público-autonómico, proceso que poderá acometerse previa negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos de Galicia.

Procedemos tamén a unha nova figura: a comisión de servizos voluntaria.

Modificamos a Lei de emprego para permitir maior versatilidade e mobilidade para o persoal funcionario pertencente ás escalas, promovendo a promoción temporal deste persoal a outros postos distintos aos da súa escala de orixe, sempre que se conte coa titulación necesaria. Este cambio tamén afecta as escalas sanitarias.

E establecemos, con carácter xeral, o principio de suxeición á negociación colectiva das decisións derivadas do exercicio de potestades de organización previstas na lei que afecten as condicións de traballo dos empregados públicos.

No apartado de economía e industria, damos resposta á petición formulada polo sector da biomasa eléctrica, e derogamos o Decreto 14/9/2008, do 26 de xuño, que pon fin ao bloqueo

do sector, que ata agora tiña dúas grandes restricións: por un lado, a necesidade dun concurso público, e, por outro, a imposibilidade de instalar unha planta de máis de 10 megavatios.

Pola súa parte, en canto á ordenación da minería, incluímos unha disposición normativa para evitar duplicidades e encomendamos á Cámara Mineira de Galicia a xestión do censo catastral mineiro. As vantaxes serán axilizar as tramitacións, permitindo a emisión telemática de certificados, e incrementar a seguridade xurídica, tanto para concesionarios como para solicitantes.

Ademais, introducimos un artigo para poder achegar fondos privados ao desenvolvemento de proxectos de I+D no ámbito do sistema público sanitario. A iniciativa Esforza promove a implicación da sociedade na investigación e na transferencia de resultados da investigación á práctica clínica, esta implicación da sociedade nos procesos de investigación e innovación, a través de achegas económicas, que busca un impacto social e unha tendencia a nivel mundial, da que Galicia non pretende estar á marxe.

Así, desde a Consellería de Sanidade e o Sergas, a través da Axencia de Coñecemento en Saúde, púxose en marcha esta iniciativa, pensada para entidades e cidadáns que buscan un impacto colectivo na promoción do I+D no sector da saúde en Galicia. Vai dirixida a persoas ou entidades que, a través da súa responsabilidade social e empresarial, queren contribuír ao avance socioeconómico de Galicia no ámbito moi concreto da investigación en saúde, e que esperan tamén un retorno social non inmediato do seu investimento.

En materia de medio rural, modificamos as leis de montes e de mellora da estrutura agraria de Galicia con varios obxectivos: ordenar e protexer mellor o territorio agrogandeiro e forestal de Galicia; dotar de maior seguridade xurídica os cidadáns en xeral, e nomeadamente os agricultores, gandeiros e propietarios forestais; e axilizar a tramitación administrativa. Estes cambios contribuirán a dinamizar o noso tecido agrogandeiro e forestal, facilitando o aproveitamento dos recursos e mellorando, en definitiva, a calidade de vida dos habitantes do rural.

En materia de pesca, nas concesións administrativas de portos propoñemos dúas modificacións legislativas: unha delas é un cambio para axustar a explotación das instalacións náutico-recreativas, adecuándoas á demanda do sector, e para ampliar os prazos de certas obrigas adquiridas polas empresas concesionarias, para que non se poña en perigo a súa viabilidade.

Tamén introducimos, en liña coa Lei de costas do Estado, a posibilidade de ampliar de 35 a 50 anos o tempo de duración de certas concesións administrativas que teñen que ver coa náutica recreativa.

Das concesións administrativas en materia de acuicultura na Lei de pesca, incluímos uns cambios para adaptar a normativa autonómica á lexislación estatal, co obxectivo de incrementar a seguridade xurídica das empresas e os investidores.

En materia social introducimos dous preceptos. O primeiro establece o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

—ou ente que o substitúa— en colaboración cos concellos e mancomunidades. Regúlase un novo modelo de cofinanciamento para a prestación dos servizos de escolas infantís e centros de día que xestiona na actualidade —ou que pase a xestionar no futuro este consorcio— en colaboración coas entidades locais, para garantir a sostibilidade financeira dos servizos e homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica, na liña do acordo marco asinado o pasado mes de maio coa Fegamp.

En segundo lugar, modificamos o artigo 16 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, para fixar de forma máis clara e precisa o concepto e contido da historia social única electrónica. Establécese a obrigatoriedade de incorporar a información necesaria por parte das distintas entidades que conforman o Sistema galego de servizos sociais.

En terceiro lugar, en relación coa ordenación do transporte público regular de viaxeiros, este Parlamento aprobaba o pasado mes de xullo unha lei que marcaba a folla de ruta a seguir para abordar a reordenación e modernización do sistema de transporte público de Galicia, coa urxencia derivada da Sentenza do Tribunal Supremo que anulaba as prórrogas das concesións de transporte. Nesa lei regúlase o Plan de transporte público de Galicia como instrumento desa reordenación, o seu contido e o seu prazo; e fixébase un período transitorio no que iría avanzando por fases na reordenación.

As disposicións normativas sobre transporte incluídas agora nesta Lei de medidas de acompañamento aos presupostos teñen por finalidade fixar con claridade os procedementos para garantir a prestación do servizo público de transporte de viaxeiros no período transitorio e durante a implantación da primeira fase da reordenación. A Xunta xa iniciou a reordenación do sistema de transporte de pasaxeiros, coa finalidade de que a súa primeira fase estea funcionando a partir do mes de agosto deste 2017; o que se fai con estas novas medidas é establecer os procedementos para esa reordenación.

En cuarto lugar, en canto á regulación das medidas provisionais de ordenación urbanística, consideramos que é necesario dotar de certeza e seguridade xurídica a cidadanía e os distintos operadores no eido urbanístico, sen prexuízo do máis absoluto respecto ás resolucións xudiciais. Así, incluimos unha disposición nesta Lei de medidas de instrumentos de ordenación provisional. Esta regulación será de aplicación naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal dea lugar á reviviscencia dunha planificación anterior, que non responda á realidade urbanística existente no termo municipal xurdida ao amparo do instrumento anulado.

Os instrumentos de ordenación provisional consistirán en revivir certos ámbitos do plan anulado, nunca o plan completo, previa xustificación do concello. Entre outros avances, isto permitirá reforzar a seguridade xurídica das licenzas concedidas. Haberá que cumprir, iso si, certos requisitos, como que estea polo menos iniciado o procedemento en contratación da redacción do novo plan; e nunca se incumprirán as sentenzas xudiciais que tumbaron dito plan, xa que as irregularidades ou vicios que motivasen esa sentenza serán corrixidos.

O texto deste proxecto de lei complétase con varias disposicións adicionais, transitorias e derogatorias para asuntos como a regulación dos instrumentos para coordinar o trans-

porte público, a integración de servizos de transporte —como poden ser as fórmulas de explotación baixo demanda— e a unificación dos servizos informáticos da Xunta, que ata o de agora estaban distribuídos en dous organismos distintos. Esta decisión redundará en aforro de custos, evitará duplicidades e gañará en sinerxías. Ou a autorización para a creación da Axencia Galega da Industria Forestal, adscrita á consellería competente en materia de economía.

Remato xa, señorías, reiterando que estas medidas pretenden contribuír a fixar poboación no rural, a mellorar a xestión do persoal público e a axilizar os trámites diante da Administración, achegando racionalidade, favorecendo a eficiencia e velando pola seguridade xurídica.

Moitas grazas de novo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil, por un tempo de quince minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde.

Antes de meternos en fariña co contido da Lei de medidas fiscais e administrativas, déixenme que faga unha pequena reflexión a respecto do uso que o Partido Popular leva a facer ao longo de dúas lexislaturas, e agora co inicio desta terceira, deste instrumento.

Estamos diante dunha trampa feita lei, aproveitada para modificar até 21 normas pola porta de atrás, impedindo a posibilidade dun debate político, parlamentario e social amplo, que atinxa non só a esta Cámara, senón ao conxunto dos sectores afectados polas medidas que na chamada Lei de acompañamento se inclúen.

En anos anteriores e neste 2017, este instrumento, que debiera contemplar regulacións relacionadas co gasto e investimento públicos, tórnase nunha sorte de caixón de xastre onde se incorporan medidas parciais e inconexas, coas que o Goberno pretende fuxir da máis que probábel contestación social que resultaría de seguírense as canles regulares para a súa reforma. O que dicimos: a trampa feita lei.

Desde o Bloque Nacionalista Galego concordariamos cunha lei que recollese as políticas fiscais necesarias para aumentar os ingresos públicos —xa se lles dixo hoxe, tanto pola mañá como agora, na sesión de tarde—, e con iso ter os fondos necesarios para o orzamento das políticas e servizos que precisa este país e as súas traballadoras e traballadores. Mais este proxecto de lei adoece desas medidas fiscais.

O Goberno abdica, máis unha vez, de acometer unha política fiscal propia, mesmo nas raquíticas posibilidades que o actual sistema de financiamento permite, e que desde o noso punto de vista debería, cando menos, contemplar —ou neste caso devolver— a progresivi-

dade do imposto de sucesións e doazóns —xa se comentou aquí—, eliminando os beneficios lineais introducidos no exercicio económico anterior.

Nestes días publicábase na prensa que a Galiza é dos territorios —xunto con Canarias— que menos grava o imposto de sucesións. Non é que nós queiramos gravalo linealmente —como aquí se chegou a asegurar nalgún momento—, senón que os patrimonios máis elevados non se vexan beneficiados das mesmas deducións e bonificacións que os máis modestos, como se mantén por parte do Partido Popular para o ano 2017.

Actuar tamén no imposto de patrimonio, permitindo a súa reinstauración real coa aplicación a patrimonios superiores a 300.000 euros excluída a vivenda habitual. Non é botar a man ás carteiras ou aos petos de todas as galegas e de todos os galegos, senón daquelas persoas que no noso país teñen un patrimonio máis elevado. Aplicar tamén maior progresividade nos tramos autonómicos do IRPF, con gravames adicionais para bases impositivas superiores a 60.000 euros, e sobre todo para as que superen os 120.000. Ou crear, entre outras cousas, un imposto que grave —xa se dixo tamén aquí na sesión de tarde— as grandes superficies comerciais, para paliar, dunha banda, a grave incidencia económica e social dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, e, desta maneira, poder fomentar así o comercio de proximidade.

Así as cousas, nin sequera este sería un paquete fiscal completo, dado que para iso teríamos que ter capacidade fiscal. Un réxime de concerto —tan deostado por parte da bancada do Partido Popular— que nos permita actuar normativamente sobre as grandes figuras impositivas —o IRPF, o IVE, ou o imposto de sociedades—, en troca de achantar co que ordene o Montoro de turno. Cando desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos soberanía económica, falamos da capacidade de decisión real sobre os impostos recadados neste país. Reférimonos á xestión directa dos recursos cos que afrontar o investimento en servizos públicos. Non se trata de teimas, senón das cousas de comer.

O que propomos hoxe, así as cousas, son un conxunto de medidas mínimas, dentro da limitada autonomía vixente, que, malia a todo, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo e do Partido Popular moito temo que non se atreve nin sequera a implantar para aumentar a capacidade de gasto. Prefiren vostedes, neste caso, obedecer a Madrid que cumprir coas necesidades e coas demandas das galegas e dos galegos para ter unha vida digna e ver reducidas as desigualdades sociais das que xa se ten falado aquí.

En troca diso, o que atopamos nesta Lei de acompañamento é un elevado número de reformas en leis sectoriais, incluso nalgunhas recentemente aprobadas, para afondar nunha forma de gobernar opaca, sen transparencia nin a mínima participación cos sectores afectados.

Entre outras cuestións —algunhas—, incorpórase un ataque frontal aos dereitos dos empregados públicos e á negociación colectiva, medida denunciada perante os órganos xudiciais por sindicatos da función pública. Nesta Lei de acompañamento mudan vostedes as condicións laborais do cadro de persoal, ninguneando as organizacións sindicais que o representan e as mesas de negociación das que fan parte.

Tamén se mudan aspectos substanciais da Lei da función pública —aprobada no ano 2015, con só un ano e medio de vixencia—, entre eles, unha das partes máis discutíbeis, como é a conversión de prazas de persoal indefinido en funcionarios interinos, o que deixa entrever un paso intermedio para futuras amortizacións e despedimentos. Hoxe mesmo, pola mañá, traballadoras do cadro de persoal de Benestar estiveron concentradas diante da porta deste Parlamento. Se non fora así, é dicir, se non se estivese a procurar esa amortización ou despedimentos futuros, se se trata dunha medida transparente, retírena do proxecto de lei e tramítana previa negociación nas mesas xerais de negociación e de persoal da Xunta de Galicia cos sindicatos representativos.

Tamén amplían nesta Lei de acompañamento as autorizacións de xogos —falábo agora tamén o conselleiro—, alén dos deportivos, a calquera aposta na que haxa un resultado incerto. Imos poder apostar neste país, desde se vai chover mañá ou non, até quen pode ser que gañe unha contenda electoral. Ante a proliferación das máquinas e de establecementos de apostas, semella que o que máis interesa, á vista do que pon a Lei de acompañamento, é recadar, mais sen ter en conta as condutas que se incentivan con esas modificacións.

Están a apoiar as empresas de xogo antes que o interese xeral, que aconsellaría unha restrición deste tipo de actividades, sobre todo en espazos públicos que comparten outros usos. No canto de restringir o xogo a locais específicos, con controis de entrada para prever patoloxías aditivas arredor del, aínda amplían máis o seu radio de acción en locais de hostalería e semellantes, só co argumento da recadación. Hai outras maneiras de recadar sen ter que dar cumprimento aos anxeos do sector do xogo —como xa dixeran con anterioridade—, cunha política fiscal dirixida a gravar as rendas máis altas e os grandes patrimonios.

Introducen reformas substanciais na Lei de montes, entre elas a propia definición do monte, que afecta a toda intervención administrativa na actividade forestal. Unha lei aprobada no ano 2012 que agora volven mudar pola porta de atrás sen unha mínima consulta ao sector, nin sequera ao Consello Forestal como órgano institucional de participación social en materia forestal, especialmente ás comunidades de montes, ás que se lles aplica unha nova moratoria na conversión de convenios de carácter obrigatorio e sen negocialo nin asegurar que dentro deste tempo extra se vaian manter os investimentos nos montes en mancomún xestionados pola Xunta. Preguntámonos se as sucesivas moratorias para devolver o monte ás comunidades non están a facilitar a desvalorización dos mesmos ou unha xestión e venda apresurada da súa madeira a favor da industria forestal en detrimento dos seus propietarios. Non hai razón obxectiva para acometer sucesivas prórrogas en mínimo contraste coas comunidades afectadas.

Entre outras cuestións, tamén introducen algúns dos aspectos máis criticables da masivamente rexeitada lei de acuicultura, como é a posibilidade de ampliación das autorizacións de investigación e das concesións até cincuenta anos. Estas medidas, dentro da máis ampla pretensión —moito nos tememos— de aprobar unha lei de acuicultura que enterre o sector tradicional, extractivo, e que xa foron sucesivamente rexeitadas polo propio sector nas rúas, polo visto, máis alá desa pretensión de aprobar esa lei, moito nos tememos que o único intento que hai é por ir meténdoas a contagotas e sen ningún tipo de diálogo co sector, a pesar —xa digo— das masivas mobilizacións que amosaron o seu rexeitamento nas rúas. Enten-

demos, polo tanto, que esa supresión ou esa retirada do borrador poucos días antes da celebración, precisamente, daquela masiva manifestación non era un compromiso real de apoiar a pesca e a captura extractiva tradicional e o marisqueo, senón que unha vez pasadas as eleccións volta a burra ao millo, volven fomentando, facilitando e consolidando durante máis tempo as instalacións acuícolas industriais de maneira, de novo, arteira e opaca.

Tamén adiantan nesta lei toda unha reforma do réxime de transporte colectivo cando apenas hai un ano, en abril exactamente de 2016, tiveron que aprobar unha lei exprés para cumprir coas sentenzas do Tribunal de Defensa da Competencia, que obrigaban a axustar o réxime de servizos de transporte á normativa comunitaria. Agora persisten en presentar a regulación do sector do transporte de viaxeiros a golpe de norma pechada; unha forma de proceder que xa ocasionou que o primeiro intento do ano 2011 fora invalidado xudicialmente e que a súa nova tentativa, tamén tramitada ás présas e por lectura única en 2016, mais que en todo caso habería un período de vinte e un meses para definir o novo réxime e mapa de transporte colectivo de viaxeiros na Galiza, se vexa de novo alterada por unha especie ou sorte de espasmo lexislativo, unha nova demostración de actuación lexislativa a través de reflexos condicionados. Lembran vostedes bastante aquel can de Pávlov: tócanlles a campaña e aparecen mais en vontade meditada e racional de procurar unha solución estábel a esta problemática e, sobre todo, pensando no servizo público final, pensando en como quedará o modelo de transporte colectivo por estrada na Galiza, en troca de contentar demandas de parte, que como xa se constatou con anterioridade pois son finalmente solucións fracasadas.

Hai apenas un ano tamén, en febreiro de 2016, no *Diario Oficial de Galiza* saía publicada a última Lei do solo de ordenación urbanística; unha nova norma de futuro afirmábase entón. Xa vemos que o futuro para o Partido Popular é máis curto que o pico dunha boina e dura menos dun ano. Agora ben, sérvelles para parcheala e solventar un caso puntual, creado tamén polo propio Partido Popular, como é a anulación do PXOM de Ourense e o baleiro urbanístico instituído desde entón. Insistimos en que é mal negocio, un fracaso anunciado, lexislar a impulsos, ditar normas con solucións intuitivas e non reflexivas, para o que se precisan, sobre todo, amplos contrastes e consultas. Semella que esa Lei de solo estaba máis coxa e defectuosa do que se esmeraba en defender o Goberno naquela altura, pois estando casos como o da anulación da ordenación urbanística de Ourense enriba da mesa non se promoveu o debate onde había que facelo a través dun trámite parlamentario ordinario. Agora pretenden que se valide unha redacción apresurada, sen contar con avais técnicos e de órganos consultivos; poden vostedes disolver a Comisión Superior de Urbanismo, prescindir do que opinen os concellos e a Fegamp nun tema de tanta relevancia para as entidades locais, porque para o caso que lles fan tanto lles ten e case que lles están de máis. Ter maioría absoluta —e diso xa se falou por parte da miña compañeira Noa Presas antes— por parte dun goberno e proceder pensando que iso dá carta branca para que o Executivo regule e desregule ao seu antollo non os converte en infalibles, e á vista está.

Finalmente, unha referencia —espero que non se me esgote o tempo— tamén a esa tentativa de someter os concellos críticos con razóns e argumentos ao seu criterio na xestión dos servizos sociais. O Goberno pretende consolidar un cómputo de débedas que moitos concellos discuten co Consorcio con base en argumentos contrastados e lexítimos. En función dos convenios en vigor, o Consorcio enviou nos últimos anos liquidacións para cofinanciar os servizos,

co que os concellos non están de acordo, mesmo hai concellos que aboaron gastos que non lles correspondían. Ese litixio que manteñen, por cambios de criterio do Consorcio non amparados nos convenios, debería resolverse nas comisións de seguimento, de xeito bilateral entre o Consorcio e os concellos, con base nos criterios —xa digo— do convenio. Como o Consorcio non dá ese paso, tenta impor os seus criterios e até o de agora non foi capaz. Dado que hai servizos económicos dos propios concellos que cuestionan os criterios que se pretenden empregar con esta norma, desde o Goberno o que pretenden é que as cualificacións que calcule o Consorcio sexan dadas como válidas, sen podelas discutir desde os concellos, con criterios lexítimos e mesmo que poidan ser declaradas líquidas; polo tanto, directamente executivas pola Xunta retendo os fondos que deben transferírselles desde os Fondo de Cooperación Local.

O Goberno debe deixar a un lado —entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego— a arrogancia. E hoxe diso vimos bastante dose aquí en sede parlamentaria, blindando as contas que lles presenta o Consorcio aos concellos e pedindo transparencia, contas claras por parte do Consorcio coa maioría de concellos que as reclaman e, sobre todo, diálogo e vontade de chegar a acordos. Iso que tanto pregoan vostedes nesta Cámara para coa oposición, mais que despois ben pouco levan á práctica.

Finalizo volvendo ao comezo: usan vostedes a lei de acompañamento dos orzamentos para sacar adiante medidas que foron mesmo rexeitadas socialmente na pasada lexislatura ou para parchear as leis que vostedes mesmos aprobaron hai apenas un ano ou un ano e medio, e non como nós o entendemos. Debería ser para dotar este instrumento legal das políticas fiscais necesarias para aumentar os ingresos e, con iso, ter fondos para os orzamentos das políticas e servizos públicos que tanto precisa Galiza para superar unha crise que, de facto, foi unha estafa para os traballadores e traballadoras, blindando o dereito de acceso a uns servizos públicos e de calidade e impulsando aquelas medidas —como as que presentou o Bloque Nacionalista Galego— que permitan desenvolver con perspectivas de futuro este país.

Nós non apoiaremos facer da trampa lei nin contarán con nós para lles abrir a porta de atrás e que aproben así medidas lesivas para os intereses deste país. Usen a lei de acompañamento para o que debe ser: un instrumento co que desenvolver unha política fiscal necesaria e útil para Galiza, mesmo dentro da limitada autonomía coa que contamos, e deixen, se teñen a ben, de se serviren desta medida para sacar adiante políticas que xa lles foron, como no caso da lei de acuicultura, fortemente respostadas, non só nesta Cámara senón tamén nas rúas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos.

Señores e señoras deputados.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos unha emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación con expresa petición de devolución, posto que non estamos de acordo nin na forma nin co fondo. Non estamos de acordo na forma —xa apuntaba anteriormente a representante do BNG— porque vén sendo unha práctica habitual nos gobernos presididos polo señor Núñez Feijóo que se presente, xunto co Proxecto de lei de orzamentos, esta lei de acompañamento, tamén chamada lei ómnibus por abarcar unha universalidade de materias sen que exista unha estrutura e conexión entre elas. Mirando os diarios dos últimos anos é unha crítica unánime de todos os grupos da oposición nesta Cámara e tamén é unha petición unánime dos grupos da oposición para que se mude este xeito de tramitar estas leis.

No propio informe que presenta a Asesoría Xurídica Xeral para este proxecto de lei cítase textualmente: *«ciertamente el recurso al uso de disposiciones legislativas como la que nos ocupa, dotadas de una gran heterogeneidad, tramitadas además por el procedimiento de urgencia, puede afectar en cierta manera al ejercicio efectivo del derecho a la participación política de los poderes estatutarios»*.

Trátase —debo recordar— dun proxecto de lei que consta de noventa e dous artigos, seis disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, tres disposicións derogatorias, catro disposicións derradeiras e dous anexos. A través desta lei modifícanse máis de vinte e unha leis, a través dun procedemento que é excepcional e urxente e que está supeditado á aprobación da lei orzamentaria. Non podemos esquecer que a través desta lei de acompañamento se tratan diversos temas como medidas fiscais, función pública, procedemento administrativo, vivenda, economía e industria, agricultura, innovación, mar, servizos sociais, transporte público e ordenación urbanística. E, polo tanto, modifica leis tan importantes como a de augas de Galicia, de emprego público de Galicia, de vivenda, de saúde, de minaría, de pesca, dos servizos sociais, de transporte de Galicia, de portos de Galicia e do solo. Polo tanto, modifícanse —como dixen antes— máis de vinte e unha leis.

Este procedemento impide coñecer en rigor e profundidade cada unha das cuestións incluídas nesta lei. De novo, o informe da Asesoría Xurídica volve ser claro —e cito de novo textualmente—: *«a este respecto hay que señalar que no cabe duda de que sería una técnica más perfecta la de circunscribir el debate político de un proyecto de lei a una materia específica, lo que alentaría una mayor especialización del mismo y, posiblemente, una mejor pureza técnica del resultado»*.

Este tipo de leis evitan o debate ordinario no Parlamento galego, polo que supón un retroceso democrático, unha merma na calidade política e xurídica e limita os labores de impulso e control que se deben defender dende o poder lexislativo, é dicir, dende esta Cámara. Este procedemento permite tamén a ausencia dos informes necesarios por parte das distintas consellerías respecto das modificacións que propoñen e permite a ausencia de informes de impacto económico, só se nos facilita un estudo económico-financeiro.

Impide tamén unha parte moi importante, que é a participación dos sectores afectados, aos que non se lles da voz, e cito novamente o informe da Asesoría Xurídica onde di: *«A excepción aos trámites de audiencia e información pública pode basearse e xustificarse no expediente atendendo a conexión das materias reguladas cos orzamentos, no carácter organizativo das*

materias reguladas ou na concorrencia de razóns graves de interese público que así o xustifiquen, como a necesidade de abordar con urxencia unha determinada regulación».

Polo tanto, os socialistas, non atopamos ningunha razón de peso que xustifique o emprego desta excepcionalidade, evitando a audiencia e a información pública e facendo, polo tanto, un trámite moito máis transparente, tema do que vostedes falan bastante habitualmente.

Aos socialistas tamén nos sorprende que no texto non se someta a ditame do Consello Económico e Social de Galicia. Inexistencia do ditame que xustifica tanto a Asesoría Xurídica como o propio CES baseándose en que para este informe debe ser preceptivo nos anteproxectos de lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia e ter unha vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia. A xustificación tanto da Asesoría Xurídica como do CES é que non se presenta este informe por non concorrer o segundo requisito. Para nós é bastante curioso, posto que os socialistas entendemos que tanto a creación dunha Axencia Galega de Industria Forestal como derrogar o Decreto 104/2008, no que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal, ou a modificación do título IV en medidas provisionais de ordenación urbanística teñen un importante impacto do desenvolvemento económico e desenvolvemento social de Galicia.

Os socialistas cremos que esta é unha técnica lexislativa impropia, contraria a discurso de man tendida, de diálogo, de transparencia e de calidade democrática que manifesta o señor Feijóo nas súas intervencións. É dificilmente entendible que, contando cunha maioría absoluta da que vostedes fan gala cada vez que soben a esta tribuna, non sexan quen de someter todas estas modificacións nas leis a un trámite normal. Non entendemos este escurantismo nin por que aprobar as cousas pola porta de atrás.

Nós cremos que os grupos parlamentarios —os da oposición— estamos aquí para debater e tamén para enriquecer. Nós tamén temos dereito a facer aportacións e algunhas poden ser recollidas polo Goberno. Vostedes non deben empregar a súa maioría absoluta para mermar, e mesmo ningunear, o papel da oposición. A democracia é moito máis que o dereito a voto: é contar tamén coa oposición aínda que se teña maioría absoluta. (*Aplausos.*)

Non estamos de acordo tampouco co fondo, posto que nós presentamos emendas ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en primeiro lugar, do tema da función pública. Nas nosas emendas o que tratamos é de impedir que se modifique de forma substancial a Lei de emprego público de Galicia sen a preceptiva negociación colectiva e o necesario debate do Parlamento de Galicia. Quero entender nas súas anteriores verbas que vostede aludía a que foi un acordo de hai un ano cos sindicatos, pero parécenos estraño —non o podo dubidar, evidentemente, pero parécenos estraño— que sexan os propios sindicatos os que nos teñan solicitado as emendas que presentamos e mesmo teñan recorrido ao Tribunal Superior de Xustiza.

Cremos que a lei de acompañamento dos orzamentos xerais non pode ser empregada para modificar de forma substancial leis que regulan materias de carácter xeral e que non teñan

unha relación estritamente directa co ámbito orzamentario ou financeiro. As leis xerais deben tramitarse polo procedemento ordinario dos proxectos de lei, que garanten o necesario debate ordinario. Estamos ante un uso fraudulento dos procedementos lexislativos.

Tampouco estamos de acordo co incumprimento, durante oito anos, do convenio colectivo para persoal laboral da Administración galega e a negativa reiterada a convocar a mesa de funcións en todas as categorías, tal e como recolle o propio convenio. O que pretenden é eliminar todas as funcións de dito persoal para crear categorías que realicen todo tipo de funcións. Dende o Grupo Socialista descoñecemos a intención real desta medida que, desde o noso punto de vista, o único que pretende é atomizar o servizo e crear persoal en diferentes categorías coas mesmas funcións, creando unha nova categoría profesional denominada persoal de servizos xerais con funcións de todo tipo.

En contraposición, nós, nas nosas emendas, buscamos que se salvagarden sobre todo a participación dos axentes económicos e sociais, reforzar a transferencia e reforzar o papel do Parlamento e tamén priorizar o interese dos sectores estratéxicos galegos.

Na disposición adicional segunda, na dos vehículos autorizados para a prestación de servizo de transporte, a nosa emenda vai no sentido de protexer os taxis rurais fronte ás grandes empresas de transporte de viaxeiros, incentivar o traballo dos taxis no medio rural e establecelo como un elemento fundamental de cohesión territorial en áreas de poboación dispersa e envellecida.

No título IV, sobre medidas de ordenación urbanística —que cremos que é un asunto de vital importancia para todos os concellos galegos— preténdese regular a ordenación urbanística en municipios que teñen o plan declarado nulo por sentenza xudicial firme, por defectos formais e/ou materiais non substantivos do plan. Polo tanto cremos que se lle ten que dar cabida aos axentes que teñen que opinar sobre este tema, neste caso aos concellos galegos e a Fegamp. Volta a utilizar a lei para modificar de forma substancial leis que regulan materias de carácter xeral.

Non entendemos tampouco como, a través dunha disposición adicional, se pretende crear a axencia galega de industria forestal outorgándolle un enfoque claramente economicista e produtivista sen ningún fundamento racional, en termos económicos, para a súa creación.

Non consideramos tampouco axeitado a fragmentación dos centros de investigación básicos —ou illamento, tal e como vostedes o establecen na disposición adicional—, posto que a I+D+i é fundamental para a consecución dunha masa crítica en termos de capital humano.

Os socialistas mantemos que o sector primario é un sector estratéxico para Galicia, polo que exiximos que se priorice e garanta a sostibilidade medioambiental do medio rural fronte a unha explotación exclusivamente economicista, posto que o sector forestal é moito máis que unha produción para nutrir a industria sen ter en conta as consideracións sociais, produtivas, paisaxísticas e ecolóxicas.

Pedimos tamén que se blinden as consideracións medioambientais sobre o papel social e territorial do monte, que se estableza o necesario debate entre as institucións, a industria e o

tecido social. A creación desta axencia faise outra vez dun modo escurantista, rápido, sen coñecer o seu contido nin as súas funcións. ¿Non sería máis serio debater unha lei que estudara todos os aspectos para a creación e desenvolvemento desta axencia? Saber para que, por que, as funcións, as competencias e a colaboración co sector e as consultas a todos os afectados.

Non entendemos, tampouco, que se pretende con derrogar o Decreto 149/2008 polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma. Parece que se trata de abrir a porta ao establecemento de grandes plantas de biomasa que, entendemos, poden ter un efecto negativo sobre o equilibrio medioambiental do país que non compensa os posibles beneficios económicos.

Resúltanos tamén curioso que, a través dunha disposición adicional cuarta, se pretenda modificar unha lei que hai pouco máis de dous anos vostedes aprobaron, a Lei 3/2014 do Consello Consultivo de Galicia, sen saber exactamente cales son as razóns, a necesidade e a súa modificación sen ningún tipo de participación parlamentaria. Suprímese así o corpo de letrados do Consello Consultivo, que pasa a integrarse no corpo de letrados da Administración xeral e pasan a ser de libre designación, e a Secretaría xeral xa non será exercida por un funcionario senón que pasará a ser exercida por un alto cargo.

Polo tanto, por todas estas consideracións, o noso voto vai ser negativo —como non podía ser doutro xeito— porque consideramos que non se respectan as distintas opcións políticas representadas nesta Cámara, redúcese a calidade política, non se opta pola transparencia e impídese o debate parlamentario limitando o labor desta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

A estas alturas os ánimos xa están un pouco máis baixos.

Eu quería falar primeiro de produtividade parlamentaria —que é un termo que o señor presidente do Parlamento, dende que está en funcións, repite moito—. O señor presidente do Parlamento mide a calidade parlamentaria ao peso, fai unhas contas: o número de iniciativas, dividido entre o orzamento do Parlamento e di que nos sae moi ben. Comparativamente, entón, di que é o Parlamento máis produtivo, (*Murmurios.*) é o máis produtivo do Estado. Ben, ese é o concepto que hai deste Parlamento.

Nese caso, e con ese enfoque, o que estamos facendo hoxe é moi produtivo. Moi produtivo porque se está dando o debate de vinte textos lexislativos e tres decretos e eu teño vinte minutos: é un minuto por cada texto lexislativo e aínda nos quedan os decretos. É unha produtividade máxima. Pero podemos ser máis produtivos e votar directamente,

tamén. Iso é así. Iso é un pouco a concepción democrática e parlamentaria do partido da Gürtel.

O partido da Gürtel, que tamén vía e lía na prensa unhas declaracións da señora Prado —que supoño que se encargará deste debate—, quen dicía: «*No es la mejor técnica legislativa, pero es legal*». Ben, señora Prado, dígollo por pasiva: é legal. Pero, ¿por que non se utiliza a mellor técnica lexislativa, señora Prado? Tamén dicía a señora Prado que se falou con todos os colectivos afectados, moi ben. Para a señora Prado, ¿cales son os colectivos afectados polas modificacións urbanísticas propostas? ¿Os promotores inmobiliarios?, ¿os alcaldes?, ¿os concelleiros de urbanismo? Home, para nós, é toda a sociedade, por iso reclamamos na Lei do solo un debate aberto á sociedade. ¿Cales son os colectivos afectados, señor conselleiro, señora Prado, pola modificación urbanística?, ¿cales son os colectivos afectados polas modificacións transcendentales que hai da Lei de montes? ¿Son as Ence, as grandes empresas?, ¿ou son as empresas, pero tamén os gandeiros, os agricultores, os que viven no rural, os que viven do turismo, os que queren integrar o turismo, a economía produtiva, o agro e o monte nun sistema de calidade? Nós cremos que esta segunda parte. Vostedes xa sabemos cales son os colectivos afectados aos que se dirixen. Díganme cales son os colectivos afectados pola modificación da Lei de montes.

Podemos falar tamén dos colectivos afectados polas modificacións, unha vez máis urxentes, do sistema do transporte público. ¿Cales son eses colectivos afectados das modificacións do sistema de transporte público, señores do partido da Gürtel? ¿cales son? (*Murmurios.*) Para vostedes, evidentemente, —polo que temos coñecido na operación Cóndor— están ben definidos. ¿Quen son os colectivos afectados?, ¿as empresas beneficiadas polas súas modificacións normativas durante todos estes anos?, ¿eses son os colectivos aplicados? Para nós, non. Son un bo exemplo as modificacións que propoñen do transporte público desta técnica para ocultar á sociedade en xeral unhas modificacións que non queren que se vexan, que non queren que se debatan e que responden a intereses particulares ou intereses partidistas dos fracasos do Partido Popular.

Descorchen unha de Vega Sicilia —quen as teña— e escoiten atentos porque non todo o mundo pode ter a interlocución necesaria para que lle fagan as normas. (*Murmurios.*) Non sei se estou sendo aguerrido ou impertinente, pero rogaría silencio.

Non todo o mundo pode ter esa interlocución necesaria que teñen algúns —para iso é necesaria unha atención sistemática nas datas sinaladas e que lles cheguen, puntualmente, esas botellas de Vega Sicilia de máis de seiscentos euros (*Murmurios.*) que lle chegaban aos señores do Partido Popular que tiñan capacidade decisoria en cuestións de transporte e que tiveron as súas consecuencias—. Non todo o mundo pode falar co presidente do Consello Consultivo para plantexarlle ao señor Rueda a modificación da Lei de medidas urxentes de transporte público. Sempre son urxentes. Cando falamos de transporte, sempre se fan urxentes. Fíxose hai catro meses unha lei e agora xa a están modificando pola porta de atrás.

O señor Costa Pillado... *in fraganti*. Costa Pillado, que aquí, nunha comisión, dixo que el non sabía nada de botellas de Vega Sicilia e ao día seguinte declaraba como imputado por «cohecho impropio». Unha cousa é ser Costa Pillado e outra é o que custa pillar aos aforados, ¡claro!

(*Murmurios.*) É a única razón pola que non están imputados o señor Rueda e o señor Feijóo: porque están aforados, porque persoas en idénticas circunstancias si que están imputados.

O artigo 422 do Código penal, de cohecho impropio, estaba vixente cando, durante eses anos, o señor Feijóo e o señor Rueda recibían, puntualmente, agasallos de empresas que despois foron beneficiadas polas modificacións normativas: a Lei 5/2009 de medidas urxentes do transporte público; a Resolución do 26 de febreiro do 2010 do Plan para modernizar o transporte público; a Lei 10/2016, de hai catro meses, de medidas urxentes de transporte público e agora, na lei de acompañamento, para evitar o cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, pois lle facemos unha lei a medida dos que lle regalaban botellas de viño.

Di o artigo 422 do Código Penal, establece como delito: «*La autoridad o funcionario público que, en provecho propio o de un tercero, admitiera, por sí o por persona interpuesta, dádiva o regalo que le fueren ofrecidos en consideración a su cargo o función, incurrirá en la pena de prisión de seis meses a un año y suspensión de empleo y cargo público de uno a tres años.*» O señor Feijóo, o señor Rueda e o señor ponente da Lei de transportes —compañeiro de Juan Fajardo, que eu creo que non recibiu nin unha botella—, (*Murmurios.*) ¿recibía isto por ser amigo do señor Raúl López ou polo cargo que ostentaba? Eu creo que a isto cómpre unha explicación. E isto non se trata de falar de xuízos, estamos falando de política. ¿Vostedes non cren que os cidadáns merecen unha explicación sobre que estas persoas estiveran recibindo este tipo de agasallos mentres tomaban decisións que favorecían as leis. Eu creo que si, que merece unha explicación; unha explicación democrática, polo menos. É dicir, modifícase agora sen tempo para debater, sen tempo para informar a toda a cidadanía que vai ser afectada por estas modificacións de transporte, para eludir o cumprimento desa sentenza. Incluso con estas modificacións pódense xa modernizar e cambiar os servizos, aínda que non estean licitados novamente.

Do mesmo xeito, tamén hai que ter unha interlocución necesaria cando falamos de urbanismo, porque, se cheiran mal estas modificacións do transporte público, se cheira a Vega Sicilia, a do urbanismo tamén cheira a algo parecido.

É dicir, aprobamos a principios do ano 2016 unha lei definida pola señora Beatriz Mato como histórica. Falaba ela, e falábase na propia memoria dos orzamentos, que os seus obxectivos eran completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo. E o mellor xeito de fomentar a participación da cidadanía no mesmo é facelo na Lei de acompañamento, modificando vinte leis a un tempo e cun tempo de intervencións de vinte minutos. ¿Esa é a mellor forma de participación cidadá que se lle ocorre á señora Beatriz Mato? A señora que votou a favor da privatización dos terreos da Autoridade Portuaria da Coruña, por certo.

Dicía vostede tamén: Temos o firme compromiso de buscar o máximo consenso na tramitación desta lei, posto que é unha lei que precisa de estabilidade para a súa boa xestión de futuro.

¡Xa se ve a estabilidade! Mire, señor conselleiro, eu sei que nestas cousas, como hai que falar de vinte leis, non podemos saber de todo. Quería preguntarlle de onde saca vostede que só

se poderán aprobar partes ou adaptar partes. Eu non o vexo en ningunha parte da lei. O que di esta lei no artigo 89 é: Non será necesaria a adaptación dos instrumentos de ordenación provisional a Lei 2/2016 do solo de Galicia, sendo de aplicación, en todo caso, de acordo co disposto nas súas disposicións transitorias segundo a data da aprobación definitiva do instrumento de ordenación anulado e a lexislación a que este estivese adaptado, circunstancia que se indicará expresamente na ordenación provisional.

¿Sabe o que significa isto? Significa que hai dez meses se aproba unha lei do solo histórica, que ía dar estabilidade. Xa se fixo á semana unha modificación de facto da lei disque para o PXOM de Vigo, ¡a unha semana! E agora faise a segunda modificación de facto, dez meses despois, e aínda rizando o rizo para non cumprir ou para non adaptarse á Lei do solo aprobada hai dez meses. ¡Isto xa é rizar o rizo! É dicir, agora o que se fai é para que nin sequera os instrumentos anulados teñan que adaptarse a Lei 2/2016. Xa me explicará onde está dito que só se poderán adaptar partes.

E é que vostedes, unha vez máis, actúan no urbanismo a golpe de sentenza e a golpe de facer traxes a medida. Neste caso o detonante foi a anulación da ordenación urbanística provisional de Ourense para facerlle un traxe á medida do señor Jesús Vázquez. Un plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente cando o señor Feijóo era conselleiro da COTOP; unha ordenación urbanística provisional aprobada cando o señor Feijóo era presidente da Xunta de Galicia; un alcalde de Ourense incapaz de levar adiante un plan xeral de ordenación municipal, e entón o que facemos é: ante unha sentenza que anula a ordenación urbanística provisional, facer unha lei para eludir o cumprimento da sentenza. E claro, como isto ten tanta seguridade xurídica —como dixo o señor conselleiro—, deixamos que quen aprobe definitivamente isto e que, polo tanto, cumpra co risco das reclamacións patrimoniais que poida haber, sexan os concellos. ¡Aí vos queda ese morto!

Iso é o que fan vostedes co urbanismo: opacidade, falta de transparencia, improvisación, traxes a medida. Todo o contrario do que vostedes predicán. Pero isto é así, un feito: dúas modificacións transcendentais en dez meses.

Ou a Lei de montes. ¿Onde está o debate necesario neste país para ter un novo modelo forestal que cree valor, que cree emprego, co enorme potencial que nós temos? Pois vostedes aquí fan modificacións da Lei de montes, e non menores, e no sentido equivocado; no sentido de seguir con este modelo empobrecedor para o país.

Somos unha potencia, a pesar de todo, porque non hai ninguén en Europa que teña as condicións de produción de biomasa de Galicia, pero producimos especies de baixo valor e que crean pouco emprego. Iso é o que di calquera experto, sexa de esquerdas, de dereitas ou de centro. E vostedes, en vez de mellorar a calidade das especies na superficie xa plantada e evitar reducir aínda máis a superficie agraria útil, tan necesaria neste país para equilibrar esa balanza alimentaria, xa que temos que destinar case 1.000 millóns de euros a comprar alimentos fóra que non producimos aquí, ¡un auténtico disparate en función do interese público!, vostedes nesta lei permiten ampliar as superficies forestadas, permiten que se aplique a Lei de montes e os aproveitamentos forestais no solo urbanizable non delimitado, por exemplo. Máis superficie, máis especies, ¡incluso sen cumprir co modelo silvícola aprobado!

Os poucos instrumentos de planificación vostedes agora incúmprenos, porque falan dun modelo orientativo de boas prácticas. ¡Ese non é o camiño! Ese non é o camiño para crear riqueza e emprego no sector forestal deste país.

Vostedes crean unha axencia galega de infraestrutura forestal, tampouco é unha cuestión menor para meter nunha lei, e derrogan o que xa se dixo aquí: o Real decreto 149/2008, que elimina o límite dos dez megavatios. ¿Para vostedes o modelo e ir á produción da enerxía eléctrica con base na biomasa de grandes centrais? ¿Ese é o modelo? Ese é o modelo nefasto para o país, nefasto para crear emprego e valor, e ademais inviable ecoloxicamente. Pero vostedes méteno nunha lei de acompañamento, non dan o debate polo proceso ordinario, para que se vexan polo menos as diferentes posicións, para que a xente estea informada.

Están modificando cuestións transcendentais do noso modelo de ordenación territorial. Modifican a Lei de mellora de estrutura agraria, tamén, recentemente aprobada. E meten algo que parece que non ten moita importancia, que é o artigo 60, e permiten que en núcleos onde non cheguen aos 100 habitantes non se teñan que respectar as distancias fixadas na normativa básica estatal sanitaria da industria porcina. ¿Sabe cantos núcleos de poboación non chegan aos 100 habitantes, señor conselleiro? 27.000 neste país. Neses 27.000 núcleos non se van ter porque respectar as distancias cando se trate de ubicar unha industria porcina intensiva. Ademais, ¿vostedes cren que se poñen por vicio estas distancias sanitarias? Eu creo que non. ¿Vostede cre que isto é bon para integrar no rural a actividade produtiva, económica, coa actividade turística e coa calidade de vida necesaria nestes tempos no rural? ¡Nós cremos que non!

Non teño moito máis tempo. É evidente que era o que se buscaba. Non temos tempo tampouco para falar de cuestións tan importantes como a Lei de emprego público. Por algo tamén estarían aquí manifestándose os traballadores e traballadoras do Cnsorcio de Servizos Sociais. Xa que tanto falaron cos colectivos, con ese debeulles esquecer. Nós apostamos por que calquera modificación deste tipo sexa con base e despois dunha negociación cos representantes dos traballadores.

Xa por último, impostos cero no rural, señor conselleiro, política fiscal. Xa ve en canto se traduce isto do imposto cero no rural, que tanto lle dá para tanto discurso: ¡en 2,3 millóns de euros! Esa é a súa grande aposta este ano na Lei de medidas fiscais. Evidentemente, ningunha aposta pola progresividade e pola maior xustiza na fiscalidade.

En definitiva, esta lei é unha fraude democrática: cuestións que non teñen nada que ver cos orzamentos; cuestións que son beneficiosas para determinados intereses, como o caso de determinadas empresas de transporte público que se ven beneficiadas, cando todos sabemos que obxectivos tiñan nos seus envíos de agasallos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Modificacións lexislativas produto dos fracasos continuados do Partido Popular en urbanismo. Leis que non se queren ensinar, como a modificación da Lei de montes, porque só benefician a unhas poucas empresas, e iso é unha fraude democrática

para nós. Non imos entrar no Consello de Estado nin no Consello Consultivo nin no Consello Económico e Social. É unha fraude democrática. Estas leis urbanísticas: Lei de montes, Lei de emprego público, a modificación do transporte, tiñan que ser debatidas aquí nun debate ordinario, que houbera tempo para debater, para expoñer posicións e para que a xente se enteirase.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

En canto á produtividade, é un concepto que convén aclarar porque tamén lle beneficia a vostede. Eu falo de Parlamento máis eficiente, porque falo de que somos o que máis producimos ao menor custo. Pero non estou calculando o custo dunha iniciativa, estou falando do custo dun deputado, e iso beneficianos e benefíciáo a vostede, ese concepto aclarado.

E feliz cumpreanos, que hoxe está vostede de cumpreanos. Aproveito para dicirlló.

Señora Prado, o seu turno.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade é que somos moitos os xuristas que formamos parte desta Cámara, e non nos fixo falta estudar un temario de oposición a xuíz para coñecer e respectar os principios xerais do Dereito, tanto en procedementos dun xulgado de instrución dun pobo pequeno como dun procedemento que está baixo segredo de sumario no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Eu recoméndolle, señor Sánchez, que lea unha entrevista do señor Villares que dicía que non había privilexios para os aforados no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non sei se mudaron de opinión, pero eu comparto a opinión do señor Villares.

Polo que vexo, vostedes do único procedemento do que non nos falan é do que implica a situación xurídico-existencial ou procesual do investigado do señor Martiño Noriega, porque claro, está baixo segredo de sumario. Pero igual que outros procedementos que están baixo segredo de sumario merecen unha explicación, igual iso tamén merece unha explicación, señor Sánchez.

Vostedes xulgan o xa xulgado, xulgan o arquivado, xulgan o que está *sub iudice*, pero cando toca xulgar os da casa, ou é prevaricación loable, festas de cumpreanos aparte —non falo do seu, falo doutros— ou está baixo segredo de sumario.

Mire, señor Sánchez, para descorchar botellas de Vega Sicilia temos que ir a Madrid xunto a señora Yolanda Díaz, que —como vostede sabe— recibiu algunhas cando era tenente de alcalde do Concello de Ferrol. Mire, eu, a verdade, supoño que iso merece unha explicación, e, dende logo, nin nós cremos que a señora Yolanda Díaz, tenente de alcalde do Concello de

Ferrol daquel día, nin calquera alto cargo que reciba unhas botellas de viño, vai mudar unha lei ou unha concesión por moi caras que sexan esas botellas de viño.

A verdade é que, dende o ano 2005, o terceiro luns de xaneiro está considerado por algúns como o peor día do ano, o denominado *Blue Monday*, aínda que algúns consideramos que a a xornada máis triste do ano non existe como tal, a verdade é que, despois de pasar todos os debates que levamos hoxe, a verdade, eu empezo a pensar que realmente é posible. Non sei se —como din eses estudos pseudocientíficos— isto é froito de que algúns xa incumpriron os propostos de aninovo: non se apuntaron no ximnasio, non se inscribiron nas clases de inglés e non deixaron de fumar, e agora veñen aquí a mostrar a súa frustración e a pintar co seu discurso unha Galicia triste, gris e cun goberno que non mira por ela. Pero desafogarse está ben, señorías, porque poñemos as cousas en común, facemos un pouco de terapia de grupo, poñemos enriba da mesa puntos de vista diferentes e, ao mellor, cambiamos de opinión: vostedes sobre ese mundo tan negro que ven, e nós igual sobre ese mundo tan fantástico que vostedes din que vemos, cando non é así.

Somos conscientes de que aínda queda moito por mudar. Somos conscientes de que aínda hai moita xente que o está pasando mal. E precisamente por iso creo que esta lei é importante. É importante porque muda moitas cuestións importantes para os galegos e as galegas, moitas cuestións que lles van resolver moitos problemas. E nós estamos aquí para resolver os problemas da xente; polo menos, os membros do Partido Popular así o pensamos.

Señora Rodríguez, vostede foi moi crítica, igual que a señora Rodil, con este instrumento legal. Eu dixen e sigo dicindo que, probablemente, non é o mellor instrumento de técnica lexislativa, pero dicir —como dixeron vostedes— que non é legal ou que é antidemocrático, que furtamos o debate... Eu creo que o debate o estamos dando hoxe, e daremos moitos máis debates, porque aínda quedan os debates da ponencia e queda a comisión. Non se preocupen que imos debater todo o que vostedes precisen debater, porque creo que é bo para todos e enriquecedor.

O Tribunal Constitucional tamén se ten manifestado sobre as leis de acompañamento, e di que poden entrar a regular calquera materia, que ningún óbice existe, dende o punto de vista constitucional, que impida ou limite a incorporación a un só texto lexislativo, para a súa tramitación conxunta nun só procedemento, de multitude de medidas normativas de carácter heteroxéneo. Hai varias sentenzas neste sentido, pero insisto, aínda que non sexa a mellor técnica lexislativa, vostedes tamén sexan francos e digan que é legal e que é constitucional.

Pero, en calquera caso, o que resulta sorprendente é que haxa outras comunidades autónomas que o están a utilizar, nas que gobernan vostedes, e resulta que vostedes alí as aproban e ademais as defenden. A lei de Cantabria modifica 15 leis cos votos a favor do Partido Socialista e Podemos. En Aragón modifica 31 normas co voto favorable de PSOE, Podemos, Izquierda Unida e a Chunta Aragonesista. A Generalitat modifica 23 leis; PSOE, Podemos e Compromís votaron a favor. E a que leva a palma é a Lei de medidas da Comunidade Valenciana, que modifica 32 leis, un decreto e unha orde; dende a Lei de animais de compañía ata a de transparencia, señora Rodríguez, porque como vostede viu aquí a dicir moitas das que modificaba esta lei de medidas, eu recoméndolle que mire todas estas leis, porque bueno,

xa lle digo, dende a Lei de animais de compañía ata a Lei de transparencia, pasando pola de ordenación do territorio, deporte, augas, xogo, televisión... moitísimas. Pois igual ten que falar co conseller de Valencia e que lle diga que a lei era necesaria para facer fronte a necesidades perentorias. A verdade é que, igual que é necesaria para facer fronte a necesidades perentorias en Valencia, en Galicia tamén temos necesidades perentorias.

Señora Pontón, eu entendo que ao mellor a vostede lle gustaba estar no debate, pero xa tivo o seu momento de gloria esta mañá e agora tócalle á señora Rodil.

Despois de escoitalos a vostedes, calquera diría que a lei entrou no Parlamento con nocturnidade e pola porta de atrás, e que furtamos un debate que hoxe democrática e legalmente se está a producir. As cuestións que se inclúen na lei son debatidas coa mesma luz e taquígrafos que a Lei de orzamentos que debatemos tamén esta mañá con luz e taquígrafos.

E mire, señora Rodil, dende que a lei entrou no Parlamento o pasado 3 de decembro, é dicir, hai un mes e medio, todos os grupos parlamentarios tivemos tempo de analizala, de estudala, de emendala, e neste mes e medio supoño que igual que nós, vostedes, recibiron a colectivos, a sindicatos e a entidades que lles mostraron as súas necesidades, as súas inxerencias, e agora poden, podemos e facémolo, coller algunhas das súas suxestións en forma de emenda.

O contido desta lei, maioritariamente, vén derivado da esencia do orzamento, é unha lei complementaria da Lei de orzamentos, empezando pola baixada de impostos no rural, que terá como beneficiarios directos —como lle dixo o conselleiro— as familias numerosas, as persoas con discapacidade, os mozos e mozas, e de xeito indirecto todos os galegos e galegas. Porque sen rural, señorías, non hai Galicia.

E igualmente se modifican outras... A vostede faille moita graza, señora Pontón. Eu entendo que a vostedes igual non lles parece importante que se rebaixen os impostos no rural, nas transaccións de actos xurídicos documentados, na compra de vivenda, no movemento de terras e demais, pero faise para fixar poboación, faise para darlle un impulso ao rural e para moitas outras cuestións que, pouco a pouco, lles iremos dicindo por se vostedes non se deron conta.

Dicía o BNG, na súa emenda a totalidade, que se fai unha modificación e se introduce o establecemento de cofinanciamento dos servizos prestados polo consorcio galego dun xeito unilateral. Non, señora Rodil, non é de xeito unilateral, está pactado coa Fegamp. Claro, eu entendo que algúns fan ¡Pfff...!, e non sei por que fan ¡Pfff...!, pero a verdade é que a min a Fegamp me inspira seriedade e confianza, e iso que está gobernada por vostedes. Se estivera gobernada polo PP, dirían que é un pasteleo entre o PP do Goberno da Xunta e o goberno da Fegamp, pero, certamente, é que está gobernada e presidida por vostedes. Polo tanto, sen escurantismo e sen ser pola porta de atrás.

Tamén esta lei aproba cuestións que permiten cumprir compromisos de Goberno que afectan a miles de persoas, como é o proceso de funcionarización do persoal laboral, que favorecerá a estabilidade laboral e profesional do persoal, tanto do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais como do Consorcio de Igualdade e Benestar, e resulta sorpren-

dente escoitalos a vostedes cando se asinaron estes acordos... Por certo, señora Rodil, tamén na Mesa xeral de empregados públicos estaba a CIG, Comisións Obreiras, UXT e CESIF, e non houbo opacidade. Non é certo que nos acordos non participaran as organizacións sindicais, vostedes saben que iso non é así. Daquela tacháronnos de electoralistas e vacíos de contido. ¿E agora que propoñen? Propoñen un proceso diferente que retrase a adopción destes acordos e, polo tanto, retrasaría que miles de laborais teñan estabilidade no seu posto de traballo e mellores expectativas no eido do desenvolvemento profesional.

Falan nas súas emendas á totalidade... Non me podo referir absolutamente a todo porque o tempo é limitado, xa teremos tempo no debate da lei e da ponencia. Pero farei mención a algunhas cuestións específicas.

En contra do manifestado polas Mareas de Podemos... Xa sei que non lle gusta, pero, señora Santos, mire, que eu diga Mareas de Podemos, vostede tiña que estar contenta, porque así podemos estar no debate. A verdade, resulta sorprendente que teña sete deputados e que nin un só deputado de Podemos participara hoxe en nin un só dos debates de orzamentos nin da Lei de medidas. Un dos debates máis importantes que hai neste Parlamento, xunto co debate do estado da Autonomía e Podemos non está no debate. Entón, agradeza que nós digamos as Mareas de Podemos, porque os incluimos a vostedes no debate. *(Aplausos.)*

Dicía que tanto vostedes como o BNG din que non hai política fiscal. Pois direilles que si, que efectivamente hai, que o programa de incentivos fiscais de orzamento abrangue non soamente as medidas fiscais deste ano, que non se derrogan as do ano 2016 e que, ademais, se manteñen, e están perfectamente detalladas e cuantificadas na Memoria I de orzamentos xerais, no apartado 2.1.3, orzamento de beneficios fiscais para o ano 2016.

A Xunta de Galicia incrementará o próximo ano un 7 % os beneficios fiscais, e os beneficios fiscais non son só o que ingresa a Xunta, senón que tamén son os que a Xunta deixa de percibir para que revertan nos cidadáns. En 2017 a Xunta aplicará rebaixas fiscais por un importe de 391 millóns de euros; 391 millóns de euros que quedarán nos galegos e nas galegas e que non irán á Xunta de Galicia. Polo tanto, entendo que son beneficios fiscais de carácter social que se repartirán entre as familias de galegos e galegas.

Outras cuestións das que se teñen falado aquí en materia de pesca, sobre as modificacións da lei de acuicultura, direille, señoría, que o 80 % das axudas a acuicultura van destinadas ao sector mexilloeiro, ás bateas. Non, non imos vender as praias aos chinos, ¡tranquilos que non imos vender as praias aos chinos! Iso xa o dixeron vostedes nas zonas de costa, xa quedaron como quedaron, xa a xente votou o que tiña que votar, e votou aos representantes que quería ter e non a aqueles que lles dicían barbaridades dese tipo. *(Aplausos.)*

En calquera caso, sobre as cuestións das concesións experimentais en materia de acuicultura, que se amplían de tres a cinco anos, vostedes saben que a meirande parte destas concesións están en mans de confrarías e entidades asociativas do sector. Trátase de dar suficiente prazo temporal para o desenvolvemento da experiencia e de dotar as mesmas dun prazo que permita cumprir coas experiencias de outorgamento de axudas europeas, que exixen un mínimo de cinco anos de desenvolvemento da actividade.

Despois falan vostedes de incrementar impostos, iso é o seu. ¡Vale!, as Mareas de Podemos tamén propoñen incrementar os tipos do IRPF ás rendas máis altas. ¿E que incrementos propoñen? ¿E a que rendas? Non queden na neolinguaxe, señor Sánchez, iso xa o inventou George Orwell en 1984. Vostedes e as súas solucións simplistas, que non teñen conceptos claros nin concretos. Vostedes son máis de repensar, casta, gobernar para a maioría, democratizar a economía, os de abaixo, os poderosos, as rendas máis altas, a xente do común... ¡si, non...!, prevaricación loable, todas esas cousas, pero todo isto está enmarcado no proceso. ¿E cal é o proceso? Pois non significa nada. ¿Que significa o proceso? Non significa nada, porque como vale para todo, pode significar calquera cousa, mesmo manter a centralidade no proceso e no espazo. Iso si, que colla todo en 140 caracteres, ¡é fundamental!

Entón miren, a súa proposta en materia fiscal, conxunto vacío. Significado vacío, significante vacío. Nin din a quen se aplicaría esa subida nin expoñen como levala a cabo. ¿Por que? Porque así non molestan a ninguén, din o que soa ben: os poderosos, os ricos, os de arriba, a xente do común. E despois, esa modificación da tarifa do IRPF que tamén propón o Bloque Nacionalista Galego, que fala de progresividade en diferentes escalas de gravame, tería un impacto diferente en cada territorio. E ¡ollo!, porque ao mellor provocaría o efecto contrario do que vostedes pretenden vender, porque podería afectar ás rendas de traballo, e estamos falando de que un 85 % das bases impositivas corresponden ás rendas de traballo. A verdade é que é unha gran manifestación de riqueza.

Non me dá máis tempo a falar desas cuestións. Vou pechar cunha cuestión que me parece importante, e é que vostedes critican esta lei pero non presentan un modelo alternativo serio e rigoroso. Vostedes fan propostas con solucións simplistas que non van a ningures.

Lía estes días as críticas que facía algunha deputada da oposición, concretamente a señora Rodríguez, que dicía que estaban aquí para aportar e enriquecer as normas e non simplemente para aportar. Pois ben, se analizamos as súas emendas, as emendas da oposición en xeral, atopámonos con algo sorprendente. Despois do que ten acontecido nos anos de crise, vostedes non aprenderon nada dos erros que nos levaron a ela e seguen coa teima de prever ingresos irrealistas. Lémbrolles que os galegos e galegas aínda estamos pagando os 2.000 millóns de euros que vostedes pintaron no último orzamento da Xunta de Galicia que vostedes gobernaron. Eu a verdade é que agardo que atinen máis nas súas próximas intervencións, porque vostedes teñen unha caixa máxica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...da que sacan cartos sen ningún tipo de rigor, definición, previsión realista nin xustificación, da que saen 18 millóns de euros que recadarían do imposto de centros comerciais que non explican como vai ser, ou 4 tamén das Mareas de Podemos. O BNG é un pouco máis optimista, pretende recadar 30 millóns de euros, pero bueno, tamén porque coñece mellor ao sector, xa que o número máis elevado de centros comerciais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...abriron en Galicia baixo o Goberno do BNG e da Consellería de Industria.

Pois nin caixas máxicas nin conxuntos vacíos. O Partido Popular leva demostrando estes anos de goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que fai as cousas con prudencia, con rigorosidade e pegadas a realidade; que non gastamos máis do que ingresamos, cumprimos o déficit e pagamos a débeda. E seguiremos nesta senda porque así o recoñeceron os galegos e as galegas o 25 de setembro, señora Pontón. Porque a Galicia foille ben e queremos que lle vaia mellor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rolda de réplica. Grupos emendantes. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Imos por partes, a ver se son quen de respostar algunhas das cuestións que foron saíndo e quizais puntualizar outras.

A respecto da legalidade deste modelo lexislativo, desa Lei ómnibus como a que se falou, ¡claro, legal será e é, e ninguén o pon en dúbida, señora Prado! Xa na súa intervención o propio conselleiro abriu a intervención dicindo precisamente que contaban este tipo de modalidades lexislativas cos avais da Xustiza, quizais un pouco para curarse en saúde, sabendo que ía ser esta a principal crítica que lanzásemos desde a bancada da oposición.

Legal será, pero é que aquí hai que valorar non única e exclusivamente a legalidade das cousas que se fan, senón a pertinencia de que se fagan, e, sobre todo, as formas que se usan para levalas a cabo. E comprenderá que reformar 21 leis nun único instrumento lexislativo, e que o debate que teñamos —como xa se dixo aquí— ao respecto, no que ten que ver co debate de totalidade, sexan quince minutos nunha primeira intervención, que case —polo menos pola miña banda— afogamos para intentar sintetizar os puntos que entendiamos máis importantes, e cinco minutos de réplica que, como ven, xa case van esgotados, non nos parece a mellor forma de dar un debate serio, un debate sosegado e, sobre todo, cando se están a falar de cuestións de tanta magnitude, que van reverter, ao fin e ao cabo, nas vidas diarias de todas as persoas que vivimos e traballamos neste país.

¿Cal é a alternativa clara que defendemos desde o Bloque Nacionalista Galego? Sería darlle unha tramitación ordinaria a esas modificacións legais, ou, cando menos, que aquelas cuestións que tivesen a ben incorporarse a esta lei de acompañamento estivesen sustentadas nunha verdadeira urxencia, non como nalgúns dos casos dos que falaba ao comezo, na miña primeira intervención, pois o que se percibe da súa tramitación por esta vía —que máis que rápida diríamos expres— é darlles saída ou solución, a través de parches, a conflitos que se foron xerando —xa vemos— apenas un ano ou ano e medio despois de que se aprobaran determinadas leis.

En relación co da baixada de impostos, ou os impostos cero no rural, do que se saca tanto peito e que se presenta case como a única fórmula para garantirmos a permanencia da poboación que vive en núcleos de poboación rural, iso estaría ben se as actividades económicas ás que se dedica a poboación do rural garantisen a viabilidade dunha vida con calidade e con dignidade neses espazos. Porque, claro, cando non te chega para fin de mes o que dá unha explotación de leite, o que dá unha explotación de carne ou unha explotación de carne de coello —e falo de casos particulares porque meu pai é cunicultor—, pois é difícil que a decisión de permanecer neses espazos rurais vaia ser formulada diante dunha declaración da renda. O mesmo que cando se plantexa moitas veces que a taxa de natalidade vai aumentar por iso, por unha reflexión que fagamos no momento de facer a declaración da renda.

En troco, o que nos atopamos é que cada vez os servizos van a menos, e esa é unha realidade. Decía vostede que tivemos tempo —en todo este tempo— de acudir ás localidades, ás comarcas, e testar cal era a impresión que tiña tamén a veciñanza respecto de moitas cousas. Pois póñolle un caso xa, para abrir boca de futuros debates en relación cos servizos de pediatria no rural e na montaña de Lugo. Quizais garantirmos ter servizos de calidade, como é a atención sanitaria á infancia no noso rural, garantan máis a pervivencia, a permanencia e a fixación de poboación neses espazos que que se baixen os impostos ou non se pague por determinadas cuestións.

En relación, por exemplo, cos impostos de grandes superficies, que vemos que proe e renxe tanto e non acabamos de saber demasiado ben por que, é certo que o Bloque Nacionalista Galego ten moito que dicir sobre iso porque goberna —dende hai ben anos, ademais— na única cidade deste país que non ten unha área comercial de gran superficie, e iso posibilitou e permitiu que se desenvolvese un modelo de comercio local ben viable, acompañado, ademais, dun modelo urbano moitas veces recoñecido e premiado xa internacionalmente.

Simplemente aproveitar estes 40 segundos que quedan deste amplísimo e sosegado —non nos cabe a menor dúbida— debate da Lei de acompañamento en relación coas mesas de negociación nas reformas que se aplican na función pública. Nas mesas de negociación, primeiro, hai que ter vontade de escoitar e e poder chegar a acordos, e para iso hai que levar e achegar información ás organizacións sindicais. Non vale de nada pretender chegar a acordos chegando alí sen ningún tipo de información previa, como xa verá naquelas mesas de negociación; ou organizacións sindicais que se levantaron antes de que estas remataran, e outras incluso que mesmo presentaron demandas xudiciais porque o que se está facendo entenden que non cumpre coa legalidade.

Nós reiteramos o que dixemos ao comezo. non nos parece a forma. Será todo o legal que queiran, usar estes modelos lexislativos exprés e Lei ómnibus, pero entendemos que non procede, que non é transparente, e o que reflicte é moita opacidade e, sobre todo, moita gana de tomar a decisión pero, sobre todo, esconder a patiaña para que non se vexa demasiado ben que é o que se vai facer nesta lei de acompañamento.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que eu son novata nesta Cámara e levo pouco tempo, pero é que cada vez que se lles pregunta por algún tema, por algunha cuestión, que nós entendemos que é importante —ou pode ser menos importante, pero entendemos que practicamente todo o que se leva aquí é importante—, vostedes contéstannos co que se fai noutras administracións.

Mire, eu veño aquí debater sobre o que lle corresponde a Galicia e sobre os documentos e o proxecto de lei que se nos presenta para o debate parlamentario, o galego, non o de fóra. Non me interesa, cada vez que preguntamos, sempre a mesma explicación. Entón, non me parece que sexa o máis correcto. (*Aplausos.*)

De todas formas, como tamén o Bipartito é algo bastante recorrido por vós, voulles dicir unha cousa. Cando gobernaba Emilio Pérez Touriño, un presidente socialista que tamén é recorrido nesta Cámara continuamente, continuamente, non había Lei acompañamento, polo tanto, si que temos outra forma de tramitar as leis e outra forma de gobernar distinta á de vostedes. (*Aplausos.*)

Vostede, señora Paula, dinos que aprobar estas leis é fundamental para atender necesidades perentorias. A verdade é que quedo un pouco —permítame a licenza— flipada, porque, volviendo recordar o texto, non vexo nada que poida ser para atender esas necesidades perentorias; necesidades perentorias son outras que vostedes non están atendendo, pero ningunha destas ten tanta urxencia como para que non se poida tramitar cun trámite normal.

A primeira lei de transparencia —tamén lle molesta que eu fale da transparencia— foi aprobada tamén —insisto— cun goberno socialista, con Emilio Pérez Touriño; a Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas. Por certo, derogada pola de vostedes Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, que nalgunhas cousas é un pouco máis opaca do que era a anterior, que é bastante curioso. O que lle pedimos os socialistas é que, se aplica as leis que aproban nesta Cámara, se teñen unha lei de transparencia, aplíquena, e apliquen a transparencia para todo iso. Recórdannos, cada vez que saen aquí —agora non está o señor Tellado, pero seguro que algún dos outros—, que teñen maioría absoluta. Mire, nada mais entrar por aí, xa o vemos, non fai falta que nolo recorden. Pero nós tamén representamos a alguén nesta Cámara, e o que pedimos é respecto e que se nos teña en conta, e para iso está o debate parlamentario, única e exclusivamente. (*Aplausos.*)

Insisto tamén en que non entendo cando di vostede que as modificacións en función pública son cambios solicitados polos propios traballadores para arreglar —ao mellor non estou sendo textual— determinados desequilibrios, cando son os propios sindicatos os que nos solicitan que presentemos estas emendas; cando recorren eles mesmos ao Tribunal Superior de Xustiza pola falta de negociación de medidas que afectan aos empregados públicos, que é bastante triste que non haxa nin sequera negociación. Amparándose outra vez na súa maioría absoluta, hoxe vana aprobar igual, pero polo menos escóitenos, traballen con eles, polo menos denos oportunidade de aportar algo.

E tampouco me cadra cando vemos aos traballadores da Consellería de Política Social que hoxe se estaban manifestando diante do Parlamento. Polo tanto, non me cadran exactamente as súas verbas.

Insístolle, nós o que pedimos é que sexan máis claros; que nos dean a oportunidade; que respecten esta Cámara, a diversidade, a pluralidade que temos; que nos dean voz e que nos dean voto. E cremos que este xeito de tramitar é un retroceso democrático, merma a calidade política e xurídica e limita os labores de impulso e calidade. Polo tanto, o que lle pedimos é iso, que o tramitan en leis que sexan exclusivas para cada un destes temas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes de novo.

Señora Prado, hoxe non é un día triste, precisamente hoxe non, porque hoxe acaban de renunciar á denuncia a Diego Lores, un activista social de Vigo que, afortunadamente, non terá que correr o risco de entrar en cadea por defender as maiorías sociais. E coincidindo con iso, outra boa noticia, que detiveron aos ex directivos das caixas de aforros galegas. Polo tanto, está moi lonxe de ser un día triste. Eses ex directivos cos que antes se sacaban fotos. Todo o mundo escapa. (*Aplausos.*)

Falaba a señora Prado dos aforados e dos privilexios. Eu non dixen nada, non me pronunciei sobre iso, non me pronunciei. Eu só dixen que, se non estivesen aforados, o señor Rueda estaría imputado, porque as outras persoas en idénticas circunstancias tiveron que declarar como imputados. Iso é o que estou dicindo, non falei de privilexios nin de non privilexios. E o que eu pregunto aquí é se hai relación entre recibir puntualmente en 2009 e 2014 botellas de Vega Sicilia e as decisións normativas que sobre transporte público se tomaron e beneficiaron a determinada empresa, incluso incumprindo o regulamento europeo e agora querendo incumprir fraudulentamente a sentenza do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións, proporcionándolles ás empresas incluso poder modificar os servizos sen licitar de novo estes servizos. Iso é o que preguntaba. Vostede, evidentemente, non tiña argumentos, pois veu aquí dar patadas nas canillas.

Se me saca a Martiño Noriega, Martiño Noriega era coñecido, e foi moi coñecido, por devolver agasallos. Incluso aínda que non foran «de la hostia», tamén os devolvía, esa é a dife-
renza. (*Aplausos.*) E a nós pódennos chamar as Mareas de Podemos ou o que queiran, que lles pasen o argumentario. ¿Como quere que lles chame eu?, ¿o partido da Gürtel, da Púnica, da Pokémon, da Pikachu?, ¿como quere? Teño para escoller, señora Prado. Vostedes son o partido da [...] (*Por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión.*) ¿Como quere que lles chamen?

O señor PRESIDENTE: Esa expresión non, señor Sánchez, esa expresión retírase.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É o partido da [...] *(Por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, eu non o consinto porque eu pertenzo a ese partido e non estou de acordo con iso. Entón, ou retira vostede esa expresión, ou retíroa eu.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moi ben...

O señor PRESIDENTE: Retíroa eu e ten unha chamada á orde, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É o partido que tivo, durante vinte e cinco anos, contables que tiñan o despacho ao lado do secretario xeral, que levaban a contabilidade en B, que cobraban de empresas ás que logo adxudicaban obras, etc., e tiña 49 millóns de euros en Suíza. Son o partido da Púnica, son o partido da Gürtel, etc. Non son o partido da [...] *(Por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión.)* —retiro o dito—, son incompatibles coa corrupción, señores do Partido Popular.

E claro, impostos cero no rural. Coa desfeita que as súas políticas levan causado no rural, agora temos que aplaudirles porque levan unha medida que, en principio, o impacto son 2,3 millóns de euros. ¡Home!, iso, evidentemente, non compensa a desfeita do sector lácteo, a perda de explotacións agrarias; non compensa o envellecemento, non compensa o abandono e non compensa nin sequera —xa falando de impostos— a subida que o partido da Gürtel lle leva aplicado ao rural galego, por exemplo, o imposto de bens inmobles, cuxa recadación —¡tranquilos!, ¡pero tranquilos!, teñen 41 deputados, tranquilos, ¡non pasa nada!— simplemente o catastrazo que vostedes están perpetrando xa é ata dez veces superior a eses 2,3 millóns. Iso si, propaganda fan moita.

Se a fiscalidade, señora Prado,... Claro, poñemos unha táboa de modificación do IRPF, ¿que máis quere? Non, non vimos falar, poñemos unha táboa. Pódelle gustar ou non, pero nós poñemos unha táboa. Evidentemente, a súa política fiscal non é o que vostede falaba do carácter social. Claro, os beneficios fiscais todos teñen carácter social, señora Prado. Todos teñen carácter social os beneficios fiscais. Eu creo que non, eu creo que unha política fiscal de carácter social é aquela que cobra a quen máis ten e utiliza iso para poder facer políticas de redistribución. O beneficio fiscal por si só non ten carácter social, señora Prado.

En definitiva, señor conselleiro, vostedes utilizan a Lei de acompañamento fraudulentamente. É unha fraude democrática ter que debater aquí modificacións transcendentales que afectan a cuestións de ordenación do territorio como son a Lei de mellora de estruturas agrarias, a Lei de montes, urbanismo, ordenación urbanística, a Lei de emprego público, etc., e facelo de costas a xente, sen facelo por procedemento ordinario, sen tempo para debater, para que vostedes fagan traxes a medida que nos van enfangar máis no transporte porque están incumprindo outra vez o regulamento europeo; enfágnanos máis no urbanismo, pero están abrazando os danos particulares do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nada máis, moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Pecha o debate o señor conselleiro de Facenda.

(O señor conselleiro de Facenda pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Ah!, ¿non quere? Renuncia ao tema. Perfecto. Se renuncia, perfecto.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

O señor PRESIDENTE: Pasamos ás votacións sen máis.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2495), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2532), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea (doc. núm. 2533), ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.


O señor PRESIDENTE: E remata aquí a sesión porque se esgotaron os puntos da orde do día.

Boa noite a todos.

Remata a sesión ás sete e trinta minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Sánchez García, Antón	(EM)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Solla Fernández, Eva	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Toja Suárez, María Dolores	(S)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
30. Martínez García, Valeriano	(P)	68. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
31. Mato Otero, Beatriz	(P)	69. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
32. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	70. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25